



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 27 de xuño de 2025



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 27 DE XUÑO DE 2025

* Declaración institucional con motivo do Día Internacional do Orgullo LGBT.

* Declaración institucional sobre delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte de Santiago.

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 5/2025 de 30 de maio.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 26 de maio ao 22 de xuño de 2025.
3. Proposta da Presidencia ao Pleno do 27 de xuño de 2025 sobre a modificación da hora establecida para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do sétimo mes do ano 2025

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega de Ciencias para cofinanciar o curso: Velando pola nosa relación co mar, os mares dannos vida.
5. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para cofinanciar os cursos na sede de Galicia no ano 2025.
6. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello da Coruña para cofinanciar a Prórroga do Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2025, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM) e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Deporte

7. Aprobar a concesión dunha subvención nominativa ao Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño para afrontar a organización da fase de ascenso á Superliga Masculina do Voleibol Estatal



Comisión de sectores produtivos: Mar e Medio Rural

8. Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Mesia para financiar o proxecto "Aula da Natureza- Museo Etnográfico das Brañas de Valga" ano 2025.

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

9. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña-CASCO para cofinanciar o Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2025 e do correspondente convenio de colaboracion.

10. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación cultural Castelo Conta para cofinanciar o proxecto "Un monte para sempre".

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

11. Aprobación da terceira proposta de continuidade da prestación do contrato del Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial da Coruña de conformidade cos pregos que rexen o contrato inicial.

12. Aprobación do texto e da formalización do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cee polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "melloras no complexo deportivo Estadio Municipal de San Paio de Refoxos, en Cee".

13. Aprobación do texto e da formalización do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carnota polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a redacción do proxecto para o saneamento integral en Lariño.

14. Aprobación do texto e da formalización do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de acondicionamento espazo público en Lanza e Praza contorna da igrexa de Santiago de Boado, no concello de Mesía.

15. Aprobación do texto e da formalización do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cerceda polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "substitución do pavimento de céspede artificial do campo de fútbol de Cerceda".

16. Aprobación do texto e da formalización do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar



o proxecto "XVII Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia". Ribeira 2025.

17. Aprobación da composición da Mesa de Contratación Permanente aprobada por Resolución da Presidencia 29683 de data 17 de xuño de 2025 para os supostos nos que o órgano de contratación sexa o Pleno.

18. Dación de conta ao Pleno da Corporación Provincial da remisión dos resultados da actividade de control interno económico - financeiro do exercicio 2024 á oficina independente de regulación e supervisión da contratación pública (OIReScon)

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

19. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Beirarrúas e carril bici na Avenida da Constitución entre Rúa Salvador e Avenida Compostela" do Concello de Boiro, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 co código 2023.2000.0120.0

20. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Quintáns e reparación camiño de acceso", do Concello de Muxía, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0533.0.

21. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación de edificación para local sociocultural na praza da Igrexa número 3", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 co código 2024.2000.0230.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

22. Aprobación do segundo proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba e Bar de Abaixo e Rúa dos Asidros", do Concello de Santiago de Compostela, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 co código 2023.2000.0230.0

23. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación camiño en Carabanchel (Barazón) e outros", do Concello de Santiso, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 co código 2023.2102.0544.0

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

24. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a



provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a maio de 2025.

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

25. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de Santiago de Compostela, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para levar a cabo as obras do proxecto construtivo de "Acondicionamento do Trazado de Ferrocarril en desuso Santiago de Compostela-Cerceda para uso como VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE / TRAMO 2.2. (T.M. DE SANTIAGO DE COMPOSTELA).

26. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Síndrome de Down "Teima" de Ferrol para o financiamento do proxecto "Sostibilidade do servizo de formación sociolaboral e emprego de Teima Down Ferrol", no marco do Plan de Emprego Local, PEL.

27. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo para o financiamento do proxecto "Foro de Liderado Feminino no Rural, Alza Voz de Muller", no marco do Plan de Emprego Local, PEL, na anualidade 2025.

28. Aprobación da proposta de acordo de adhesión á Asociación de Agencias Españolas de Gestión de la Energía_ EnerAgen.

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

29. Aprobación do proxecto da obra "Proxecto actualizado de construción Ponte sobre o río Mandeo na estrada DP 8001 Cruces a Penablanca, punto quilométrico 3+100 (SOBRADO DOS MONXES)" incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2025

30. Aprobación definitiva do proxecto da obra Senda peonil na estrada DP 1004 Lanzá a Boimorto, dende o punto quilométrico 9+690 ao 10+560 (BOIMORTO), incluída no Plan de Sendas Peonis 2024

31. Aprobación do proxecto Modificado 1 DP 3108 Acceso a Almeiras. Mellora da seguridade vial e renovación de pavimentos; Rúa San Xiao (Culleredo)

FÓRA DA ORDE DO DÍA

32. Desestimación das alegacións presentadas polo Concello de Touro ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)



POS+ 2025, cumprimento das condicións ás que quedou sometida a aprobación do Plan e aprobación definitiva do POS+2025.

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

1. Moción do Grupo Popular sobre a impulsión da remodelación das instalacións deportivas de Caranza.
2. Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG relativa á posta en valor das propostas en materia de vivenda e esixir a súa implementación en Galicia.
3. Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa á reclamación da finalización das obras de construción da autovía da Costa da Morte.
4. Moción do PP en repulsa da corrupción que afecta ao Presidente do Goberno, Pedro Sánchez.

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 27 de xuño de 2025.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 27 de xuño de 2025, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado De La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María Del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad De Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María Del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Actúa como secretario: don Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:04 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sr. Presidente

Empezamos co primeiro punto da orde do día.

Sr. Secretario

Temos dúas declaracións institucionais.

A primeira é a declaración institucional do Día Internacional do Orgullo LGTBI, Liberdade de Ser e Sentir.

“Declaración institucional con motivo do Día Internacional do Orgullo LGBT

Desde a Deputación da Coruña queremos unirmos á conmemoración do Día Internacional do Orgullo LGTBI, unha xornada para reivindicar a diversidade, a igualdade e os dereitos de todas as persoas, independentemente da súa orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

Alzamos a nosa voz dende todos os recunchos da provincia da Coruña para celebrar e pelexar a DIVERSIDADE. Desde as aldeas aos barrios das nosas vilas, a realidade das persoas lesbianas, gais, bisexuais, trans, intersexuais e doutras identidades disidentes está presente, viva, e esixe ser recoñecida e respectada.

A loita do colectivo LGTBI non é só unha loita polo recoñecemento legal, senón tamén unha loita por vivir con dignidade, sen medo, sen violencia e sen discriminación. É unha loita pola liberdade de ser, estar e existir.

Lembramos con orgullo a memoria das e dos que abriron camiño, e tamén denunciaremos as múltiples formas de violencia, exclusión e invisibilización que aínda persisten. Este día é tamén unha homenaxe ás persoas que nos precederon e que, desde a valentía e a resistencia, abriron camiño para que hoxe sigamos avanzando cara a unha sociedade máis xusta e inclusiva.

Porque ante o auxe dos discursos do odio LGTBIfóbicos debemos traballar para que as nosas aldeas, barrios e parroquias sexan un referente onde se garantan espazos seguros, libres e igualitarios para todas as persoas.

Desde as institucións públicas temos a responsabilidade de garantir os dereitos de todas as persoas e de traballar para eliminar as discriminacións que aínda persisten. A diversidade é unha riqueza que debemos protexer e celebrar, non un motivo de exclusión.

Comprometémonos, como Deputación da Coruña, a seguir promovendo políticas públicas que aseguren espazos seguros e libres de lgbtifobia, que aposten pola educación en valores de igualdade e respecto, e que dean visibilidade á pluralidade das vivencias e realidades LGTBI.

Sabemos que queda camiño por percorrer, e que a igualdade legal non sempre garante a igualdade real. Por iso, hoxe reafirmamos o noso compromiso coa liberdade, coa diversidade e coa xustiza social.



O día de hoxe, e ao longo de todo o ano, reivindicamos:

- O dereito a vivir con dignidade e liberdade, en calquera aldea, parroquia, barrio ou concello da provincia.
- Servizos públicos que recoñezan e atendan a diversidade afectivo-sexual e de xénero.
- Un ensino galego inclusivo e con educación afectivo-sexual real e respectuosa.
- A aposta decidida das institucións coruñesas, desde os concellos ata a Deputación, pola igualdade efectiva e pola loita contra os discursos de odio.
- A visibilidade do colectivo LGBTI na cultura, nos medios, no deporte, no rural e en todos os espazos sociais.

Reivindiquemos un Día do Orgullo que sexa conmemorativo, pero tamén memoria e resistencia. Non é só bandeiras nas rúas unha vez ao ano, senón compromiso diario coa diversidade e coa igualdade real.

Desde a Deputación da Coruña queremos construír unha sociedade onde todas as identidades e orientacións sexuais teñan cabida, recoñecemento e protección. Unha terra onde ninguén teña que marchar para vivir libremente. Unha Galicia orgullosa de ser diversa.

Por unha Galicia diversa, respectuosa e libre. Sen medo, sen armarios, sen odio.

Porque todos os corpos, todas as identidades e todas as formas de amar merecen ser celebradas. Porque non hai democracia plena sen igualdade real.

Hoxe, máis ca nunca, con orgullo. Con memoria. Con compromiso reivindiquemos a LIBERDADE DE SER E SENTIR!"

Segunda declaración institucional, sobre a delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte de Santiago.

“Declaración institucional sobre delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte de Santiago

A recuperación e posta en valor do Camiño de Santiago é un dos grandes éxitos colectivos da sociedade galega contemporánea. Dende as institucións ata a colaboración de persoas anónimas, o esforzo de investigadores, historiadores, etnógrafos, ecoloxistas ou arqueólogos permitiu recuperar un dos grandes eixos vertebradores da cultura galega e da identidade europea. Este esforzo colectivo levou ao recoñecemento do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade no ano 1993, e a unha ampliación no 2015 incluíndo catro rutas do Norte (as rutas Costeira, Lebaniega, Primitiva e a Interior Vasco-Riojana).

Por desgraza, o traballo da administración galega non ten avanzado co mesmo dinamismo que a sociedade civil. A Xunta aposta máis pola propaganda do Xacobeo que polo coidado do Camiño. Repítense as esaxeracións (sempre estamos ante un Xacobeo récord), prométense investimentos culturais que non se cumpren e logo, no día a día,



quere imputárselles aos concellos o mantemento, por exemplo, das sendas peonís do Camiño.

A partir dun traballo de investigación publicado no Anuario Brigantino 2017 que xira arredor do tramo Vilalba-Betanzos do Camiño Norte orixinal (tamén chamado Camiño Real), o denominado Grupo de Amigos do Camiño Norte (tramo Vilalba- Betanzos) emprendeu os labores de recuperación desta ruta.

Para iso, enviou toda a documentación pertinente ao Cabido da Catedral de Santiago e este respondeu positivamente en carta asinada por don Segundo L. Pérez López, Delegado de Peregrinacións, o 15 de xullo de 2021, sinalando que "conforme á documentación presentada e ao correspondente estudo histórico, non cabe dúbida que este traxecto formaba parte do antigo Camiño Norte a Santiago de Compostela. Por iso, aos peregrinos que recorran este tramo e que cumpran as condicións acostumadas e establecidas pola Oficina de Acolida ao Peregrino concederáselles a Compostela como testemuña da súa peregrinación ao Sepulcro do Apóstolo Santiago".

O 9 de outubro de 2021, os oito alcaldes e alcaldesas dese tramo (Vilalba, Xermade, Guitiriz, Monfero, Aranga, Irixoa, Paderne e Betanzos) reuníronse en Betanzos e asinaron unha Declaración favorable a promover as medidas necesarias para sinalizar e manter en bo estado o Camiño, solicitando das entidades públicas, especialmente da Xunta de Galicia, o seu apoio e colaboración a fin de que culmine este proceso co recoñecemento oficial e coa conseguinte integración na rede de Camiños Xacobeos.

A partir dese momento, o "Grupo de Amigos do Camiño Norte (tramo Vilalba-Betanzos)" deu unha marxe de tempo para recibir achegas e solicitoulle á Fundación L. Monteagudo a redacción dunha Memoria do Camiño Norte de Peregrinación a Santiago de Compostela no tramo Vilalba-Betanzos, acompañada das memorias específicas para cada concello, que incorporan, como é de rigor información textual, fotográfica e planimétrica detallada.

Como era lóxico, seguiuuse na redacción destas memorias a metodoloxía empregada no DECRETO 158/2014, do 27 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa. DOG Núm. 245 Martes, 23 de decembro de 2014. Porque o obxectivo desta iniciativa é complementar o devandito Decreto cun tramo de camiño plenamente documentado, que conflúe en Betanzos co Camiño Inglés, cuxa delimitación foi aprobada polo Decreto 110/2014, de 4 de setembro, DOG nº 178 de 18 de setembro de 2014.

Para a Deputación da Coruña a defensa do patrimonio cultural, como elemento de valor en si propio, e como factor de dinamización económica é un factor esencial de progreso para a nosa provincia.

Por iso, apoiamos con esta declaración institucional a solicitude á Xunta de Galicia de estudar a delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte de Santiago en función da Memoria Xustificativa e que incoe, no seu caso, o procedemento necesario para a adopción do Decreto correspondente. Ademais, solicitámoslle á Xunta a presentación dun plan de investimentos para acondicionar todas as sendas do Camiño nos termos municipais dos concellos da provincia, liberando así ás facendas municipais



dunha carga que non poden asumir.”

Sr. Presidente

Moi ben, comezamos co primeiro punto.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 5/2025 de 30 de maio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 5/2025, de 30 de maio.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 26 de maio ao 22 de xuño de 2025.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia do 26 de maio ao 22 de xuño de 2025.

3.- Proposta da Presidencia ao Pleno do 27 de xuño de 2025 sobre a modificación da hora establecida para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do sétimo mes do ano 2025

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de



organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Resultando que, por acordo plenario, adoptado na sesión ordinaria celebrada con data 30 de maio de 2025, ao punto 3 da súa orde do día, aprobouse a celebración da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao mes de xullo o día 24 de xullo de 2025 ás 12.00h.

Resultando a necesidade de adecuar o horario da sesión ás nove horas conforme a actividade dos membros da Deputación Provincial.

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 27 de xullo de 2023,

PROPÓN, AO PLENO, a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao sétimo mes de 2025 celebrarase o día 24 de xullo, xoves, a partir das nove horas".

4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega de Ciencias para cofinanciar o curso: Velando pola nosa relación co mar, os mares dannos vida.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de **20.000,00 €, á Real Academia Galega de Ciencias, para cofinanciar o *Curso: Velando pola nosa relación co mar, os mares dannos vida*, cun orzamento subvencionado de 25.000,00 €, de acordo co texto que se achega.**

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura,



levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de xuño de 2025.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias para financiar o Curso: *Velando pola nosa relación co mar, os mares dannos vida*

Na Coruña, a

REUNIDOS

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación da Real Academia Galega de Ciencias.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Real Academia Galega de Ciencias é unha corporación científica de dereito público, tal como ven definido no artigo 1 dos seus estatutos, creada por RD 1218/1977 do 23 de abril.

Esta circunstancia refórzase tamén polas disposicións do Decreto 392/2003, do 23 de outubro da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia que *“en atención á importante labor que no fomento da cultura e da investigación realizan as Academias”* regula as competencias da Comunidade Autónoma en materia de Academias de Galicia.

No dito decreto *“se procede á definición destes institutos xurídicos como corporacións de dereito público que teñen como finalidade primordial o fomento, a investigación e o desenvolvemento das ciencias, das artes, das letras e da cultura, en xeral. Esta natureza pública venlles dada como órganos que son asesores da Administración nos termos establecidos en cada caso pola normativa vixente.”*

2.- De conformidade co capítulo 2 dos Estatutos, son finalidades da Real Academia Galega de Ciencias, entre outros:

- Fomentar a investigación, o estudo e a divulgación das Ciencias e das súas aplicacións e a incorporación do coñecemento científico á sociedade como coadyuvante do desenvolvemento socio-económico,
- Elaborar informes, estudos ou dictames sobre as materias científicas que lle son



propias.

- Fomentar as relacións con outras institucións en áreas de interese común.

- Achegar á sociedade en xeral, a través dos distintos medios de comunicación, información e opinión documentada e contrastada sobre cuestións de índole científica que sexan de conveniente difusión.

3.- De conformidade cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, é competencia propia das deputacións o fomento dos intereses peculiares da provincia e a organización de actividades que teñan por obxecto o fomento en materia de educación e cultura.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Real Academia Galega de Ciencias**, con CIF: Q1568010A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Curso: Velando pola nosa relación co mar, os mares dannos vida*, co seguinte programa:

1) Fitemos á mar: Presente e futuro da observación oceánica (A Coruña)

1.1) Teledetección e dróns nas Ciencias Mariñas: innovación para o estudo do Cambio Climático. Gabriel Navarro Almendros (Investigador Científico no ICMAN-CSIC, Cádiz).

1.2) O Mediterráneo e a emerxencia climática: 25 anos observando o impacto dos eventos de mortalidade masiva asociados ás olas de calor mariñas.

Joaquim Garrabou Vancells (Profesor de Investigación no ICM-CSIC, Barcelona).

1.3) Observatorio Costeiro: un exemplo de observación continua do medio mariño galego. Silvia Torres López (Coordinadora da Unidade de Tecnoloxías Mariñas do CETMAR).

2) Tomemos a temperatura á mar: Cambio Climático (A Coruña)

2.1) Espertando ao xigante: A Antártida e o abismo oceánico.

Alberto Naveira Garabato (Investigador e Catedrático no NOC- Southampton, UK).

2.2) Cambio climático e océano: a ameaza global a escala rexional.

Emma Huertas Cabilla (líder da rede CSIC-OCEAN+ e Investigadora Científica no ICMAN-CSIC, Cádiz).

2.3) As augas superficiais: Un portal ao océano profundo e a atmósfera.

Raquel Somavilla Cabrillo (Científica Titular no IEO-CSIC, Santander).

3) Arranxémonos no mar: retos no uso sostible do espazo mariño (Ferrol)

3.1) O potencial das enerxías renovables mariñas na Península Ibérica.

Laura Castro Santos (Profesora Titular na Universidade da Coruña).



3.2) Retos tecnolóxicos e impactos ambientais da eólica flotante.

Pablo Ouro (Profesor Titular na Universidade de Manchester).

3.3) A eólica mariña e a súa difícil coexistencia coa pesca galega.

Torcuato Teixeira Valoria. (Asesor Xurídico da Federación Nacional de Confrarías de Pescadores e da Organización de Produtores Pesqueiros).

4) Cultivemos a mar: As rías como sustento alimentario (Santiago)

4.1) O mexilón, a infravalorada dieta miragrosa.

Xabier Irigoien Larrazabal (Director OSSARI-NEOM, Arabia Saudí)

4.2) Desafíos do marisqueo ante o cambio global.

Elsa Vázquez Otero (Catedrática na Universidade de Vigo).

4.3) A economía azul como motor do desenvolvemento sostible e equitativo.

Carlos Sebastián Villasante Larramendi (ERC Investigador Oportunus na Universidade de Santiago de Compostela)

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega de Ciencias desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Conferencias: 250 € x 12	3.000,00
Coordinación: 450 € x 2	900,00
Transmisión telemática: 1.000 € x 4	4.000,00
Organización:	4.000,00
Deseños e imprenta:	3.700,00
Difusión:	4.000,00
Desprazamento e estadía de relatores e coordinadores: 600 x 9	5.400,00

Total gastos: 25.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e



perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega de Ciencias obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega de Ciencias.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Real Academia Galega de Ciencias, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega de Ciencias deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega de Ciencias.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega de Ciencias unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Real Academia Galega de Ciencias, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa



indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2025**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega de Ciencias deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Real Academia Galega de Ciencias para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega de Ciencias da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.



4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega de Ciencias na documentación aportada.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega de Ciencias deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega de Ciencias destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega de Ciencias deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega de Ciencias poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega de Ciencias queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega de Ciencias serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega de Ciencias será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2025.



Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega de Ciencias, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para cofinanciar os cursos na sede de Galicia no ano 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de 40.000 €, á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para cofinanciar os Cursos na sede de Galicia no ano 2025, cun orzamento subvencionado de 69.500,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de xuño de 2025.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a *Universidad Internacional Menéndez Pelayo* polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar os *Cursos na sede de Galicia no ano 2025*.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don Carlos Andradas Heranz, en nome e representación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (entidade con NIF Q2818022B e domicilio social en rúa Isaac Peral, 23, 28040 Madrid) na súa calidade de Reitor Magnífico, que actúa facultado polo seu nomeamento realizado por Real Decreto 872/2021 de 5 de outubro (BOE de 6 de outubro) e facendo uso das atribucións que ten conferidas no artigo 12 do Estatuto da Universidade, aprobado por Real Decreto 331/2002, do 5 de abril (BOE do 12 de abril).

EXPOÑEN

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación subscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña vén colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o



Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial da Coruña 2025/2027, aprobado en sesión plenaria ordinaria celebrada o día 27 de setembro de 2024, inclúe unha subvención nominativa para o financiamento dos Cursos de verán da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, por importe de 40.000 €.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as partes, a Deputación provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de cooperación de acordo con as seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases do outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a favor da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (NIF: Q2818022B), fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento parcial dos *Cursos na sede de Galicia no ano 2025*, de acordo co seguinte programa previsto, que poderá modificarse por causas xustificadas:

Actualización en asma bronquial

Luis Domínguez Juncal. Neumólogo
A Coruña, 23-24 maio de 2025

O viño como cultura: patrimonio, turismo e xénero

Cristina Alcalá. Socióloga, Xestora cultural e enóloga
A Coruña, 28-29 maio 2025

Biodiversidade: plantas comestibles

Damián Romay. Biólogo. Especialista en Evaluación Ambiental
A Coruña, 4-5 xuño 2025

Divulgación da ciencia

Moisés Canle. Catedrático química UDC
A Coruña, 30 xuño a 2 de xullo 2025

Os arquivos: máis alá da investigación académica

Carmen Prieto. Directora do Arquivo do Reino de Galicia
A Coruña, 25-26 setembro 2025

Curso especializado para a avaliación e intervención en violencia de xénero

Gualberto Buela Casal. Catedrático de psicoloxía
Ribeira (A Coruña), 9 a 11 de xullo 2025

Santa María- Música en tempos de Alfonso X El Sabio

Carles Magraner. Músico
A Coruña, 26 a 30 de agosto de 2025



Xornadas de historia: a memoria da ditadura

Guillermo Pérez Agulla. Historiador

Santiago de Compostela, 12-13 setembro 2025

Memoria mergullada: arqueoloxía, patrimonio e turismo baixo o mar

Carlota Pérez Reverte. Historiadora e arqueóloga subacuática

A Coruña, 17 a 19 setembro 2025

O trauma e o EMDR

María Jesús Bello. Psicóloga e terapeuta

A Coruña, setembro 2025

Paleontoloxía

Damián Romay. Biólogo. Especialista en Avaliación Ambiental

A Coruña, outubro 2025

Pazo Meirás-Emilia Pardo Bazán

Manuel Pérez Lorenzo. Historiador e escritor

A Coruña, outubro 2025

Historia das matemáticas

Alfonso Gordaliza. Presidente comité español de matemáticas

A Coruña (Pazo de Mariñán) outubro 2025.

Cine e literatura

Maria Donapetry. Filóloga

A Coruña, novembro 2025

Ciclo de conferencias sobre autores contemporáneos

A Coruña, xullo-décembro 2025

Aberto ao público

Ciclo de cine Cormorán: conferencias sobre cine

Lugar e datas pendentes de determinar.

II.- Orzamento da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

As actividades realizaranse de acordo con o seguinte orzamento:

Gastos directos

Honorarios relatores	33.100,00
Viaxes relatores	7.200,00
Aloxamento e manutención relatores	7.500,00
Medios técnicos	5.400,00
Aluguer de espazos	3.100,00
Publicidade e difusión	3.800,00
Reprografía e material	2.100,00
<i>Total gastos directos</i>	<i>62.200,00</i>



Gastos indirectos

Limpeza e desinfección locais	1.600,00
Gastos de persoal	5.700,00

Total gastos indirectos 7.300,00

Total gastos 69.500,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como defínese na cláusula primeira, cunha achega máxima de **40.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 57,55396 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non conseguise o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 57,55396 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, si a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42111, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidad Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17



de novembro, xeneral de subvencións.

2.- Si o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar polo menos tres presupostos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento deste deber da Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), cando se trate de actividades xa rematadas, a Deputación poderá establecer medidas alternativas, sempre que estas permitan dar a difusión da financiamento pública recibida co mesmo alcance das inicialmente acordadas.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Universidad Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente de maneira telemática (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Os gastos referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025.

* **Certificación** da aprobación da relación de gastos e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.



* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta de IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigacións asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para que o presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidad Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

VIII.- Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social.

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento dos deberes tributarios coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento dos deberes tributarios coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.



2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderase realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impor, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobranzas e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas os demais deberes formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2.- Simultaneamente, de acordo con o previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obrigação de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que



resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeneral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista neste precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, a concesión da subvención á Universidad Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín oficial da provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas desde o 1 de xaneiro de 2025.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeneral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de



subvencións de Galicia, suplementariamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da esta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---.

E en proba de conformidade asinan por cuaduplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello da Coruña para cofinanciar a Prórroga do Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2025, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM) e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión da subvención nominativa, por importe de 120.926,27 €, ao Concello da Coruña para cofinanciar a Prórroga do Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2025, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM), cun orzamento subvencionado de 517.421,18 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia



de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

Acordo de prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o *Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2025*, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación de A Coruña (PRAM).

Na Coruña,

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación do Concello da Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación Provincial da Coruña é competente para a colaboración prevista no convenio de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Conforme as leis citadas, a Deputación Provincial da Coruña é competente para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, no art. 62º establece que “Os concellos poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente”, e no art. 63º que “As deputacións provinciais, de conformidade co establecido na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais...”. Estes servizos sociais comunitarios regúlanse nos art. 9º e seguintes da devandita lei.



Que o Concello de Coruña no ámbito das súas competencias, ten unha rede municipal de acollida que conta con dous equipamentos de titularidade municipal:

* unha Casa de acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, regulada baixo a Orden do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que no seu conxunto configuran a rede galega de acollemento, como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e as e os menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero,

* dous pisos de inclusión e transición a vida Autónoma (PITVA).

A Casa de Acollida e/ou pisos de inclusión e transición a vida autónoma forman parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, segundo o Título III, artigo 48 da Lei 11/2007, onde se recolle a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero no que fai referencia a Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero; o art. 48.1 establece que “Os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero”.

Con este obxecto asinouse un convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña o día 13 de setembro de 2024, formalizándose en documento administrativo 62/2024.

A cláusula XIV do dito convenio establece no seu apartado 1 unha vixencia ata o 31 de maio de 2025 e no apartado 2 que *poderá ser prorrogado anualmente **ata un máximo de 4 anos**, por acordo expreso entre as partes, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio, logo da solicitude previa do Concello da Coruña realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia.*

Con data do 30 de outubro de 2024 o Concello da Coruña solicita a prórroga do convenio para o ano 2025.

Dado o interese coincidente da Deputación Provincial da Coruña e do Concello da Coruña ambas as dúas partes acordan formalizar a presente prórroga do convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeiro.-

1.1.- Prorrogar o convenio de colaboración asinado o 13 de setembro de 2024, por un ano, e con efectos desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro do mesmo ano, nos termos e co alcance que figura no seu clausulado.



1.2.- Unha vez rematado o ano, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima antes do 31 de marzo de 2026.

1.3.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2025, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de maio de 2026, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente

Segundo.- A achega da deputación da Coruña prevista na prórroga do convenio de colaboración para o ano 2025 é de 120.926,27 €, o que representa unha porcentaxe de 23,37095 % do total do orzamento previsto que é de 517.421,18 €. Este gasto financiarase con cargo á partida orzamentaria 0611/23122/46201.

Terceiro.- Este acordo de prórroga entenderase condicionado á existencia de crédito orzamentario suficiente nos devanditos orzamentos xerais.

Faise constar que a presente prórroga do convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar por duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa ao Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño para afrontar a organización da fase de ascenso á Superliga Masculina do Voleibol Estatal.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o convenio co **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño**, correspondente á subvención nominativa, por importe de **15.000,00 €**, concedida para **cofinanciar a organización da fase de ascenso á Superliga Masculina do Voleibol Estatal**, cun orzamento subvencionado de **26.604,43€**, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia



de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 11 de xuño de 2025.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a organización da fase de ascenso á Superliga Masculina do Voleibol Estatal .

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ----- en representación do **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño**

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promociónen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte feminino.

Que o **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño** é unha entidade adicada ao **fomento e o impulso da práctica continuada da actividade física e deportiva, así como a participación en actividades e competicións deportivas.**

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS



I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño** co NIF G15412802, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para **cofinanciar a organización da fase de ascenso á Superliga Masculina do Voleibol Estatal**.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño.

O **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Arbitros e organización (comidas)	3.896,10 €
Arbitraxes RFEVB FGVB	4.302,96 €
Trofeos, balons	1.468,95 €
Canon	1.452,00 €
Publicidade radio	733,02 €
Vaías Led- Streaming	7.489,90 €
Speaker	1.489,98 €
Arbitros (aloxamento)	1.936,00 €
Camisetas, placas homenaxe	3.835,52 €
Total	26.604,43 €

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega por importe máximo de **15.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **56.38159%**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **56.38159%** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi



cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño**, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, o **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño** deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño** unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do **Club Deportivo Aldebaran**



de **San Sadurni**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e acreditación da vinculación dos gastos de transporte e aloxamento e dos gastos de persoal coa actividade subvencionada.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurni** presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de agosto de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurni** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional



non eximirá ao **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño**

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Club Deportivo Aldebarán de San Sadurniño** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño** deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño** queda sometido aos



procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.



XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do **Club Deportivo Aldebaran de San Sadurniño**, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento".

8.- Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Mesia para financiar o proxecto "Aula da Natureza- Museo Etnográfico das Brañas de Valga" ano 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º. Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía con CIF P1504800B para o financiamento das actividades a realizar na AULA DA NATUREZA - MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DA VALGA no ano 2025, cunha achega provincial de 68.848,08 € con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3336/46201, que representa un coeficiente de financiamento do 80,00000 % con respecto a un orzamento de 86.060,10 €.

2º. Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Este convenio está recollido no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento das actividades a realizar na Aula da Natureza - Museo Etnográfico das Brañas da Valga no ano 2025.

A Coruña,

REUNIDOS

D/Dna.-----, en nome e representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

D/Dna.-----, en nome e representación do CONCELLO DE MESÍA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estallles atribuídas

MANIFESTAN

1.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 36 e coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 109.

2.- Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades (artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).



3.- Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE MESÍA consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector da olería se converta nunha actividade rendible de futuro que repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

4.- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE MESÍA, as dúas partes acordan subscribir un convenio de cooperación conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONCELLO MESÍA**, CIF P1504800B fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento das actividades a realizar na Aula da Natureza - Museo Etnográfico das Brañas da Valga no ano 2025.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE MESÍA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE (IVE engadido)
GASTOS DE PERSOAL	68.848,08 €
Peón de xardinería	23.732,52 €
Peón de xardinería	23.948,04 €
Monitor de tempo libre	21.167,52 €
GASTOS CORRENTES	17.212,02 €
Material divulgativo e didáctico para visitas, exposicións, talleres, xornadas, etc.	1.200,00 €
Material para obradoiros, talleres, etc.	2.426,95 €
Cursos de cerámica, de utilización de materiais naturais, de modelado do barro, etc.	1.828,19 €
Conferencias e charlas	300,00 €
Produtos de limpeza	1.075,77 €
Electricidade e teléfono	2.100,00 €
Ferramentas de xardinería (materiais non inventariables)	1.038,71 €
Abonos, sementes e outros produtos para o mantemento das áreas axardinadas e zonas verdes	1.259,74 €
Alimentación e repoboación da fauna existente	1.200,00 €



Mantemento, reposición e conservación das instalacións e demais equipamento (pintado aulas, traballos de albanelería en vieiros, canalizacións acuíferas, etc.)	2.982,66 €
Material e traballos de reparación de fontanería, electricidade...	1.800,00 €
TOTAL	86.060,10 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 68.848,08 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3336/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MESÍA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE MESÍA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MESÍA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE MESÍA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.



V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MESÍA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE MESÍA, unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma SUBTEL) a seguinte documentación:

- 1.- **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MESÍA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- **Relación clasificada dos gastos** realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.- **Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 4- **Declaración doutras axudas** ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 5.- **Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA**, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- 6.- **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE MESÍA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2025**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA **antes do 31 de maio de 2026**.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao



CONCELLO DE MESÍA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MESÍA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.-O CONCELLO DE MESÍA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.-A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE MESÍA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE MESÍA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais



e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación; seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retrasos na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MESÍA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MESÍA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal



4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2025**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo do ano 2026** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE MESÍA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de maio de 2026**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MESÍA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MESÍA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día-----

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o



presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación

O representante do CONCELLO DE
MESÍA"

9.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña-CASCO para cofinanciar o Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2025 e do correspondente convenio de colaboracion.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **60.000,00 €, á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña.CASCO para cofinanciar o *Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2025*, cun orzamento subvencionado de 263.707,24 €, de acordo co texto do convenio que se achega.**

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidencia da Comisión de Política Social, Educación e Mocidade, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 15 de maio de 2025.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do *Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2025*.

Na Coruña, a



REÚNENSE

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación da Asoc. Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

EXPOÑEN

1.- Que a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO é competente conforme aos seus estatutos art. 3, c) que indican que desenvolverán entre outras a actividade de promover e desenvolver pisos de acollida para persoas con VIH/SIDA, sen recursos.

2.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO**, con NIF G15279219, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2025**.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto		Importe
Gastos do persoal do piso de acollida VIH	Soldos e salarios	107.478,40 €
	Seguridade Social	35.140,40 €



Gastos do persoal do piso de inserción	Soldos e salario	91.177,11 €
	Seguridade Social	29.911,33 €
Total		263.707,24 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **22,75250 %**.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **22,75250 %**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.



* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.



2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que



resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida-CASCO serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2025**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei



38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

10.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación cultural Castelo Conta para cofinanciar o proxecto "Un monte para sempre".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de **40.000,00 €**, á Asociación cultural Castelo Conta, para cofinanciar o proxecto *"Un monte para sempre"*, cun orzamento subvencionado de 69.550,00 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de educación, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 11 de xuño de 2025.



3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación cultural Castelo Conta correspondente á subvención nominativa concedida para cofinanciar o Proxecto "Un monte para sempre".

Na Coruña, a

REUNIDOS

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación da Asociación cultural Castelo Conta

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e representación, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Asociación cultural Castelo Conta é unha entidade de ámbito provincial inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, e conta con máis de dez anos de experiencia na organización de actividades sociais e culturais no entorno do Monte Xalo. Ten sede na parroquia cullerdense de Castelo, e traballa da man doutras asociacións locais como a Comunidade de Montes Veciñais de Castelo e a asociación Castelo Deporte en iniciativas que teñen como principal obxectivo a dinamización e a posta en valor do rural.

2.- De conformidade cos seus estatutos son fins da entidade, entre outros, o desenvolvemento de todo tipo de actividades culturais e festivas, ben na parroquia de Castelo, ben en calquera outro lugar de Culleredo, nas que se aposte pola difusión da riqueza artística do noso país, así como pola promoción da tradición oral e a lingua galega, a promoción social, cultural e económica do medio rural do concello de Culleredo, nomeadamente da parroquia de Castelo, no sentido máis amplo, co fin de participar do seu desenvolvemento, a protección do medio ambiente, e en particular, da diversidade medioambiental do Monte Xalo, a difusión e a promoción, nomeadamente entre a mocidade, de todos aqueles comportamentos e actitudes orientadas á conservación da tradición oral, o respecto do medio ambiente e o rural, así como a educación en todos aqueles valores que contribúen ao mesmo fin.

No ano 2024 a asociación realiza o Proxecto "Un monte para sempre", que consiste no desenvolvemento dun programa de dinamización social, cultural e medioambiental do Monte Xalo, atendendo á necesidade de poñer en valor un das grandes contornas naturais da provincia da Coruña, cuxa extensión comparten os concellos de Culleredo, A Laracha, Carral e Cerceda.



3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, é competencia propia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

5.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Castelo Conta coinciden no seu común interese en realizar este proxecto e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes.

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Asociación cultural Castelo Conta, con CIF G15750813, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do Proxecto "Un monte para sempre".

O proxecto configúrase ao redor de oito actividades demostrativas dirixidas a rapazas e rapaces de diferentes grupos de idade.

1.- Un monte con Tik-Tok. Actividade dirixida a rapazas e rapaces de 6 a 12 anos dirixida a conectar o mundo dixital co dos entornos naturais a través da rede social de moda entre a mocidade.

2.- Retratos entre xeracións. Actividade dirixida a todos os rangos de idade previstos (3 a 15 anos), na que se promoverá unha exposición de retratos fotográficos que terá como protagonistas a persoas maiores, habitantes en núcleos rurais, xunto con cativas e cativos procedentes en entornos urbanos.

3.- Microconcertos no monte. Con esta actividade, ofrécese á cativada de entre 3 e 5 anos a posibilidade de asistir, en familia, a un concerto pensado para a súa idade no medio do monte, en contacto coa natureza: debaixo das árbores, nun entorno único e irrepetible para un momento que sempre pagará a pena rememorar.

4.- Unha noite no monte. Unha noite de aventura no monte con acampada incluída e diferentes xogos relacionados coa natureza na escuridade.

5.- Un monte limpo. Unha competición por equipos relacionada coa recollida de residuos no monte que permita falar da importancia da conservación dos entornos naturais e as consecuencias para a natureza dos vertidos.

6.- Videoclip rural. As persoas participantes entrarán en contacto con persoas maiores do entorno rural escollido para aprender cancións tradicionais e interpretar algúns versos cos que compoñer un videoclip interxeracional do que participe xente de todas as idades. O videoclip acadará difusión a través das redes sociais ao remate da actividade, e servirá tamén para difundir os resultados do resto de accións desta proposta, a través dunha



páxina web específica.

7.- Prantar un monte para sempre. En colaboración cos propietarios dos montes nos que se desenvolverá a actividade, destinaranse determinadas zonas á prantación de especies autóctonas, de xeito que cada participante poida apadriñar unha pranta de xeito compartido cun adulto do lugar, que ao longo dos seguintes meses poida enviarlle fotografías da súa evolución.

8.- Vivir aquí. Nesta actividade dirixida ás nenas e nenos de todos os rangos de idades, as e os participantes compartirán, en grupos, un xantar ou unha cea cunha familia que habite no entorno rural escollido.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Asociación cultural Castelo Conta desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Consultoría externa para a elaboración de materiais pedagóxicos	3.000,00 €
Servizos profesionais especializados en difusión medioambiental	2.245,00 €
Servizos culturais e contratación de formacións artísticas	8.010,00 €
Deseño de materiais de promoción e difusión	4.200,00 €
Servizo externo de monitores en actividades de tempo libre	4.950,00 €
Servizos de coordinación de produción	12.490,00 €
Servizo de comunicación e xestión da campaña de promoción	8.100,00 €
Impresión e rotulación	5.000,00 €
Contratación de publicidade	3.120,00 €
Fotógrafos	2.200,00 €
Videógrafos	3.600,00 €
Medios técnicos audiovisuais e de son para o desenvolvemento das actividades	11.770,00 €
Compra de materiais non inventariables para o desenvolvemento das actividades	865,00 €
Total orzamento	69.550,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **40.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 57,51258%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 57,51258% da cantidade



efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3264/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación cultural Castelo Conta obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación cultural Castelo Conta.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Asociación cultural Castelo Conta, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación cultural Castelo Conta deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación cultural Castelo Conta.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Asociación cultural Castelo Conta unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte



documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Asociación cultural Castelo Conta, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación cultural Castelo Conta deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de outubro de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación cultural Castelo Conta para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación



aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación cultural Castelo Conta da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación cultural Castelo Conta na documentación aportada.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación cultural Castelo Conta deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación cultural Castelo Conta destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación cultural Castelo Conta deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación cultural Castelo Conta poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación cultural Castelo Conta queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo



o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación cultural Castelo Conta serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación cultural Castelo Conta será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.



4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de novembro de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación cultural Castelo Conta, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; suplementariamente aplicase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

11.- Aprobación da terceira proposta de continuidade da prestación do contrato del Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial da Coruña de conformidade cos pregos que rexen o contrato inicial.



Sr. Presidente

Si.

Sr. Ben Otero

Perdón, presidente. Buenos días compañeros y compañeras.

Bueno nosotros al respecto del contrato de teleasistencia, sabéis que ya no es una prórroga, es una orden de continuidad debido al interés del mismo. Estamos de acuerdo en que esto se sustancie, lo vamos a votar a favor, pero no es la primera ni la segunda vez que recordamos que este contrato tiene que salir ya de otra manera, y ya anunciamos que vamos a pedir las explicaciones oportunas al respecto de por qué no está debidamente formulado este asunto. Creemos que van varias veces y, en consecuencia, ya anunciamos que pediremos ciertas explicaciones respecto a este asunto, y hoy por la importancia del tema votaremos a favor del mismo. Gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“APROBAR a terceira proposta de continuidade da prestación do contrato de SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, expediente PCO.001.2018.00207, que será executada polo adxudicatario do contrato principal, EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. con NIF A79022299, de conformidade cos pregos que rexen o contrato inicial, aprobados por Resolución da Presidencia número 41532 de data 27 de novembro de 2018 e modificados por Resolución da Presidencia número 3981 de data 4 de febreiro de 2020 para incorporar os requisitos introducidos polo Real Decreto-lei 14/2019, do 31 de outubro, na Lei de contratos do sector público en materia de protección de datos, nas seguintes condicións:

1. Prazo: dende o día 1 de xullo de 2025 ata o 31 de marzo de 2026 ou ata a data da entrada en vigor do novo contrato de Teleasistencia número de expediente PCO.001.2024.0016, se esta fose anterior.

2. Presuposto máximo: Será proporcional ao presuposto máximo anual do contrato (864.000,00 €) isto é 648.000,00 euros, distribuído en 9 mensualidades cun máximo de 72.000,00 euros mensuais.

3. Prezos unitarios: Prezos unitarios mensuais que se aplicarán ao servizo de de teleasistencia domiciliaria por persoa usuaria:



concepto	prezo sen IVE	IVE	prezo IVE incluído
a) Prezo para a persoa titular do servizo de teleasistencia domiciliaria	14,35	0,57	14,92
b) Prezo para a persoa usuaria con unidade de control remoto adicional	0	0	0
c) Prezo para a persoa usuaria sen unidade de control remoto	0	0	0

4. Financiamento: a prórroga do contrato poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/22799 do seguinte modo:

Anualidade	Período	Número de operación	Importe
2025	Xullo a novembro de 2025 (5 meses)	RC 220250023996	360.000,00 €
2026	Decembro de 2025 a marzo de 2026 (4 meses)	RCP 220259000078	288.000,00 €

O financiamento queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio 2026. Así mesmo, queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.”

12.- Aprobación do texto e da formalización do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cee polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "melloras no complexo deportivo Estadio Municipal de San Paio de Refoxos, en Cee".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.º.- **Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e do Concello de Cee **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar **as obras de “melloras no complexo deportivo estadio municipal de San Paio de Refoxos, en Cee”**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.



2º.- **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Cee polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras de “**melloras no complexo deportivo estadio municipal de San Paio de Refoxos, en Cee**”, cunha achega provincial de **397.366,27 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/3420/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **496.707,84 euros**.

4º.- **Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORAS NO COMPLEXO DEPORTIVO ESTADIO MUNICIPAL DE SAN PAIO DE REFOXOS, EN CEE.

Na Coruña, a ___ de _____ de 2025

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. _____ a Alcalde-Presidente do Concello de **Cee**. Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estánlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto



dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Cee** considera de primeira necesidade as **obras de melloras no complexo deportivo estadio municipal de San Paio de Refoxos, en Cee.**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...Dende o concello de Cee presentamos unha serie de actuacións que consideramos prioritarias no complexo deportivo Estadio Municipal de Fútbol “San Paio de Refoxos” de Cee, debido ao uso actual do mesmo. Esta instalación deportiva foi construída no ano 1995, e nela, fixéronse numerosas intervencións ao longo de todo este tempo para adaptarse ás necesidades que foron xurdindo. Construíronse novas dependencias para a almacenaxe de material deportivo, pasillo e foso de salto de lonxitude, nova grada fronte á principal, renovación da pista de atletismo, etc. A realidade é que esta instalación deportiva conta cunha serie de deficiencias que pretendemos acometer, nunha primeira fase, cas actuacións que a continuación describimos a modo de resumo e que están debidamente detalladas no proxecto técnico que se xunta...

-Construción dun campo de fútbol 7 de herba artificial para adestramentos e competición.

O incremento de clubs de fútbol na localidade, así como de equipos en competición federada, fai que o campo de fútbol 11 resulte insuficiente para acoller ao volume de adestramentos e de partidos de competición requirido, polo que pretendemos aproveitar un espazo existente que pode acoller un campo de fútbol 7 de herba artificial regulamentario, o que suporía un alivio á carga excesiva dos usos actuais e ademais de reforzar o:

**Fomento do deporte: a dispoñibilidade dunha instalación deportiva de calidade pode motivar a máis persoas a participar en actividades deportivas, o que contribúe a adquisición dun estilo de vida máis activo e saudable no municipio e comarca.*

**Variedade de deportes: ao ofrecer a posibilidade de practicar tanto fútbol como atletismo nun mesmo lugar, amplíase a variedade de deportes. Isto permite que as persoas elixan actividades que se adapten aos seus intereses e habilidades, o*



que fomenta unha maior participación deportiva en xeral.

**Desenvolvemento de talento: contar con instalacións adecuadas para a práctica de diferentes disciplinas deportivas pode axudar a identificar e desenvolver o talento deportivo local tanto no fútbol (neste caso concreto), como no atletismo. Isto pode ter un impacto positivo no rendemento deportivo a nivel local, autonómico e incluso nacional.*

**Competicións e organización de eventos deportivos: esta instalación deportiva poderá servir como sede para acoller campionatos e fases de competicións de fútbol ao contar con varios campos de fútbol 7. Isto no só promoverá o fomento do deporte senón que tamén pode atraer a visitantes e xerar ingresos para o concello de comarca a través do turismo deportivo.*

**Promoción dun estilo de vida saudable: ao proporcionar un espazo accesible e seguro para a práctica de deportes, promóvese un estilo de vida saudable e activo. Isto é especialmente importante nun momento no que o sedentarismo e os problemas de saúde relacionados con el están en aumento.*

-Sistema de recollida e evacuación da auga de pluviais do complexo deportivo e da zona onde se construírá o novo campo de fútbol 7 de herba artificial.

A existencia dun talud na zona sueste do complexo onde se localizaría o novo campo de fútbol 7, fai necesario contar cun sistema de recollida das pluviais.

-Execución dunha rede de saneamento das augas fecais conectada á rede municipal, permitindo así a eliminación das fosas sépticas existentes na actualidade.

Esta actuación considerámola de suma importancia polas seguintes razóns:

**Saúde e seguridade dos usuarios: manter unha adecuada hixiene e condicións sanitarias nas instalacións deportivas é fundamental para protexer a saúde dos usuarios. Un sistema de saneamento adecuado prevén a propagación de enfermidades e reduce el risco de lesións relacionadas con condicións insalubres.*

**Benestar da veciñanza: mellorar o saneamento das mesmas contribúe ao benestar xeral ao proporcionar un entorno limpo, seguro e saudable para a práctica do deporte e do ocio.*

**Promoción da actividade física: ao garantir o estado das instalacións deportivas municipais limpas e ben mantidas, foméntase a participación en actividades físicas e deportivas. Un entorno agradable e seguro motiva ás persoas a involucrarse en actividades deportivas, o que promove un estilo de vida activo e saudable.*

**Cumprimento de regulacións e estándares: a realización destas obras garante o cumprimento destas normativas e lexislación vixente, o que é esencial para asegurar a protección aos usuarios así como minimizar posibles continxencias.*

-Construción dunha senda peonil que garanta o acceso ao complexo deportivo, e acondicionamento da zona de aparcamento dos vehículos na entrada do mesmo.

O actual acceso á instalación presenta deficiencias con especial relevancia no que



se refire á seguridade dos viandantes (sen beirarrúas), e tamén ao tráfico rodado (firme deteriorado). Por outra banda, no aparcamento situado na zona de entrada á instalación, preténdese tapar unha gabia existente e ao mesmo tempo aproveitar para canalizar as augas pluviais mellorando a seguridade na mobilidade dos vehículos. Dende o noso punto de vista, esta actuación supón unha serie de beneficios tanto para a comunidade en xeral como para os usuarios da instalación deportiva en particular...”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Cee** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Cee** con CIF P1502300E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento as **obras de melloras no complexo deportivo estadio municipal de San Paio de Refoxos, en Cee**, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto, Óscar Pidre Mosquera, número de Colexiado número 3.964 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, asinado en marzo de 2024.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	344.959,96 euros
Gastos xerais 13,00%	4.844,79 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	20.697,60 euros
IVE (21%)	86.205,49 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	496.707,84 euros



III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **397.366,27** euros o que representa unha porcentaxe de **80.00%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80.00 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3420/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula



primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.



- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obra**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación



aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos retroactivos dende a data de



sinatura do convenio e conservará a súa **VIXENCIA** ata o **31 de outubro de 2027**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes **dun mes** da finalización do convenio, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2028**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación



Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento”

13.- Aprobación do texto e da formalización do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carnota polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a redacción do proxecto para o saneamento integral en Lariño.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.º.- **Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e do Concello de Carnota **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar a **redacción do proxecto para o saneamento integral en Lariño** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Carnota** para cofinanciar a redacción do proxecto para o saneamento integral en Lariño cunha achega provincial de **50.336,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/1601/46201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00%** respecto dun orzamento de **62.920,00 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARNOTA PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DO PROXECTO PARA O SANEAMENTO INTEGRAL EN LARIÑO.

Na Coruña, a _____ de _____ de 2025, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante.

REUNIDOS

Dunha parte, Don _____, representante da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, Don _____, Alcalde- Presidente do Concello de **Carnota**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Carnota** considera de primeira necesidade a **redacción do proxecto para o saneamento integral en Lariño**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar esta actividade, motivada principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...Este investimento é de interese público prioritario, debido á necesidade inaprazable de



resolver un problema de carencia de infraestruturas de recollida e transporte de augas residuais na parroquia de Lariño, que engloba as poboacións da Gándara e Lariño.

Para iso o paso primeiro que ten que realizar o concello é contar un proxecto para realizar o saneamento integral de Lariño, construíndo neste unhas infraestruturas hidráulicas necesarias para dar solución á situación actual.

Ao tratarse da redacción dun proxecto necesario para a execución dun saneamento, as razóns extraordinarias de interese público, son evidentes pois o saneamento é un servizo esencial para a poboación, prioritario e urgente.

Máis considerando que o solo urbano de Lariño que recolle as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal permite a edificación neste lugar, sendo contraditorio coa realidade física da zona. Ao non existir saneamento, o concello non ten posibilidade de conceder unha licenza de edificación neste solo urbano non consolidado, de aquí a singularidade do investimento e a necesidade de tramitación desta subvención en réxime de concorrencia non nominativa, tratándose do financiamento da redacción dun proxecto estritamente necesario para dar un servizo á poboación...”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Carnota** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carnota con CIF P1502000A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento da redacción do proxecto para o saneamento integral en Lariño

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao orzamento total para a redacción do proxecto para o saneamento integral en Lariño (Carnota), que ascende a 62.920,00 €.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.336,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos



acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/1601/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito
- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

- Corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** o outorgamento do contrato de servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
- No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA axustará** toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e nono poderá recoller o concepto de “melloras”.
- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **ENTIDADE BENEFICIARIA**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

- a) - Ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA**,



pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- a. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- b. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- c. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- d. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

b) - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- a. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b. Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- c. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- d. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

c) O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **ENTIDADE BENEFICIARIA** na documentación achegada.

d) Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a**



documentación xustificativa indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

a) **A ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

b) A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

c) A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. **A ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención



pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización da actividade ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.



3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos retroactivos dende a data de sinatura do convenio e conservará a súa **VIXENCIA** ata o **31 de outubro de 2027**.

2. Para o caso de que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter rematadas as **ACTIVIDADES** e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2028**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo Concello, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o día _____



E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

14.- Aprobación do texto e da formalización do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de acondicionamento espazo público en Lanza e Praza contorna da igrexa de Santiago de Boado, no concello de Mesía.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e do Concello de Mesía **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar **as obras de acondicionamento espazo público en Lanza e Praza contorna da igrexa de Santiago de Boado, no concello de Mesía**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Mesía polo que se instrumente unha subvención nominativa** para cofinanciar as **obras de acondicionamento espazo público en Lanza e Praza contorna da igrexa de Santiago de Boado, no concello de Mesía**, cunha achega provincial de **82.160,01 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/1711/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **102.700,01 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO



CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO ESPAZO PÚBLICO EN LANZA E PRAZA CONTORNA DA IGREXA DE SANTIAGO DE BOADO.

Na Coruña, a ___ de _____ de 2025

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. _____ a Alcalde-Presidente do Concello de **Mesía**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Mesía** considera de primeira necesidade as **obras de acondicionamento espazo público en Lanza e Praza contorna da igrexa de Santiago de Boado, no concello de Mesía.**



Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...Vista a adquisición municipal de dúas parcelas polo Concello, unha na parroquia de Lanzá para uso de aparcadoiro co obxecto de dar servizo ao conxunto parroquial da Igrexa e Cemiterio de San Mamede de Lanzá e para un espazo libre do Parque rural de Lanzá, e outra parcela sita na contorna da Igrexa de Santiago de Boado, que se adquiriu para o seu uso como aparcadoiro e ampliación de praza pública no lugar de O Pazo-A Igrexa, co obxecto de dar servizo ao conxunto parroquial da Igrexa e Cemiterio de Santiago de Boado, ao espazo libre praza pública de Boado e ao local socio-cultural de Boado.

Vista a necesidade do arranxo das dúas parcelas adquiridas dada a enorme demanda veciñal e o elevado interese público, pois as ditas parcelas están no contorno dunhas instalacións que reúnen a un gran número de veciños, coa conseguinte acumulación de vehículos nas beiras dos camiños municipais, o que provoca problemas de circulación e malestar aos residentes do entorno próximo....”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Mesía** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Mesía** con CIF P1504800B, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de acondicionamento do espazo público en Lanza e Praza contorna da igrexa de Santiago de Boado, no concello de Mesía, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto, Isidro López Yáñez, número de Colegiado 2.261, asinado en febreiro de 2025.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa



realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	71.324,41 euros
Gastos xerais 13,00%	9.272,17 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	12.500,87 euros
IVE (21%)	17.823,97 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	102.700,01 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **82.160,01** euros o que representa unha porcentaxe de **80.00%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80.00 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1711/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao



cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**



VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- a) **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- b) **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- c) Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- d) **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- e) Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- f) **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- g) Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.



Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.



X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva



finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos retroactivos dende a data de sinatura do convenio e conservará a súa **VIXENCIA** ata o **31 de outubro de 2027**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes **dun mes** da finalización do convenio, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2028**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.



XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento”

15.- Aprobación do texto e da formalización do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cerceda polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "substitución do pavimento de céspede artificial do campo de fútbol de Cerceda".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Cerceda **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as **obras de “substitución do pavimento de céspede artificial do campo de fútbol de Cerceda”**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.



2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Cerceda polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as **obras de “substitución do pavimento de céspede artificial do campo de fútbol de Cerceda”**, cunha achega provincial de **250.225,55 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/3420/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **312.781,94 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERCEDA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DE CÉSPEDE ARTIFICIAL DO CAMPO DE FÚTBOL DE CERCEDA.

Na Coruña, a ____ de _____ de 2025

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. _____ a Alcalde-Presidente do Concello de **Cerceda**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.



A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Cerceda** considera de primeira necesidade as **obras de substitución do pavimento de céspede artificial do campo de fútbol de Cerceda**.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...Dada conta da necesidade que o Concello de Cerceda ten de acometer a obra recollida no proxecto “Substitución do pavimento de céspede artificial do Campo de Fútbol de Cerceda”, debido a urxencia de adecuar e mellorar as instalacións do Campo de fútbol de céspede artificial de Cerceda, ubicado nas instalacións deportivas de “O Roxo” para o fin o que está adicado, que é a práctica do deporte, o que representa un interese provincial. E tendo en conta que actualmente as instalacións, contan cunha serie de deficiencias e necesidades que fan urxente acometer a reforma da instalación...”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Cerceda** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Cerceda** con CIF P1502400C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento as **obras de substitución do pavimento de céspede artificial do campo de fútbol de Cerceda**. tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución subscrito polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Miguel Fiuza Canosa, de la empresa MOVE Proyectos e Inversiones S.L., asinado en marzo de 2025.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas



e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	217.224,76 euros
Gastos xerais 13,00%	28.239,22 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	13.033,49 euros
IVE (21%)	54.284,47 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	312.781,94 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **250.225,55 euros** o que representa unha porcentaxe de **80.00%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80.00 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.



4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3420/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.



3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
-

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- a) **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- b) **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- c) Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- d) **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- e) Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- f) **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- g) Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**



3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes



de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.



XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos retroactivos dende a data de sinatura do convenio e conservará a súa **VIXENCIA** ata o **31 de outubro de 2027**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes **dun mes** da finalización do convenio, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2028**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.



3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento”

16.- Aprobación do texto e da formalización do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto "XVII Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia". Ribeira 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.º.- **Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do



expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e a **Federación Galega pola cultura marítima e fluvial polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar o proxecto “**XVII Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia**”. **Ribeira 2025**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a **Federación Galega pola cultura marítima e fluvial** para cofinanciar o proxecto “**XVII Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia**”. **Ribeira 2025**, cunha achega provincial de **90.000,00 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/3341/481** o que representa un coeficiente de financiamento do **66.66667 %** respecto dun orzamento de **135.000,00 euros**.

4º.- **Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “XVII ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA”. RIBEIRA 2025.

Na Coruña, a ____ de _____ de 2025, na sede da Deputación Provincial da Coruña.

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. _____ o representante da **Federación Galega pola cultura marítima e fluvial**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas



1. Que a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL consideran de gran interese para a provincia financiar un proxecto de difusión do XVII encontro de embarcacións tradicionais de Galicia. Ribeira 2025 que consiste nunha conmemoración marítima bienal e itinerante que congrega ás diferentes tipoloxías de embarcacións tradicionais representativas do patrimonio marítimo galego, así como doutras zonas xeográficas, acompañada de actos culturais e de lecer, xornadas de conferencias, coloquios, exposicións, publicacións, música e danza tradicional, artesanía, e un longo número de actividades complementarias dirixidas ao público asistente.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Federación Galega pola cultura marítima e fluvial** con CIF G36231561, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "XVII ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA. RIBEIRA 2025" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Federación galega pola cultura marítima e fluvial levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GRUPO CONTABLE	PARTIDA / CONCEPTO DE GASTO	TOTAL
	LOXÍSTICA NO MAR	16.796,00 €
600	Aprovisionamentos varios seguridade no mar (boias, sinalizadores...)	- €
621	Aluguer servizo guindastre para botadura embarcacións participantes pequena eslora (90,75 €/hora)	726,00 €
621	Aluguer de lanchas de apoio a navegación e fondeos	1.500,00 €
621	Aluguer e instalación de 3 liñas de fondeo para 72 amarres e corchera perímetro navegación crianzas	13.310,00 €
623	Servizo navegación inaugural e actividade O mar para todos na embarcación Joaquín Vieta	700,00 €
628	Suministros: Gasto de combustible embarcacións auxiliares de apoio ás navegacións / fondeos	560,00 €
	LOXÍSTICA EN TERRA	36.696,12 €
602	Material de ferretería diverso para montaxe e acondicionamento de espazos e mostras	500,00 €



621	Aluguer dotación: carpas, haimas, mobiliario, tabiques expos, megafonía, pantallas led, wc...	22.941,60 €
621	Aluguer furgoneta con elevador para transporte material 7 días	941,62 €
621	Aluguer liteiras, montaxe e transporte para pernocta 150 tripulantes	7.623,00 €
621	Aluguer suministro e colocación moqueta para pernocta tripulantes en pabillón	1.600,00 €
622	Servizo de limpeza diaria baños públicos e carpas	1.439,90 €
623	Electricistas: Instalación de suministro eléctrico para embarcacións gran eslora no Porto de Ribeira	400,00 €
624	Transporte elementos expositivos a Ribeira	900,00 €
628	Suministros: gasto de combustible furgoneta aluguer para transporte material evento	200,00 €
654	Gasto de peaxes para transporte materiais diversos (ida/volta)	150,00 €
	CULTURA: ACTUACIÓNS MUSICAIS E ACTIVIDADES. DOTACIÓN	40.160,36 €
	DOTACIÓN	11.132,00 €
621	Aluguer dotación técnica: iluminación e son para concertos	4.840,00 €
621	Aluguer dotación: escenario cúpula 10x10m para concertos	4.235,00 €
621	Aluguer dotación: grupo electrógeno para espectáculos	1.452,00 €
621	Aluguer dotación: haimas camerinos 3x6m artistas	605,00 €
	CONCERTOS E ESPECTÁCULOS	12.597,50 €
623	Grupos e bandas de música: Actuación grupo de música tradicional (foliada)- xoves 17 xullo	800,00 €
623	Grupos e bandas de música: Actuación musical Catuxa Salom e Abril: Concertos -venres 18 xullo	5.566,00 €
623	Grupos e bandas de música: Actuación musical De Ninghures: Concerto -sábado 19 xullo	5.142,50 €
623	Grupos de animación: monólogos- sábado 19 xullo	1.089,00 €
	ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS INFANTÍS E FAMILIARES	9.880,86 €
623	Ludoteca Infantil: Monitores e actividades infantís, obradoiros e xogos tradicionais "Os nosos mares"	3.467,86 €
623	Grupos de animación: espectáculo infantil de circo, humor e clown "Antuan de la Cream"	6.413,00 €
623	Grupos de animación: espectáculo musical infantil de humor "Consertasso na Horta"	
623	Grupos de animación: espectáculo de teatro e narrativa oral "Mariñeiras" para todos os públicos	
623	Grupos de animación: espectáculo infantil de narrativa oral e cantigas "Contar co vento"	
623	Grupos de animación: espectáculo infantil de teatro "Canta buguina canta"	
623	Grupos de animación: Espectáculo de teatro, títeres e clown "Diaspora teatro" para todos os públicos	
	ANIMACIÓN DE RÚA	1.300,00 €
623	Grupos e bandas de música: pasarúas banda música	1.300,00 €



	tradicional diario	
	EXPOSICIÓNS	- €
623	Deseñadores gráficos: Producción de exposicións de temática mariñeira	- €
	TALLERES E OBRADOIROS	4.650,00 €
623	Artesáns: Talleres e obradoiros demostrativos ao vivo (redeiras, cesteiros, pintura, carpintería de Ribeira...)	4.650,00 €
	ROTEIROS E VISITAS GUIADAS	600,00 €
623	Monitores: Roteiro sendeirismo costeiro e visitas guiadas	600,00 €
	PREVENCIÓN E SEGURIDADE NO EVENTO	7.536,08 €
623	Servizo vixilancia privada: Contratación 3 vixiantes seguridade durante o XVII Encontro (5 noites)	5.285,28 €
623	Asesores técnicos: Elaboración e implantación do Plan autoprotección e emerxencias evento. Bruto	1.790,80 €
625	Prima RC evento	220,00 €
625	Prima seguro accidentes para participantes roteiros e visitas guiadas	40,00 €
625	Prima seguro accidentes voluntariado participante	200,00 €
	HOSPEDAXES	4.428,50 €
654	Hospedaxe organización e convidados (delegacións foráneas) 17 HAB dobres/indiv	4.428,50 €
	COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN EVENTO	20.974,92 €
	ARTES GRÁFICAS E IMPRENTA	11.589,90 €
627	Confección e seregrafiado camisetas tripulación/voluntariado e organización evento	5.600,00 €
627	Gallardetes- banderíns náuticos para embarcacións participantes evento	
627	Impresión programación evento	800,00 €
627	Impresión flyer / material promocional XVII Encontro	250,00 €
627	Lona gran formato 6*2 m + lona Photocall 2*2 XVII Encontro	1.000,00 €
	Cartelería A3 e roller promocional XVII Encontro	
	Impresión sinalética carpas e espazos evento	
627	Deseño e confección peza conmemorativa XVII Encontro para participantes, actos de homenaxe..	2.500,00 €
627	Deseño imaxe oficial e desenvolvemento aplicacións evento (cartelería, programación..)	1.439,90 €
	PUBLICIDADE E DIFUSIÓN	9.385,02 €
627	Páxina web evento: Mantemento informático, redeseño home e adaptación web para contidos destacados XVII Encontro	450,00 €
627	Páxina web evento: Renovación hosting web embarcacionstradicionais.org	127,02 €
627	Creación spot promocional e publicitario XVII Encontro. Bruto	605,00 €
627	Grabación, creación e montaxe de vídeo recordo XVII Encontro (versión web e longametraxe). Bruto	3.025,00 €



627	Campaña de publicidade en medios de comunicación (prensa escrita, dixital e TV)	3.000,00 €
627	Plan de comunicación, publicidade, RRSS e cobertura prensa do XVII Encontro. Bruto	2.178,00 €
	PERSOAL LABORAL AO SERVIZO DO EVENTO	6.430,02 €
640	Soldos e salarios imputables. Bruto	4.785,39 €
642	Seguridade social a cargo da entidade	1.644,63 €
	OUTROS APROVISIONAMENTOS, GASTOS VARIOS E OUTROS SERVIZOS XERAIS	1.978,00 €
602	Suministros varios productos limpeza, bolsas, material papelería... durante o evento	498,00 €
622	Gastos varios de reparación e conservación de equipamentos	- €
623	Creación e xestión de plataforma para acreditación tripulación e reservas online do aloxamento tripulantes	1.000,00 €
623	Notaría: Minuta por formalización de préstamo para adianto subvencións XVII Encontro	230,00 €
653	Outros gastos por colaboracións e participación cidadá no evento	250,00 €
	TOTAL GASTOS	135.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **90.000,00** euros, o que representa unha porcentaxe de **66.66667%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **66.66667%** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3341/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para



darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallados na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de



gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

3.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

5.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de xullo de 2025 e o 31 de xullo de 2025.

2. Unha vez rematas as actividades, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos



correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e



nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de febreiro de 2025 e o 31 de xullo de 2025, sen que en ningún caso sexan subencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa **VIXENCIA** ata o **31 de decembro de 2025**. A súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.



2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro de 2025**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o pola entidade respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

17.- Aprobación da composición da Mesa de Contratación Permanente aprobada por Resolución da Presidencia 29683 de data 17 de xuño de 2025 para os supostos nos que o órgano de contratación sexa o Pleno.

VOTACIÓN



Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a composición da Mesa de Contratación Permanente aprobada por Resolución da Presidencia 29683 de data 17 de xuño de 2025 para os supostos nos que o órgano de contratación sexa o Pleno, co seguinte resolvo:

Primeiro.- Aprobar a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos seguintes procedementos de contratación a que se refire o artigo 326.1 da Lei 9/2017:

- Aberto ordinario
- Aberto simplificado
- Aberto simplificado abreviado do artigo 159.6
- Restrinxido
- Diálogo competitivo
- Licitación con negociación
- Asociación para a innovación
- Procedementos negociados fundamentados en imperiosa urxencia prevista na letra b.1 do artigo 168

De maneira que a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña queda integrada polas seguintes persoas:

	TITULARES	SUPLENTES	
PRESIDENTE	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) Don Xosé Lois Penas Corral	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) Dona Avia Veira González	
VOGAIS	Secretario xeral (con funcións de asesoramento xurídico) Don Miguel Iglesias Martínez	PRIMER VOGAL SUPLENTE	SEGUNDO VOGAL SUPLENTE
		Oficial Maior Dona Paula María Vázquez Carrasco	Letrado asesor xurídico Don Andrés Fernández Mestre
	Interventor xeral Don José Manuel Pardellas Rivera	PRIMER VOGAL SUPLENTE	SEGUNDO VOGAL SUPLENTE
		Interventor adxunto Don Juan Bautista Suárez Ramos	Viceinterventor Don José María Pérez Alvariño
SECRETARIA	Xefa do Servizo de Patrimonio	PRIMER SECRETARIO SUPLENTE	SEGUNDO SECRETARIO SUPLENTE



CONVOZ E SEN VOTO	<i>e Contratación</i> Dona Beatriz Méndez López	<i>Xefa da Sección I de Patrimonio e Contratación</i> Dona María José Lauda Pan	<i>Xefe da Sección II de Patrimonio e Contratación</i> Don Ricardo Maroño Vilaboa
------------------------------	---	---	---

ASISTENTE S CONVOZ E SEN VOTO	<i>Deputada provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE)</i> Dona Cristina Capelán Cancelo	<i>Deputado provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE)</i> Don José Manuel Lage Tuñas
	<i>Deputado provincial (Grupo Partido Popular, PP)</i> Don José Manuel Caamaño López	<i>Deputado provincial (Grupo Partido Popular, PP)</i> Don José Ramón Amado de la Fuente
	<i>Deputado provincial (Grupo Alternativa dos Veciños, AV)</i> Don Ángel García Seoane	

Segundo.- Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución para a súa ratificación.

Terceiro.- Dispoñer a publicación do presente acordo no perfil de contratante integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, de conformidade co artigo 326.3 e disposición adicional segunda, 7 da Lei 9/2017.

Cuarto.- Publicar, ademáis, para dar maior difusión á composición da Mesa de contratación no Boletín Oficial de la Provincia e no Portal de Transparencia desta Deputación.”

18.- Dación de conta ao Pleno da Corporación Provincial da remisión dos resultados da actividade de control interno económico - financeiro do exercicio 2024 á oficina independente de regulación e supervisión da contratación pública (OIReScon).

Dáse conta ao Pleno da Corporación Provincial da remisión dos resultados da actividade de control interno económico - financeiro do exercicio 2024 á oficina independente de regulación e supervisión da contratación pública (OIReScon).

19.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Beirarrúas e carril bici na Avenida da Constitución entre Rúa Salvador e Avenida Compostela" do Concello de Boiro, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 co código 2023.2000.0120.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).



Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Beirarrúas e carril bici na Avenida da Constitución entre Rúa Salvador e Avenida Compostela”, do Concello de Boiro, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2000.0120.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo plenario desta deputación adoptado na sesión ordinaria realizada o 26 de maio de 2023, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe este investimento do Concello de Boiro

Logo de aprobar o Concello de Boiro un proxecto modificado deste investimento, que aínda non está adxudicado, cun orzamento de contrata idéntico ao do inicialmente aprobado, asinado dixitalmente o 29 de abril de 2025 polo mesmo arquitecto autor do proxecto inicial, Amancio Losada Vicente, redactado coa finalidade de realizar un axuste nas beirarrúas e no deseño das prazas de aparcamento para que encaixen coas novas vías previstas no Plan Parcial de Barraña

Tendo en conta que este proxecto modificado conta cos informes técnicos necesarios e que foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica desta deputación

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2023 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 25 de novembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228 do 1 de decembro de 2022.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Beirarrúas e carril bici na Avenida da Constitución entre Rúa Salvador e Avenida Compostela”, do Concello de Boiro, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2000.0120.0, que está sen adxudicar, que foi asinado dixitalmente o 29 de abril de 2025 polo mesmo arquitecto autor do proxecto inicial, Amancio Losada Vicente, cun orzamento de contrata idéntico ao do inicialmente aprobado, e que foi redactado coa finalidade de realizar un axuste nas beirarrúas e no deseño das prazas de aparcamento para que encaixen coas novas vías previstas no Plan Parcial de Barraña:



CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	CONCELLO IVE DEDUCIBLE	TOTAL
Boiro	2023.2000.0120.0	Beirarrúas e carril bici na Avenida da Constitución entre Rúa Salvador e Avenida Compostela	198.479,81	760,80	199.240,61

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430-4592-76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Boiro para os efectos oportunos.”

20.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Quintáns e reparación camiño de acceso", do Concello de Muxía, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0533.0.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Muxía do proxecto modificado do investimento denominado “Renovación EDAR de Quintáns e reparación camiño de acceso”, do Concello de Muxía incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2102.0533.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo plenario desta deputación do día 25 de novembro de 2022, polo que se considerou aprobada a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial no que se inclúe este investimento do Concello de Muxía

Logo de ver que entre os investimentos aprobados neste plan figura incluída a obra do Concello de Muxía denominada “Renovación da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Quintáns e reparación camiño de acceso”, co código 2022.2102.0533.0, que foi aprobada de forma condicionada ao cumprimento das condicións que se detallan:



CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTES
Muxía	2022.2102.0533.0	Renovación da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Quintáns e reparación camiño de acceso	140.975,01	0,00	140.975,01	-Autorización Augas de Galicia. -Autorización Augas de Galicia - Verquidos.

Logo de ver que mediante Resolución da Presidencia desta deputación número 2024/24731 do 11 de xuño de 2024 levantáronse as condicións suspensivas ás que quedou supeditado este investimento polo que se aprobou definitivamente dentro do plan.

Unha vez adxudicada a obra e logo de aprobar o Concello de Muxía un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente 16 de abril de 2025 e que foi redactado polo enxeñeiro técnico Diego Blanco Veiga, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 140.975,01 €, idéntico ao orzamento de contrata do proxecto orixinal, e que se redactou pola necesidade dun cambio de ubicación da EDAR a unha finca municipal próxima ao núcleo de Quintáns.

Logo de presentar o Concello de Muxía os informes técnicos e xurídicos correspondentes, particularmente o informe favorable da Secretaria e mais da Interventora do concello, xunto coa aprobación deste proxecto modificado polo órgano municipal competente

Habida conta que hai unha nova solicitude do Concello a Augas de Galicia – Vertidos pola modificación da ubicación da depuradora e do seu punto de vertido

Tendo en conta que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o día 23 de abril de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación Provincial da Coruña respecto a este proxecto modificado da obra

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 26 de novembro do 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 30 de novembro do 2021 e modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio do 2022 para a regulación do POS+Adicional 2/2022 (BOP número 102 do 31 de maio do 2022).

En virtude das atribucións que me confire a normativa vixente **ACORDA**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado “Renovación EDAR de Quintáns e reparación camiño de acceso”, do Concello de Muxía, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0533.0, que foi aprobado de forma condicionada á obtención das autorizacións de Augas de Galicia e de Augas de Galicia – Verquidos, levantadas ditas condicións mediante Resolución de Presidencia número 2024/24731 do 11 de xuño de 2024. Este proxecto



conta cos informes técnicos e xurídicos necesarios, particularmente o informe favorable da Secretaria e mais da Interventora do concello, así como coa conformidade do contratista adxudicatario da obra e máis co informe de supervisión favorable emitido o 23 de abril de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación. A súa motivación para o cambio de ubicación da EDAR a unha nova finca de titularidade municipal, baséase nas razóns expostas no informe do técnico redactor do proxecto xustificativas desta modificación

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Muxía	2022.2102.0533.0	Renovación da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Quintáns e reparación camiño de acceso	140.975,01	0,00	140.975,01

2.- A aprobación deste proxecto modificado da obra queda condicionada á obtención da autorización de Augas de Galicia – Vertidos

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 2025 / 0430 - 4592 - 76201 do vixente orzamento provincial

4.- Notificarlle esta resolución ao Concello de Muxía para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento.”

21.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación de edificación para local sociocultural na praza da Igrexa número 3", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 co código 2024.2000.0230.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Rehabilitación de edificación para local sociocultural na praza da Igrexa número 3”, do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 co código 2024.2000.0230.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES



Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 31 de maio do 2024, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 e o seu Plan Complementario no que se inclúe, entre outros, este investimento do concello das Pontes de García Rodríguez cos seguintes datos:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS PENDENTES
As Pontes de García Rodríguez	2024.2000.0230.0	Rehabilitación de edificación para local sociocultural na praza da Igrexa número 3	312.817,10	0,00	312.817,10	- Supervisión favorable do proxecto e aprobación polo concello - Autorización Augas de Galicia - Autorización Patrimonio Cultural - Xunta

Logo de presentar o concello das Pontes de García Rodríguez un proxecto técnico modificado asinado dixitalmente o 23 de abril de 2025 e redactado en maio de 2024, polos arquitectos Francisco Javier Prieto Orallo, Flavia C. Piñeiro Ces e María Cruz Vigo Castro, en representación da sociedade Cerna Arquitectos S.C.P, que xa redactaran o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 312.817,10 €, idéntico ao do primeiro proxecto, que está aínda sen adxudicar, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, e que corrixe os erros sinalados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable do día 25 de marzo de 2024.

Tendo en conta que o proxecto modificado que agora se presenta supón unha modificación substancial respecto ao proxecto inicialmente aprobado, ao ser dividido en dúas fases, constituíndo esta primeira fase unha obra completa tal e como se recolle nos documentos que integran este proxecto.

Logo de ver que constan no expediente tanto o informe de supervisión favorable emitido o 7 de maio de 2025, polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado, como a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 16 de maio de 2022 e a Resolución de Augas de Galicia de data 1 de xullo de 2022, xunto coa prórroga da súa validez, pola que se autorizan, cunha serie de condicións as obras solicitadas, xunto co informe da arquitecta Flavia C. Piñeiro Ces, en representación de CERNA arquitectos, S.C.P., de adecuación de dito proxecto modificado ás autorizacións concedidas, dándose deste xeito cumprimento ás condicións ás que fora sometida a aprobación definitiva deste investimento

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do POS+ 2024, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+ Adicional 1/2024 para gastos sociais



extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+ Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Rehabilitación de edificación para local sociocultural na praza da Igrexa número 3”, do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 co código 2024.2000.0230.0, sen variación do seu orzamento de contrata, que está sen adxudicar ao estar condicionado ao cumprimento das condicións suspensivas da obtención da autorización de Augas de Galicia, de Patrimonio Cultural e da supervisión favorable polos servizos técnicos desta deputación, do proxecto modificado, que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, contando ademais cun informe de supervisión favorable emitido o día 7 de maio de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, que non supón unha variación do seu orzamento, nin do seu obxecto, nin da súa finalidade, pero que implica unha alteración substancial do seu contido ao dividirse o investimento inicialmente previsto en dúas fases por cuestións orzamentarias, recollendo este proxecto modificado a 1ª fase que constitúe unha obra completa.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDAS
As Pontes de García Rodríguez	2024.2000.0230.0	Rehabilitación de edificación para local sociocultural na praza da Igrexa número 3	312.817,10	0,00	312.817,10	- Supervisión favorable do proxecto e aprobación polo concello - Autorización Augas de Galicia - Autorización Patrimonio Cultural -Xunta

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado por parte do concello, a supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios e a acreditación da obtención das autorizacións de Patrimonio Cultural e de Augas de Galicia, considerar cumpridas as condicións ás que fora sometido e, en consecuencia, aprobalo definitivamente dentro do Plan.

3.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello das Pontes de García Rodríguez para os efectos oportunos.”

22.- Aprobación do segundo proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba e Bar de Abaixo e Rúa dos Asidros", do Concello de Santiago de Compostela, incluído no Plan provincial de



cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 co código 2023.2000.0230.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do segundo proxecto modificado do investimento denominado “Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba e Bar de Abaixo e Rúa dos Asidros”, do Concello de Santiago de Compostela, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2000.0230.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de maio do 2023, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe este investimento do Concello de Santiago de Compostela.

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 do citado acordo plenario do 26 de maio de 2023, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento cos seguintes datos:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDINGES
Santiago de Compostela	2023.2000.0230.0	Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba e Bar de Abaixo e Rúa dos Asidros	212.718,39	0,00	212.718,39	-Autorización de Patrimonio Cultural-Xunta -Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello

Logo de presentar o Concello de Santiago de Compostela un primeiro proxecto modificado aprobado polo concello, que foi supervisado favorablemente por parte dos servizos técnicos desta deputación, xunto coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e que mediante Resolución da Presidencia desta deputación número 42592 do 9 de novembro de 2023 levantáronse as condicións suspensivas ás que quedou supeditado este investimento polo que se aprobou definitivamente dentro do Plan.

Visto que o concello aprobou un segundo proxecto modificado desta obra, que aínda non



está adxudicada, cun orzamento de contrata de 266.497,67 €, que supón un incremento de 53.779,28 € con respecto ao proxecto anteriormente aprobado, que é asumido integramente polo concello, para a actualización de prezos e para aumentar o prazo de execución, por ter quedada deserta a licitación convocada no ano 2024.

Constando no expediente o informe de supervisión favorable emitido o día 19 de agosto de 2024 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 25 de novembro do 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 1 de decembro do 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**

1.- Aprobar o segundo proxecto modificado da obra do Concello de Santiago de Compostela denominada “Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba e Bar de Abaixo e Rúa dos Asidros”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2000.0230.0, cun orzamento de contrata de 266.497,67 €, que supón un incremento de 53.779,28 € respecto do proxecto técnico anterior, que é asumido integramente polo concello, que contén as modificacións necesarias para a actualización de prezos e para aumentar o prazo de execución por ter quedado deserta a súa licitación, sendo o seu financiamento o que se indica na seguinte táboa:

Concello de Santiago de Compostela “Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba e Bar de Abaixo e Rúa dos Asidros” Código 2023.2000.0230.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	212.718,39	212.718,39	0,00
Concello	0,00	53.779,28	53.779,28
Total	212.718,39	266.497,67	53.779,28

2.- Na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra. Por outra parte o Concello de Santiago de Compostela asume integramente o incremento experimentado no orzamento de contrata deste investimento con motivo da modificación do proxecto técnico da obra, por importe de 53.779,28 €, segundo consta no Informe favorable da Oficina Orzamentaria do concello no que se acredita a existencia de crédito suficiente no orzamento 2025 para facer fronte ao incremento do proxecto, asinado dixitalmente o 30 de abril de 2025 por Manuel Roel Hernández-Serrano.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Santiago de Compostela para os efectos oportunos.”

23.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Pavimentación camiño en Carabanchel (Barazón) e outros”, do Concello de



Santiso, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 co código 2023.2102.0544.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Pavimentación camiño en Carabanchel (Barazón) e outros”, do Concello de Santiso, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 co código 2023.2102.0544.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o día 27 de outubro de 2023, polo que se aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 por maior achega provincial

Logo de ver que entre os investimentos aprobados neste plan figura incluída a obra do Concello de Santiso denominada “Pavimentación camiño en Carabanchel (Barazón) e outros”, co código 2023.2102.0544.0, que foi aprobada de forma condicionada ao cumprimento das condicións que se detallan:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN
Santiso	2023.2102.0544.0	Pavimentación camiño en Carabanchel (Barazón) e outros	45.117,38	0,00	45.117,38	- Autorización Patrimonio Cultural- Xunta - Autorización Patrimonio Natural - Xunta

Logo de que mediante Resolución da Presidencia desta deputación número 5131 do 12 de febreiro de 2024 levantáronse as condicións suspensivas ás que quedou supeditado este investimento polo que se aprobou definitivamente dentro do plan.

Logo de aprobar o Concello de Santiso un proxecto técnico modificado desta obra, asinado dixitalmente 10 de abril de 2025 redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 35.844,23 €, o que supón unha minoración de 9.273,15 € respecto do orzamento de contrata do proxecto incluído no Plan, cuxo importe era de 45.117,38 €, e



que se redacta porque o camiño obxecto das actuación do parcial 3 do proxecto primitivo, “Pavimentación camiño en Reboredo” foi afectado polas obras que se están a levar a cabo da autovía A-54, e será reparado pola empresa encargada das mesmas, polo que se elimina dito parcial do proxecto.

Logo de presentar o Concello de Santiso os informes técnicos e xurídicos xunto coa aprobación deste proxecto modificado.

Tendo en conta que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o día 19 de maio de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 25 de novembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 1 de decembro de 2022.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.-Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Pavimentación camiño en Carabanchel (Barazón) e outros”, do Concello de Santiso, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 co código 2023.2102.0544.0 cun orzamento de contrata de 35.844,23 €, o que supón unha minoración de 9.273,15 € respecto do orzamento de contrata do proxecto incluído no Plan, cuxo importe era de 45.117,38 €. Este proxecto modificado conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o día 19 de maio de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, con diminución do orzamento de contrata respecto do proxecto inicial, e foi redactado debido a que o camiño obxecto das actuación do parcial 3 do proxecto primitivo, “Pavimentación camiño en Reboredo”, foi afectado polas obras que se están a levar a cabo da autovía A-54, e será reparado pola empresa encargada das mesmas, polo que se elimina dito parcial do proxecto.

2- Na partida 2025/0430-4592-76201 do vixente orzamento provincial existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

Proxecto modificado con diminución Concello de Santiso “Pavimentación camiño en Carabanchel (Barazón) e outros” Código 2023.2102.0544.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	45.117,38	35.844,23	- 9.273,15
Concello	0,00	0,00	0,00
Total	45.117,38	35.844,23	- 9.273,15

3.- Notificarlle esta Resolución ao Concello de Santiso para os efectos oportunos.”



24.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a maio de 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de maio de 2025.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de maio de 2025.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

25.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de Santiago de Compostela, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para levar a cabo as obras do proxecto construtivo de "Acondicionamento do Trazado de Ferrocarril en desuso Santiago de Compostela-Cercada para uso como VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE / TRAMO 2.2. (T.M. DE SANTIAGO DE COMPOSTELA).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:



“1. Aprobar a formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de SANTIAGO DE COMPOSTELA, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE_SANTIAGO.TRAMO 2.2", entre o camiño de As Pereiras (PQ 2+165) e a estrada de acceso á localidade de Ramelle, no PQ 7+010 (T.M Santiago de Compostela), proposta de actuación incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019, segundo se indica:

TIPO DE CUSTO	IMPORTE	DEPUTACIÓN DA CORUÑA	% ACHEGA	CONCELLO DE SANTIAGO	% ACHEGA
Execución da obra	804.938,65 €	503.086,66 €	62,50 %	301.851,99 €	37,50 %
Dirección de obra	20.123,46 €	20.123,46 €	100 %	---	---
Seguridade e Saúde	2.739,22 €	2.739,22 €	100 %	---	---
Control de calidade	5.590,24 €	5.590,24 €	100 %	---	---
TOTAIS	833.391,57 €	531.539,58 €	63,78 %	301.851,99 €	36,22 %

2. Condicionar a contratación e execución das obras obxecto da encomenda á efectiva disposición dos fondos necesarios para o seu financiamento e á aprobación do citado proxecto de obra.

3. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO DE "ACONDICIONAMENTO DO TRAZADO DE FERROCARRIL EN DESUSO SANTIAGO DE COMPOSTELA-CERCEDA PARA USO COMO VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE / TRAMO 2.2 (T.M. DE SANTIAGO DE COMPOSTELA)"

A Coruña, de do 2025

REUNIDOS

D., en representación da Deputación Provincial da Coruña

D., en representación do Concello de Santiago de Compostela

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

EXPOÑEN

1. Desde 1993, antigos trazados ferroviarios en desuso están a ser acondicionados para ser percorridos por viaxeiros diferentes aos que os transitaban en tren: cicloturistas, camiñantes e persoas con mobilidade reducida. Estas actuacións encádranse no chamado “Programa Vías Verdes”, desenvolvido no seu inicio polo Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente e actualmente promovido por moitas entidades locais e, na actualidade, promovidas activamente pola Fundación de los Ferrocarriles



Espaníes. As actuacións incluídas nas Vías Verdes constitúen un instrumento ideal para promover na nosa sociedade unha cultura nova do lecer e do deporte ao aire libre, da mobilidade non motorizada. Representan un claro apoio á cultura da bicicleta, ao xeneralizar o seu uso entre todos os cidadáns, desempeñando un importante papel educativo, en especial para os máis novos.

2. O Pleno da Deputación provincial da Coruña en sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de outubro de dous mil dezasete tomou coñecemento e ratificou a Resolución da súa Presidencia núm. 32005/2017, do 16 de outubro, en cuxa virtude se aprobaba o Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña.

3. O concello de Santiago de Compostela aprobou o proxecto “Acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Santiago de Compostela-Cerceda para uso como Vía Verde de Compostela-Tambre-Lengüelle / Tramo 2.2 (t.m. de Santiago de Compostela)”, en adiante “Vía verde Santiago. Tramo 2.2.”, polo Enxeñeiro de Camiños D. Ricardo Hueriga González, por un importe de 804.938,65 €, o cal recolle o detalle das obras necesarias para realizar o citado proxecto, por acordo da súa Xunta de Goberno de 17 de marzo de 2025.

Visto o anterior, considérase procedente a subscripción dun convenio de colaboración para a “encomenda de xestión” entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación da Coruña para a execución das obras do proxecto construtivo “Via verde Santiago. Tramo 2.2”, que afectan ao término municipal do concello de Santiago de Compostela.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración entre ambas as dúas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela con suxeición ás seguintes **CLÁUSULAS**:

PRIMEIRA. OBXECTO

1. O obxecto do presente convenio é regular a encomenda de xestión por parte do Concello de Santiago de Compostela a favor da Deputación da Coruña para a realización das obras recollidas no proxecto “Via verde Santiago. Tramo 2.2” comprendido entre o camiño de As Pereiras (PQ 2+165) e a estrada de acceso á localidade de Ramelle, no PQ 7+010 (T.M Santiago de Compostela), e que afectan a esta área municipal, documento que contén de xeito fidedigno as propostas técnicas e orzamentarias correspondentes para a súa realización práctica.

SEGUNDA. ORZAMENTO E PRAZO DE EXECUCIÓN

1. O orzamento de execución das obras estímase nuns OITOCENTOS TRINTA E TRES MIL TRESCENTOS NOVENTA E UN CON CINCUENTA E SETE (833.391,57 €) IVE incluído, e que corresponden ao Tramo 2.2. no cal se inclúen as actuacións a realizar no Concello de Santiago de Compostela:

a) Orzamento das obras que recolle o proxecto:

P.E.M	559.023,99 €
Gastos xerais (13 %)	72.673,12 €



Beneficio industrial (6 %)	33.541,44 €
Orzamento base de licitación sen IVE	665.238,55 €
IVE (21 %)	139.700,10 €
Orzamento base de licitación con IVE	804.938,65 €

b) Os custos derivados especificamente da execución da obra que se indican a continuación serán asumidos directamente pola deputación da Coruña, sendo calculados sobre o orzamento de execución material, que é de 559.023,99 €:

- Contrato de dirección de obra: 2,975 % + IVE = 20.123,46 €
- Contrato de seguridade e saúde: 0,49% IVE incluído = 2.739,22 €
- Contrato de control de calidade: 1% IVE incluído = 5.590,24 €

TOTAL: 28.452,92 €

O orzamento total de execución das obras ascende a un total de **833.391,57 €**

2. O prazo de execución dos traballos estímase en seis (6) meses para o tramo que recolle as obras previstas no proxecto de referencia, e que afectan ao termo municipal de Santiago de Compostela, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.

TERCEIRA. FINANCIAMENTO

O importe total do proxecto, mencionado na cláusula segunda apartado 1º, será cuberto coas seguintes achegas máximas:

- a) Deputación da Coruña 62,50 % sobre o orzamento de execución da obra: 503.086,66 €
- b) Concello de Santiago de Compostela 37,50 % sobre o orzamento de execución da obra: 301.851,99 €

No caso de que:

-o gasto finalmente realizado non acadase o importe total inicialmente previsto, tanto a Deputación como o Concello só achegarán o importe que corresponda a súa porcentaxe de financiamento.

-o gasto finalmente realizado sexa superior ao inicialmente previsto, debido a un proxecto modificado ou unha certificación final, a deputación e o concello aportarán o importe que corresponda á súa porcentaxe de financiamento.

Serán asumidos pola Deputación da Coruña os custos asociados á dirección de obra, seguridade e saúde e control de calidade.

O detalle dos custos totais da execución da obra son os seguintes:

TIPO DE CUSTO	IMPORTE	DEPUTACIÓN DA CORUÑA	% ACHEGA	CONCELLO DE SANTIAGO	% ACHEGA
Execución da obra	804.938,65 €	503.086,66 €	62,50 %	301.851,99 €	37,50 %
Dirección de obra	20.123,46 €	20.123,46 €	100 %	---	---
Seguridade e Saúde	2.739,22 €	2.739,22 €	100 %	---	---
Control de calidade	5.590,24 €	5.590,24 €	100 %	---	---
TOTAIS	833.391,57 €	531.539,58 €	63,78 %	301.851,99 €	36,22 %



Os gastos derivados da seguridade e saúde e control de calidade, por 8.329,46 €, imputaranse ao contratos vixentes da Deputación para as ditas prestacións.

En canto á execución da obra e a dirección de obra por importe total de 825.062,11 €, imputarase á aplicación orzamentaria 0520/4545/650.

CUARTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En virtude da sinatura do presente convenio o Concello de Santiago de Compostela, obrígase dentro do seu termo municipal a:

1. Como trámite previo á licitación das obras, presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións descritas no proxecto construtivo “Vía Verde Santiago.Tramo 2.2.” e que afectan a esta área municipal, así como a reposición de servizos e servidumes afectados. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, dentro do seu termo municipal, cando así sexa requirida pola Deputación da Coruña.
2. Facilitar a realización das obras correspondentes ao proxecto “Vía Verde Santiago.Tramo 2.2.”.
3. Unha vez realizadas as obras pola Deputación Provincial da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo Concello de Santiago de Compostela, procederase a :
 - 3.1. Formalizar a acta de recepción con representante designado polo Concello de Santiago de Compostela, xunto co técnico competente que determine.
 - 3.2. Formalizar a acta de entrega á entidade municipal da obra realizada, asumindo ésta a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do Concello de Santiago de Compostela.
4. Unha vez recibida a certificación de pagos realizados pola deputación para a execución material da obra, transferir á deputación da Coruña o importe que resulte de aplicar a porcentaxe de financiación correspondiente ao importe certificado.

QUINTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1. O proxecto construtivo “Vía Verde Santiago. Tramo 2.2”, contempla as obras previstas no proxecto de obra ao que se refire o presente convenio, que recolle de xeito fidedigno as directrices técnicas establecidas no Plan Director de Mobilidade Ciclista da deputación da Coruña.
2. Imputar o financiamento das obras recollidas no proxecto construtivo referido no apartado anterior, que se executarán no termo municipal de Santiago de Compostela, conforme aos planos e resto de documentación técnica do mesmo, á aplicación orzamentaria provincial 0520/4545/650.
3. Aprobar o proxecto construtivo, unha vez comprobado o cumprimento de todas as esixencias legais que fosen requiridas para a súa execución, e levar a cabo as actuacións



de contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción das mesmas.

4. Comunicar ao Concello de Santiago de Compostela a data e hora para o acto de recepción das obras pola Deputación Provincial da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo Concello de Santiago de Compostela, xunto co técnico competente que determine. Unha vez formalizada a recepción, procederase a continuación a facer a acta de entrega das obras realizadas ao Concello de Santiago de Compostela, ou se fora o caso a aqueles entes titulares afectados no ámbito territorial municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

5. Remitir ao Concello de Santiago de Compostela certificación dos pagos realizados na execución material da obra.

SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do Concello de Santiago de Compostela e outro representante da Deputación Provincial da Coruña. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

1. Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
2. Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
3. Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

2. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula quinta.

SÉTIMA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entes de dereito público, rixindo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rixiranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

OITAVA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias serán resoltas polo Presidente da Deputación da Coruña, visto o informe da Comisión de Seguimento, poñendo así fin á vía administrativa.

2. No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán da competencia da xurisdición contencioso-administrativa a súa resolución.

3. Serán causas de extinción deste convenio;

- O non cumprimento do seu obxecto.



- A inviabilidade na realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público ou a instancia de calquera das partes.

4. Cada unha das situacións descritas no apartado anterior, por sí soa, será causa suficiente de rescisión do convenio.

NOVENA. PUBLICIDADE

O convenio de Encomenda de Xestión será obxecto de publicidade de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo Goberno, e no artigo 11.3 b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A súa vixencia manterase ata a entrega das obras ou no que, por motivos debidamente xustificados, poidan acordar as administracións afectadas.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
POLO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA”

26.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Síndrome de Down "Teima" de Ferrol para o financiamento do proxecto "Sostibilidade do servizo de formación sociolaboral e emprego de Teima Down Ferrol", no marco do Plan de Emprego Local, PEL.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:



“1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e a súa memoria de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Asociación Síndrome de Down “Teima” de Ferrol, para o financiamento do proxecto “Sostibilidade do servizo de formación sociolaboral e emprego de Teima Down Ferrol”, no marco do Plan de Emprego Local, cun orzamento subvencionado de 38.823,33€, o que supón un coeficiente de financiamento do 34,9286%.

3. Imputar o gasto ao documento RC con núm. de operación 220250023188, da aplicación orzamentaria 0520/24100/481, do vixente Orzamento Xeral.

4. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2025 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 31 de decembro de 2025.

5. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “SOSTIBILIDADE DO SERVIZO DE FORMACIÓN SOCIOLABORAL E EMPREGO DE TEIMA DOWN FERROL”, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL, PEL.

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

D., en representación da Deputación Provincial da Coruña.

D., en representación da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE



DOWN “TEIMA” DE FERROL consideran de grande interese para a provincia, lograr a promoción e inserción laboral das persoas con discapacidade. Un dos retos desta entidade é incentivar o acceso ao emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL, con CIF G15458060, para o financiamento do proxecto “SOSTIBILIDADE DO SERVIZO DE FORMACIÓN SOCIOLABORAL E EMPREGO DE TEIMA DOWN FERROL”.

O proxecto pretende a formación para o emprego con apoio para as persoas con discapacidade intelectual, que lles facilite o acceso ao emprego ordinario no que basear o seu proxecto de vida o máis autónoma e independente posible.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL	104.725,45 €
Soldos e salarios 6450 horas. Tres traballadoras a xornada completa e 1 traballadora ao 75% da xornada	79.150,66 €
Seguridade Social a cargo da entidade	25.574,79 €
CONTRATACIÓNS EXTERNAS	2.278,88 €
Xestoría, protección de datos, prevención de riscos, sistema contra incendios)	2.278,88 €
ARRENDAMENTOS E CANONS	601,08 €
Cuota comunidade de veciños	601,08 €
PRIMAS DE SEGUROS	792,00 €
Seguro de Responsabilidade Civil, seguro de Accidentes de	792,00 €



Usuarios, seguro de local	
REPARACIÓN E CONSERVACIÓN	550,00 €
Reparación e conservación caldeira, elevador	550,00 €
COMUNICACIÓNS	1.375,00 €
Telefonía, internet, comunicacións postais, etc	1.375,00 €
SUBMINISTRACIÓNS	3.691,04 €
Auga, luz e gas	3.691,04 €
TOTAL	114.013,45 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define cláusula primeira, cunha achega máxima de **39.823,33€**, o que representa unha porcentaxe do **34,9286%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 35,49436% da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada, resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidade vinculadas á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refireo artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á



contratación, a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL deberá solicitar al menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberá elegirse unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga pola ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.- Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsación deberá extenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- 3.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 5.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
6. Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- 7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.



VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, comprenden **dende o 1 de xaneiro de 2024 e ata o 31 de decembro de 2024.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto, tal e como se indica na cláusula DÉCIMO TERCEIRA. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle



poidan impoñer, a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL poderá ser escollida pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL, queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos



Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **desde o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024** sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2025**.

2. Previa solicitude da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL, realizada alomenos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial,

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso- administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita



xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno corporativo o día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación da Coruña

Pol a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN
“TEIMA” DE FERROL

Asdo.

Asdo.”

27.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo para o financiamento do proxecto "Foro de Liderado Feminino no Rural, Alza Voz de Muller", no marco do Plan de Emprego Local, PEL, na anualidade 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Acreditadas as condicións especiais do concello solicitante e a súa memoria de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co CONCELLO DE VIMIANZO, CIF P1509300H para regular a achega de 32.000,00€ para cofinanciar o proxecto “Foro de Liderado Feminino no Rural, ALZA VOZ DE MULLER”, cun orzamento subvencionado de 40.000,00€, o que supón un coeficiente de financiamento do 80%



3. Imputar o gasto ao documento RC con núm. de operación 220250029445, da aplicación orzamentaria 0520/24100/46201, do vixente Orzamento Xeral.

4. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2025 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 31 de decembro de 2025.

5. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE VIMIANZO PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “FORO DE LIDERADO FEMININO NO RURAL, ALZA VOZ DE MULLER”, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL, PEL, NA ANUALIDADE 2025

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

D., en representación da Deputación Provincial da Coruña
D., en representación do CONCELLO DE VIMIANZO

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE VIMIANZO consideran de grande interese para a provincia, promover e visibilizar o emprendemento feminino no medio rural, como un factor esencial para o desenvolvemento económico e social destas áreas, xa quen non só permiten a diversificación das economías locais, senón que é unha ferramenta imprescindible para combater a despoación e crear emprego sostible.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE VIMIANZO, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:



I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE VIMIANZO, CIF P1509300H, para o financiamento do proxecto “FORO DE LIDERADO FEMININO NO RURAL, ALZA VOZ DE MULLER”

O proxecto pretende apoiar e impulsar as iniciativas emprendedoras no ámbito rural e está dirixido a abordar a vulnerabilidade específica das áreas rurais mediante a promoción dun crecemento sostible, á contribución de fixación de poboación, á dinamización económica e á calidade de vida da poboación.

O obxectivo principal do proxecto, consiste en crear un espazo de encontro onde promover unha conversa transformadora e profunda que permita reflexionar e analizar dende unha mirada crítica e de xénero, o papel da muller no mundo do emprego e do emprendemento, así como crear unha rede provincial que potencie e aproveite o talento emprendedor feminino. Entre os seus obxectivos específicos, están: visibilizar o emprendemento feminino, xerar redes de apoio, reflexionar sobre a socialización de xénero e o seu impacto, así como empoderar ás mulleres no rural.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

A entidade beneficiaria levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
CONTRATACIÓNS EXTERNAS	18.500,00 €
Coordinación e planificación do evento	5.000,00 €
Honorarios relatoras	5.000,00 €
Adaptación dos deseños a diferentes formatos	600,00 €
Actuación para animación	1.000,00 €
Workshop. Actividade e espazo de intercambio entre participantes, expositores e relatores.	2.900,00 €
Organización, coordinación e creación de estrutura e contido	4.000,00 €
PUBLICIDADE E PROPAGANDA	18.700,00 €
Deseño da imaxe corporativa e liña visual	1.400,00 €
Deseño de contidos para RRSS e dinamización	2.500,00 €
Campaña de visibilidade e promoción do evento en redes sociais	2.000,00 €
Xestión de medios de comunicación e publicidade	5.500,00 €
Outras accións de marketing previas ao evento	1.000,00 €
Cartelería e ambientación	1.000,00 €



Video e edición	2.200,00 €
Servizo de fotografía do evento	1.300,00 €
Cobertura informativa do evento en redes sociais	800,00 €
Comunicación dos resultados do evento durante dúas semanas	1.000,00 €
DESPRAZAMENTOS	1.400,00 €
Desprazamentos e dietas de relatoras	1.400,00 €
COMPRAS DE BENS DESTINADOS Á ACTIVIDADE	1.400,00 €
Contido para carpeta de participantes	1.400,00 €
TOTAL	40.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define cláusula primeira, cunha achega máxima de 32.000,00€, o que representa unha porcentaxe do 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00%, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada, resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE VIMIANZO o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE VIMIANZO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.



V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: www.emplo.dacoruna.gal
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE VIMIANZO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista no disposto na Base 54ª das de execución do Orzamento para o ano 2025, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE VIMIANZO pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministros ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar alomenos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4.- O CONCELLO DE VIMIANZO estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao abono do 50 por cento restante, unha vvez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.- Memoria da actuación, suscrita polo representante legal do CONCELLO DE VIMIANZO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.



4.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

5.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

6. Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial,

8. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

9.- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado 50 por cento no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden **dende o 1 de marzo de 2025 e ata o 30 de xuño de 2025**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE VIMIANZO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE VIMIANZO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicáble ao respecto, tal e como se indica na cláusula DÉCIMO TERCEIRA. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE VIMIANZO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE VIMIANZO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a



declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE VIMIANZO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE VIMIANZO poderá ser escollido pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE VIMIANZO, queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de



xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE VIMIANZO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE VIMIANZO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o inicio das actividades, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2025**.

2. Previa solicitude do CONCELLO DE VIMIANZO, realizada alomenos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE



1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo CONCELLO DE VIMIANZO respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso- administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno corporativo o día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación da Coruña

Polo Concello de Vimianzo

Asdo.

Asdo.”

28.- Aprobación da proposta de acordo de adhesión á Asociación de Agencias Españolas de Gestión de la Energía_ EnerAgen.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:



1º.- Aprobar a adhesión da DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA á Asociación de Agencias Españolas de Gestión de la Energía_ EnerAgen e cumprir os seus fins estatutarios, así como os seus requisitos formais e sectoriais, para alcanzar os obxectivos desta.

2º.- Designar a Dna. Rosa Ana García López para representar á Deputación Provincial da Coruña na Asemblea da Asociación EnerAgen, ou persoa en quen delegue.

3º.- Designar a Dna. María Rosario Méndez Gil como representante técnico da Deputación Provincial da Coruña para asistencia a reunións e grupos de traballo da mesma.

4º.- Aprobar a achega da anualidade 2025 da Deputación Provincial da Coruña á dita Asociación dunha cota anual de 2.300,00 € en concepto de "Cuota EnerAgen", así como a cota polo mesmo importe liquidada á Fundación FAEPAC correspondente ao exercicio 2024 que ha de asumir esta Deputación por subrogación na posición debedora, en virtude dos acordos adoptados no procedemento de liquidación daquela entidade fundacional.

5º.- Facultar ao Presidente para realizar todos os trámites oportunos para que a adhesión da Deputación Provincial da Coruña á Asociación EnerAgen sexa efectiva."

29.- Aprobación do proxecto da obra "Proxecto actualizado de construción Ponte sobre o río Mandeo na estrada DP 8001 Cruces a Penablanca, punto quilométrico 3+100 (SOBRADO DOS MONXES)" incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2025

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- APROBAR o proxecto actualizado de construción da Ponte sobre o Río Mandeo na estrada DP8001 Cruces a Penablanca PQ 3+100 (SOBRADO DOS MONXES) , que se integra no Plan de Investimentos en Vías provinciais 2025, cun orzamento total de 1.336.394,95 € con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

Aplicación Orzamentaria	Código	Denominación	Concello	Orzamento	Prazo de execución
0410/4531/60900	2025.1110.0006.0	Proxecto actualizado de	Sobrado dos Monxes	1.336.394,95 €	10 meses



		construción da Ponte sobre o Río Mandeo na estrada DP8001 Cruces a Penablanca PQ 3+100			
--	--	---	--	--	--

- 2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.
- 3.- CONDICIONAR a contratación da obra á obtención da autorización de Augas de Galicia.”

30.- Aprobación definitiva do proxecto da obra Senda peonil na estrada DP 1004 Lanzá a Boimorto, dende o punto quilométrico 9+690 ao 10+560 (BOIMORTO), incluída no Plan de Sendas Peónis 2024

VOTACIÓN

- Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
- Votan en contra: ningún/ha deputado/a
- Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- APROBAR de xeito definitivo o proxecto Senda Peonil na Estrada DP 1004 Lanzá a Boimorto, dende o Punto Quilométrico 9+690 ao 10+560 (Boimorto) que se integra no Plan de Senda Peónis 2024, cun orzamento total de 458.097,12 € con cargo á aplicación 0410 /4535/ 60900 que se detalla:

Aplicación Orzamentaria	Código	Denominación	Concello	Orzamento	Prazo de execución
0410 /4535/60900	2024.1170.0003.0	SENDA PEONIL NA ESTRADA DP 1004 LANZÁ A BOIMORTO, DENDE O PUNTO QUILOMÉTRICO 9+690 AO 10+560 (BOIMORTO)	BOIMORTO	458.097,12 €	6 Meses

- 2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.
- 3.- CONDICIONAR a contratación da obra á á redacción do proxecto de control e



seguimento arqueolóxico e á súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.”

31.- Aprobación do proxecto Modificado 1 DP 3108 Acceso a Almeiras. Mellora da seguridade vial e renovación de pavimentos; Rúa San Xiao (Culleredo)

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Aprobar o Proxecto “Modificado núm.1 Mellora da Seguridade Viaria e Renovación de Pavimentos; Rúa San Xiao (Culleredo) (2024.1110.0001.1) cun prazo de execución de 4 meses e cun orzamento de contrata que ascende a 328.550,63 € o que supón un incremento de 38.182,14 € € respecto ao primitivo que ascendía 290.368,49 €.

2. Aprobar a formalización en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo ,CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, S.L (NIF: B15072713).da modificación do contrato que, aplicando a baixa de adxudicación supón un orzamento de adxudicación de 311.629,86 €. o que representa unha diferenza de 36.215,71 € con respecto ao prezo de adxudicación que ascendía a 275.414,15 €.

3. Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 1.496,52 € que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación, previa a formalización do contrato, quedando por tanto fixada a garantía en 12. 877,27 €

4. Condicionar a execución das obras contidas no modificado, á obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.”

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Sr. Presidente

Hai un punto que hai que incluír fóra da orde do día.

Sra. García Rey

Grazas. Bo día a todas.

Como xa poderían comprobar na proposta que se achegou a través da Subtel, recibimos unha alegación á resolución do plan único o último día así un pouco a última hora do Concello de Touro por non aceptar a súa solicitude que non viña aprobada polo



Pleno. Esta alegación ten que ser resolta polo Pleno, se ben non chegou en tempo de vir na convocatoria ordinaria e de pasar por Comisión. Entendemos desde o servizo que sería un grave prexuízo para o resto de concellos agardar ao Pleno de xullo e por iso traemos a proposta de incluílo fóra da orde do día. Grazas.

32. Desestimación das alegacións presentadas polo Concello de Touro ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, cumprimento das condicións ás que quedou sometida a aprobación do Plan e aprobación definitiva do POS+2025.

Procede a votarse a urxencia

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobada a urxencia por unanimidade dos trinta e un membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, vótase o asunto.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver ás alegacións presentadas polo concello de Touro á aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

O Pleno desta corporación provincial na sesión ordinaria realizada o 30 de maio de 2025 aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, elaborado no marco do previsto no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE nº 80, do 3 de abril) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE nº 96, do 22 de abril; partindo do contido da Ordenanza reguladora dos Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal da Deputación



Provincial da Coruña, aprobada polo pleno desta deputación na sesión realizada o 24 de novembro de 2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincial (BOP) número 227 do 28 de novembro de 2023, en relación co BOP número 53 do 14 de marzo de 2024; e de acordo coas súas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025 polo que se desestimou unha alegación presentada quedando definitivamente aprobadas as Bases.

O Plan presentouse o 5 de xuño de 2025 para o seu informe na Comisión Galega de Cooperación Local e para o seu coñecemento na Presidencia da Xunta de Galicia, en cumprimento do establecido nos artigos 112 e 191 i) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de Galicia, tendo transcorrido o prazo de 10 días dende a solicitude de informe sen que se presentaran alegacións.

Coa mesma data, 5 de xuño de 2025, presentouse na Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e na Subdelegación do Goberno en Galicia, para os efectos previstos no artigo 32 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril, tendo transcorrido o prazo de 10 días dende a solicitude de informe sen que se presentara alegación algunha.

Así mesmo, no Boletín Oficial da Provincia número 106, do 5 de xuño de 2025, publicouse un anuncio relativo á aprobación do POS+ 2025, para os efectos de que se puideran presentar as reclamacións ou alegacións que se considerasen oportunas no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, prazo que rematou o 19 de xuño de 2025.

Dentro deste prazo de 10 días de exposición pública, o 19 de xuño de 2025 o concello de Touro presentou a través da plataforma Subtel desta deputación un escrito de alegacións contra o acordo adoptado polo pleno desta deputación de aprobación do POS+ 2025.

O concello de Touro, no seu escrito de alegacións contra o acordo adoptado polo pleno desta deputación o 30 de maio de 2025 de aprobación do POS+ 2025, manifesta, en síntese, que se reafirma na súa solicitude de participación no POS+ 2025 presentada a través de Resolución de Alcaldía 33/2025 do 7 de febreiro de 2025, ante a imposibilidade de aprobalo en pleno, toda vez que considera que se trata dunha atribución residual de competencias da alcaldía e para evitar os prexuízos que se lle causarían aos veciños do concello. Lembra que os concellos son entidades autofinanciadas e con amplas competencias o que leva á dificultade ou imposibilidade de afrontar os custes dos servizos adaptados ás necesidades da veciñanza; e que é obriga doutras administracións, nomeadamente as deputacións provinciais, facilitar o financiamento dos concellos.

Apoia as súas alegacións no Ditame do Consello Consultivo de Galicia 155/2025 do 11 de xuño de 2025, Revisión de oficio iniciada a instancia de José Manuel Fernández Vázquez en relación coa citada Resolución de Alcaldía de 7 de febreiro de 2025, cuxa certificación tamén foi presentada na plataforma Subtel o 19 de xuño de 2025, no que se conclúe que *levando a cabo o exame dos artigos 21 e 22 da LBRL resulta que a potestade de solicitar subvencións doutra administración pública ou, como é o caso, acordar a participación en plans de cooperación entre administracións públicas, non*



aparece expresamente mencionada en ningún dos dous preceptos nin cabe incluíla, de forma nítida, nalgún dos seus apartados. Velaí que, ante a ausencia dunha previsión competencial específica, deba operar a cláusula residual de atribución de competencias á Alcaldía, prevista no artigo 21.1.s) da LBRL: “1. El Alcalde es el presidente de la Corporación y ostenta las siguientes atribuciones: (...) s) Las demás que expresamente le atribuyan las leyes y aquellas que la legislación del Estado o de las comunidades autónomas asignen al municipio y no atribuyan a otros órganos municipales”.

Remata as súas alegacións o concello de Touro solicitando que se mantéña a solicitude presentada e que se lle conceda a achega provincial por importe de 753.850,11 € asignada inicialmente, engadindo que solicita que, en todo caso, a deputación cumpra a súa obriga de financiar ao concello de Touro, ben sexa a través do POS+ 2025, ben sexa mediante outras fórmulas que garantan a cobertura financeira do concello para a prestación de servizos da súa competencia ou das actuacións sobre as infraestruturas da súa titularidade no ano 2025.

Tendo en conta, por outra parte, que o acordo de aprobación do POS+ 2025 quedou condicionado á entrada en vigor do Expediente de Modificación de Créditos (EMC) 2/2025 no que se inclúe crédito adecuado e suficiente para o financiamento do POS+ 2025, que foi aprobado polo pleno desta deputación na sesión realizada o 30 de maio de 2025, a mesma na que se aprobou o POS+2025, que se someteu a exposición pública por prazo de 15 días hábiles mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia número 104 do 3 de xuño de 2025, rematando o prazo de exposición sen que se presentara reclamación algunha, polo que o dito EMC entra en vigor coa publicación do correspondente anuncio no BOP do 27 de xuño de 2025, cumpríndose así a condición á quedou sometida a aprobación do POS+ 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, aprobadas mediante acordo plenario provincial do 29 de novembro de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025 polo que se desestimou unha alegación presentada quedando definitivamente aprobadas as Bases; e partindo do contido da Ordenanza reguladora dos Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal da Deputación Provincial da Coruña, aprobada polo pleno desta deputación na sesión realizada o 24 de novembro de 2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincial (BOP) número 227 do 28 de novembro de 2023, en relación co BOP número 53 do 14 de marzo de 2024.

As Bases foron redactadas no marco do previsto no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, publicada no Boletín oficial do Estado (BOE) número (nº) 80, do 3 de abril e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE nº 96, do 22 de abril); e partindo do contido da Ordenanza reguladora dos Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal da Deputación Provincial da Coruña, aprobada polo pleno desta deputación na sesión realizada o 24 de novembro de 2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincial



(BOP) número 227 do 28 de novembro de 2023, en relación co BOP número 53 do 14 de marzo de 2024.

A base 5.A esixe que a solicitude de participación no Plan sexa aprobada polo pleno do concello, salvo no caso dos municipios de gran poboación.

O concello de Touro non presentou ningunha alegación ás Bases do POS+ 2025 e presentou a súa solicitude manifestando no seu Decreto de Alcaldía de data 7 de febreiro de 2025 que se coñecen e se aceptan as Bases reguladoras do POS+ 2025, segundo figura no apartado primeiro do citado decreto de alcaldía.

Ademais, o concello de Touro convocou ata dous plenos para tratar o asunto da solicitude do POS+ 2025: o primeiro realizouse o 6 de febreiro de 2025 e foi rexeitada a proposta de participación no POS+ 2025 presentada polo grupo de goberno; e despois convocouse outro pleno extraordinario e urxente para o día 7 de febreiro de 2025, cuxa urxencia non foi aprobada.

Debe terse en conta que sobre este asunto da esixencia de que a solicitude de participación no Plan sexa aprobada polo pleno do concello xa se pronunciaron en varias ocasións os tribunais de xustiza, emitindo sentenzas favorables á deputación, chegando incluso a ter un pronunciamento favorable do Tribunal Supremo nun recurso de Casación, segundo figura na súa Sentencia 1899/2024 do 28 de novembro de 2024.

De acordo con estes antecedentes e fundamentos de dereito, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Desestimar as alegacións presentadas polo concello de Touro contra o acordo adoptado polo pleno desta deputación na sesión realizada o 30 de maio de 2025 de aprobación do POS+ 2025, toda vez que o concello aprobou a súa solicitude mediante decreto de alcaldía, incumprindo a esixencia de que sexa aprobado polo pleno do concello, salvo nos municipios de gran poboación, prevista na base 5.A das reguladoras do Plan, aprobadas polo pleno desta deputación o 9 de novembro de 2024 en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro de 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, tendo en conta que o concello aceptou expresamente as bases reguladoras do Plan e que a esixencia que figura nas Bases de aprobación por acordo plenario do concello está avalada por varias sentenzas favorables dos tribunais de xustiza, incluso cun pronunciamento favorable do Tribunal Supremo nun recurso de Casación.

2.- Considerar cumprida a condición á que se someteu a aprobación do POS+ 2025 da entrada en vigor do Expediente de Modificación de Créditos (EMC) 2/2025 coa súa publicación no Boletín Oficial da Provincia do 27 de xuño de 2025.

3.- Considerar definitivamente aprobado o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, aprobado polo pleno desta deputación na sesión realizada o 30 de maio de 2025, e publicar o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

4.- Notificar este acordo ao concello de Touro, lembrándolle que no acordo do aprobación do POS+2025 se indicaba que as Bases reguladoras do POS+2026 poderán



regular a forma de realizar o reinvestimento da achega provincial asignada a concellos que non aprobaron nos Plans ata 2025 a súa solicitude polo pleno.”

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control, mocións. Hai unha primeira do Grupo Popular sobre a impulsión da remodelación das instalacións deportivas de Caranza.

1. Moción do Grupo Popular sobre a impulsión da remodelación das instalacións deportivas de Caranza.

O Concello de Ferrol conta cun amplo conxunto de instalacións deportivas municipais, moitas das cales presentan un estado deficiente debido á falta de mantemento e investimento sostido ao longo dos últimos anos. Neste contexto, o Goberno local adquiriu o compromiso de acometer a renovación integral das devanditas instalacións no marco do proxecto estratéxico denominado "Cidade do Deporte", para o que resulta esencial a colaboración con outras administracións públicas. Neste camiño, cabe destacar a sinatura dun convenio histórico coa Xunta de Galicia por valor de 18 millóns de euros, destinado á transformación integral das instalacións deportivas, o que demostra o grao de compromiso, xestión e capacidade de colaboración institucional deste Concello.

Neste sentido, o Parque Deportivo de Caranza, de titularidade municipal e con terreos cedidos pola Xunta de Galicia, forma parte destacada deste proxecto. Actualmente, as pistas de fútbol 8 situadas no devandito parque (DEP-5) atópanse nun avanzado estado de deterioración. O céspede artificial presenta unha calidade moi baixa, o que supón un risco para a integridade física das e dos deportistas e imposibilita a celebración de competicións federadas.

Durante o mandato anterior, anunciouse a remodelación integral destas instalacións coa finalidade de construír un novo campo de fútbol 11 divisible en dous campos de fútbol 8, para que a canteira do club Galicia de Caranza dispoña de instalacións modernas e seguras para a práctica deportiva.

Froito desa intención, o día 31 de marzo de 2023, asinouse un protocolo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol, co obxectivo de artellar o financiamento e execución das obras, cun orzamento inicial estimado en 863.940,00 €, dos cales:

- A Deputación financiaría ata un máximo de 600.000,00 € (69,45 %).
- Concello de Ferrol asumiría 263.940,00 € (30,55 %).

O protocolo recollía tamén que o Concello de Ferrol sería o encargado de:

- Aprobado o proxecto.



- Publicalo no BOP para a súa exposición pública.
- Comunicar a aprobación á Deputación.
- Licitar e executar as obras.
- Contratar e financiar integramente as direccións de obra, coordinación de seguridade e saúde e control de calidade. Con todo, como consecuencia das sucesivas modificacións técnicas esixidas polos servizos da Deputación, o custo final do proxecto ascendeu a 876.997,01 €, alterando así a repartición inicial.

O 6 de outubro de 2023 por indicación directa do asesor da Presidencia da Deputación, D. Rafael Fernández Beceiro, se traslada ao Concello de Ferrol que a Deputación soamente pode aportar 480.000€, reducindo en 120.000€ a aportación comprometida meses atrás. Ante ditas manifestacións, o Concello de Ferrol aceptou aumentar a súa aportación e financiar así o 45,3 % do total, mentres que a Deputación asumiría o 54,7%, co único obxectivo de sacar adiante un proxecto prioritario para a cidade.

O propio 6.10.2023 rexistrase a solicitude de axuda para a remodelación de dúas pistas de fútbol 8 no parque deportivo de Caranza (DP-5) para convertelas nun campo de fútbol 11 divisible, cos novos porcentaxes indicados pola Deputación.

O 19.10.2023, rexistrouse (2023058488) o "Proxecto básico e de execución de remodelación de dúas pistas de fútbol 8 no parque deportivo de Caranza (DP-5) para convertelas nun campo de fútbol 11 divisible", redactado polo arquitecto Joaquín Leal Rodríguez.

O día 20.10.2023, o arquitecto municipal emitiu informe favorable condicionado á autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta, ao atoparse o ámbito dentro da zona de amortecemento do Camiño Inglés. Dita autorización foi emitida favorablemente o 04.12.2023.

Posteriormente, solicitouse á Deputación a supervisión técnica do proxecto:

- 12.12.2023: solicítase o informe de supervisión (número de rexistro SIR: 2023/7353)
- 07.03.2024: primeiro informe desfavorable (número de rexistro SIR: 202490000001374)
- 16.04.2024: remisión de proxecto corrixido (número de rexistro SIR: 2024/34).
- 17.11.2024: segundo informe desfavorable (número de rexistro SIR: 202490000008070).
- 27.11.2024: nova remisión (número de rexistro SIR: 2024/1596).
- Finalmente, o 26.12.2024, a Deputación emite informe favorable (número de rexistro SIR: 202490000009292).

Cómpre salientar que a Deputación bloqueou o avance deste proxecto durante máis de 9 meses, obrigando a sucesivas modificacións técnicas do proxecto. Esta demora premeditada e absolutamente desproporcionada ralentizou de forma inxustificable unha obra esencial para a cidade.

O 10.01.2025, publícase o proxecto no BOP; e o 14.02.2025, certifícase a non existencia



de alegacións. O 17.02.2025, a Xunta de Goberno Local aproba definitivamente o proxecto e o 27.02.2025 remítese o certificado de aprobación á Deputación, completando así todos os trámites administrativos necesarios para a sinatura do convenio e a licitación das obras.

Con data 09.04.2025, contactouse con D. Manuel Doce Blanco para coordinar a sinatura do convenio. Porén, este comunica que a reserva de crédito por parte da Deputación foi anulada, deixando sen financiamento unha actuación que contaba co respaldo técnico, institucional e veciñal, e que cumpría todos os requisitos establecidos.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal popular propón ao Pleno do Concello de Ferrol a adopción do seguinte acordo:

ACORDO:

1. Instar á Deputación Provincial da Coruña a retomar con urxencia o compromiso asumido no protocolo asinado o 31 de marzo de 2023, procedendo á sinatura do convenio de colaboración co Concello de Ferrol para a financiación e execución do proxecto de remodelación das instalacións deportivas do Parque de Caranza.
2. Reclamar á Deputación a habilitación inmediata da correspondente partida orzamentaria que permita garantir a execución das obras neste exercicio 2025, atendendo ao compromiso institucional adquirido e á necesidade urxente de mellora das instalacións.
3. Dar traslado deste acordo á Presidencia da Deputación Provincial da Coruña.

Sra. Sanjurjo Fraga

Pois moitas grazas, señor presidente, e bos días a todas e a todos.

A Deputación é a casa dos Concellos, unha institución que sempre colaborou en investimentos estratéxicos para os Concellos da provincia. É, sobre todo, unha institución que cumpre cos compromisos adquiridos. O deporte é estratéxico para a nosa cidade, fomenta a educación dos máis pequenos e promove hábitos de vida saudable para o conxunto de veciñas e veciños.

O Concello de Ferrol conta cun amplo conxunto de instalacións deportivas municipais, moitas das cales presentan un estado moi deficiente, debido á falta de mantemento e investimento sostido ao longo dos últimos anos. Neste contexto, o Goberno local adquiriu o compromiso de acometer a renovación integral das devanditas instalacións no marco do proxecto estratéxico denominado Cidade do Deporte, para o que resulta esencial a colaboración con outras administracións públicas. O Parque Deportivo de Caranza, de titularidade municipal, e con terreos cedidos pola Xunta de Galicia, componse de tres campos de fútbol, que son utilizados por máis de 350 nenas e nenos, e as pistas de fútbol 8 atópanse nun estado de deterioro moi grande, chegando a inhabilitarse por parte da Federación Galega de Fútbol, debido ao seu mal estado. O céspede artificial presenta unha calidade moi baixa, o que supón un risco para a integridade física dos deportistas e imposibilita a celebración de competicións federadas.



Durante o mandato anterior, anunciouse a remodelación integral destas instalacións coa finalidade de construír un novo campo de fútbol 11, divisible en dous campos de fútbol 8, para que a canteira do club Galicia de Caranza dispoña de instalacións modernas e seguras para a práctica deportiva. O Galicia de Caranza é un club que cumpre este ano cen anos, polo que é unha entidade centenaria da nosa cidade. E o barrio de Caranza é o primeiro barrio de Ferrol por poboación.

Froito desa intención que se anunciou o día 31 de marzo do ano 2023, asinouse un protocolo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol, co obxectivo de artellar o financiamento, buscar os cartos para a execución das obras, cun orzamento inicial estimado en 863.940 euros, dos cales irían sobre un 70-30; a Deputación financiaría ata un máximo de 600.000 e o Concello de Ferrol asumiría os 263.940 restantes. O custo final do proxecto ao final ascendeu a 876, houbo unha pequena diferenza e quedou así.

O 6 de outubro do ano 2023 mándannos un recado e trasládase ao Concello de Ferrol que a Deputación soamente pode achegar 480.000 euros, reducindo en 120.000 a achega comprometida uns meses atrás. Ante a dita solicitude, ante este cambio de plans, o Concello de Ferrol aceptou –con esforzo, pero aceptou– aumentar a súa achega e financiar así máis do 45% do total, mentres a Deputación asumiría o 54, co obxectivo de sacar adiante un proxecto que é prioritario para a cidade, co cal o que ía ser un reparto do 70-30 xa agora imos a medias e, como se di popularmente, vamos a escote.

Cómpre salientar –e xa remato– que a Deputación foi demorando o avance deste proxecto durante máis de nove meses, obrigando ás sucesivas modificacións técnicas do proxecto. Ante esta nova demora, con data 9 de abril, contactouse coa Deputación, de novo, para coordinar a sinatura do convenio. Porén, comunicannos que a reserva de crédito por parte da Deputación foi anulada. Polo tanto, xa levamos 27 meses esperando, 27 meses de atraso e instamos a Deputación Provincial da Coruña a retomar con urxencia o compromiso asumido no protocolo asinado o 31 de marzo do 2023, procedendo á sinatura do convenio de colaboración co Concello de Ferrol para o financiamento e execución do proxecto de remodelación das instalacións deportivas do Parque de Caranza. E reclamamos á Deputación a habilitación inmediata da correspondente partida orzamentaria que permita garantir a execución das obras neste exercicio 2025, atendendo ao compromiso institucional adquirido e ás necesidades urxentes de mellora das instalacións. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas. Si, Antonio.

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas.

Bueno, en primeiro lugar, quixera facer varias aclaracións. Por un lado, matizar un par de temas que, como dicía a deputada expoñente da moción, imos ver, o que se asina, o que se asina o 31 de marzo de 2023 cun compromiso da Deputación é un protocolo de intencións, ademais así o reflicte o propio escrito. Iso non hai ningunha dúbida que é un pouco xa o encabezamento dese compromiso da Deputación, do 31 de marzo de, repito,



de 2023. E este protocolo, tal como establece o seu título, fala de articular o financiamento de execución das obras no parque deportivo que ten como obxecto todo o que vostede acaba de expoñer, desa remodelación dese mal estado dos campos, e ese protocolo segue o seu curso. É curioso, dígoos porque, despois, pasan unha serie de meses, hai eleccións municipais e, evidentemente, hai un cambio de goberno en Ferrol e cambio de Alcaldía, no cal nós seguimos asumindo ese compromiso, dese protocolo de intencións para levar a cabo estas actuacións en Caranza.

Bueno, en todo isto pasa que, dende maio de 2023, que hai eleccións municipais, ata que se anuncian as xerais uns meses despois, se asina un convenio por parte do Concello de Ferrol coa Xunta de Galicia, repito, convenio, no que inclúe unha serie de actuacións, e dáse bombo e platillo a un proxecto de arredor dos 18 millóns de euros para distintas actuacións no Concello de Ferrol nese título de Cidade de Ferrol co Deporte, ou algo similar, ata aí correcto, todo perfecto e todo correcto, e aí inclúense tamén as instalacións das que estamos falando agora que son do campo de Caranza, por un total de máis de 800.000 euros, dos cales 700, case setecentos e pico mil euros son asumidos pola Xunta de Galicia, tal como reflicte nese convenio a táboa á que se van dedicar estes 18 millóns de euros que vostedes lanzan á prensa e lanzan á cidadanía que se vai executar en Ferrol.

Ben, pasa este tempo e a realidade é que ata o 3 de outubro de 2023 non hai ningún movemento por parte do Concello de Ferrol e a partir de aí si que entra unha solicitude do Concello de Ferrol co seguinte obxecto: “Pedir subvención nominativa para ejecutar las dos obras de remodelación de las dos pistas deportivas de fútbol 8 que existentes en la actualidad en el Parque Deportivo de Caranza para convertirlas en una única pista de fútbol 11 divisible en dos campos de fútbol 8, obra con un importe de 863.940 euros, de los cuales el 20% el Concello de Ferrol se compromete a aportarlos”. Isto é o que mete o Concello de Ferrol na Deputación. Ben, repito, data 3 de outubro. Simplemente dicir que uns días despois a Deputación da Coruña lle contesta por *mail* que está á súa disposición a apertura deste expediente para que vaian metendo documentación. Lonxe de contestar, mándase un segundo *mail* o 10 de outubro, volvéndolles a recordar, este primeiro *mail* dirixido á Alcaldía e o segundo correo electrónico foi dirixido á concelleira Blanca Suárez –creo que é, ou Blanca, realmente non recordo agora o apelido–, para que empecen a meter documentación. A realidade é que non meten nada; entón, a partir de aquí, dáselles unha guía de que documentación teñen que meter, e aquí vouno obviar, porque creo que todos os concellos, e todos somos alcaldes ou concelleiros, sabemos a documentación que hai que meter cando se solicita unha subvención nominativa á Deputación, creo que todos o temos moi claro ou deberíamos ter moi claro que é o que hai que meter.

Bueno, pois que pasa aquí?, pasa que realmente pasan 462 días, concretamente dende o 9 de outubro ata o 14 de xaneiro de 2025, en que vostedes non meten ningún tipo de documentación. Claro eu o que lle vou dicir simplemente son dúas cuestións moi claras: mire, non sei se levaba eu 15 días como deputado de Deportes e xa estaba eu visitando o campo do Galicia de Caranza, ademais coa Directiva, co seu presidente á cabeza, e o compromiso da Deputación foi e é total con esa instalación. A min non me teñen que sensibilizar, ao grupo de Goberno non teñen que sensibilizalo para saber a necesidade que ten ese campo. O que lle pedimos a vostedes é que xestionen, que xestionen e que realmente –vou intentar ser prudente– e que fagan as cousas ben. Que, por favor, non dean mensaxes neste caso ao Galicia de Caranza de que a Deputación,



neste caso, está boicoteando nada; a Deputación está á disposición, neste caso, do Galicia de Caranza, e o presidente sábeo perfectamente. E vostedes deberían sabelo porque, ademais, é curioso porque tivemos paralelamente a esta petición de subvención meses despois, algo máis ou menos similar, gardando as distancias, e voume explicar, que pasou co Rácing de Ferrol, outra instalación que tamén é municipal e que por petición súa, do seu Concello, a Deputación estivo aí, e incluso voulle dicir máis: estivo aí, fíxese unha anécdota de que incluso habilitamos crédito sen que vostedes nolo pediran, co campo do Rácing de Ferrol; é curioso, habilitamos xa o crédito antes de que vostedes nolo pediran. Quero dicir con isto que o compromiso da Deputación con Ferrol, co Concello, cos cidadáns e co deporte é total.

Eu diríalles que sexan máis proactivos para poder, digamos, levar a cabo todo isto. E tampouco quixera *enrollarme* moito máis, porque realmente creo que o que teñen que vostedes é mirar un pouquiño para dentro de como están facendo as cousas e como están solicitando as cousas e realmente tamén as mensaxes que vostedes lle están dando neste caso ao presidente e á Directiva do Galicia de Caranza. Polo tanto, repito, máis de 400 días sen recibir ningún tipo de documentación. Aínda a día de hoxe están sen subir, non solicitaron nin ese convenio. E despois, mire, por outra banda, vostede facía unha alusión aquí, que matizou un pouquiño –cousa da que me alegro–, a ese bloqueo do que vostede está a falar, imos ver, eu creo que iso é faltar á realidade, por non dicir algo máis forte, porque, imos ver, a min persoalmente e a ningún dos meus compañeiros se nos ocorre baixo ningún concepto falar con ningún funcionario para que diga, para dicirlles paraliza isto ou vaite amodo ou enrédao ou cualificacións similares, baixo ningún concepto, baixo ningún concepto; é máis, vostedes, lonxe de meter documentación nese expediente que nós abrimos, o que fixeron foi, paralelamente, mandar unha memoria a Asistencia a Municipios, por outra canle distinta, e, aínda así, seguiuuse, e Asistencia a Municipios estivo a vostedes pedíndolles documentación continuamente, ademais podemos ver todo o historial, cando vostedes metían algo non estivo nunca máis de 2, 3, 4 días en Asistencia a Municipios, e devolvíase a vostedes, e así se estivo durante 9 meses. Entón, creo que as cousas hai que facelas con rigor e con seriedade, e o que lles pediría a vostedes é que deixaran de enredar. Mire, voulle dicir un tema: o compromiso é total e vostedes cando anunciaron posiblemente ese convenio coa Xunta de Galicia deses 18 millóns de euros, que soan marabillosamente ben e anuncian que deses 18 millóns de euros van ir 800.000 euros para o campo de Caranza, aí obvian algo que é moi clarificador, e é que precisamente non nomean a Deputación absolutamente para nada. Claro, a miña pregunta é: deses 800.000 euros que vostedes dedican ao campo de fútbol do Galicia de Caranza, á parte do Concello, quen ía poñer?, a Deputación?, xa contaban con que nosoutros poñíamos aí ese diñeiro?, como articulaban todo iso? A realidade é que vostedes venden e venderon que o campo do Galicia de Caranza o ía facer a Xunta de Galicia.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas. Si, Avia.

Sra. Veira González

Si, por insistir así en varias cuestións: desde logo, desde o BNG todo o apoio ao



Galicia de Caranza, así o facemos desde o propio Concello de Ferrol os concelleiros que están alí, que teñen un contacto permanente coa Directiva. O que pasa é que o que pide esta moción, á parte de insinuar cousas bastante graves na súa exposición de motivos, o que obvia esta moción é efectivamente ese compromiso da Xunta de Galiza de financiar esa obra. Vostede, ademais, na súa exposición de motivos, obviou, a propósito, imaxino, porque non queren dar conta diso aquí na Deputación, pero é unha realidade absoluta, e, tamén, é unha realidade que vostedes, no orzamento de Ferrol, no ano pasado, no de 2024, recollían esa obra no marco do convenio Ferrol Cidade do Deporte, aparecía unha achega da Deputación e unha achega da Xunta de Galiza como se houbera un convenio asinado a tres. O que tiñan que ter feito é, unha vez que abren o diálogo coa Xunta de Galiza, é dicir: oia, pois entón o convenio vai ser asinado a tres. Ben, pois iso cambia efectivamente as cousas; pero non, vostedes obviaron esa información en todo momento. Entón, iso é algo que é bastante determinante, e o que é bastante determinante, e que vostede tamén obviou, é que non se pode estar catrocentos e pico días sen subir nada a un expediente e pretender que ese convenio prospere, porque iso non se lle fai a ningún concello, nin ao de Ferrol nin a ningún. E despois outra cuestión que xa lle acaban de explicar: o que non se pode é pretender que Asistencia a Municipios lle dea para diante a un proxecto que está dicindo que non cumpre determinadas cuestións. Pois o que lle pasa a calquera concello, que mete un proxecto e que Asistencia a Municipios lle di que non, que ten que corrixir determinadas cuestións; e que é o funcionamento máis ordinario da Deputación e non ten ningún tipo de propósito de bloqueo nin absolutamente nada. Entón eu creo que hai que facer ben as cousas, dialogar con honestidade e así si que se poden conseguir as cousas, pero obviando datos que son absolutamente fundamentais, evidentemente non.

Sr. Presidente

Grazas. Susana.

Sra. Sanjurjo Fraga

Moitas grazas, señor presidente.

Ben, señor Leira, esperaba de vostede outra resposta. É verdade que non quito que asistira nada máis tomar posesión, porque, ademais, eu mesma dou fe de que o vexo moitas veces en Ferrol, en partidos, do Baxi, do Parrulos, ou sexa, que vexo o seu compromiso co deporte, coa súa área e tamén coa miña cidade, con Ferrol. Pero, ben, certamente esperaba outros argumentos de máis peso e eu penso que non se cre vostede mesmo o que lle escribiron, o que lle escribiron, pois estou segura de que non o escribiu vostede.

Non hai ningunha incompatibilidade, ningunha incompatibilidade; entón que non lle conten contos e non nos conten contos a Ferrol. E, se ten dúbidas de incompatibilidade de convenios ou de partidas orzamentarias, pois pódolle un exemplo nada máis, un exemplo recente, que é por exemplo no Concello de Ares, e no Concello de Ares non houbo ningunha incompatibilidade, houbo fondos da Deputación, houbo fondos da Xunta de Galicia e non houbo tanto lío, non houbo tantas escusas e non houbo tantos pretextos. Entón, por favor, non poñan, digan claramente o que queiran, pero non poñan escusas de mal pagador, ou infórmense ben do que do que din. Se falta algún documento, non falta, eh, señor Leira, díggollo eu, pero se falta, oia, díganos exactamente



cal é o documento que falta, cal é o trámite que di que está sen facer, incluímolo, metémolo agora mesmo *in voce* na moción e todos de acordo. Ou sexa que díganme exactamente cal é o documento que falta ou o trámite que di vostede que non está ben e, sen problema ningún, incluímolo.

De todas as maneiras, eu traio aquí a foto, porque, como din sempre, unha imaxe vale máis que mil palabras, aquí está a foto, señor Bernardo, que se levantou, vostede non está, non está nesta, porque ultimamente está en moitas en que vén visitar Ferrol, pero nesta non está. Entón aquí traio a foto, tamaño póster para que se vexa ben, están firmando o protocolo en marzo de 2023. Ben é certo que en marzo de 2023 o alcalde era o señor Mato, do seu partido político, pero ben... O que non imos soportar é que se incumpra de maneira escandalosa o compromiso co Parque Deportivo de Caranza; levamos 27 meses de espera. Traizoáronnos a todos os ferroláns. Esa cronoloxía que vostede dixo, señor Leira, non a quixen ler por non expandirme, vale?, por respecto un pouco ao resto dos compañeiros, pero traizoáronnos a todos os ferroláns, primeiro dicindo que iamos facelo xuntos, que iamos a un 70-30; despois, xa digo, a escote, a medias, a un 50-50; e nós tivemos que poñer 120.000 euros, 120.000 euros. Entón, a ver, sexamos un pouquiño serios. Aínda así, cando nos dixeron que non ían poñer 120.000 euros, nós fixemos o esforzo, fixemos o esforzo, refixemos as contas, buscamos os cartos e achegamos os 120.000 euros máis, porque esa é a nosa forma de traballar e esa é a nosa forma de asumir os nosos compromisos. E ollo, que custa moito máis, cústalle moito máis ao Concello de Ferrol reunir 120.000 euros que á Deputación da Coruña, porque a Deputación da Coruña con 120.000 euros dálle a risa, porque, de feito, deixa sen gastar todos os anos centos e centos de millóns, sen ir máis lonxe penso que 405 os millóns que deixou sen executar. Entón, en fin, moita propaganda, moita propaganda, moitos panfletíños a domicilio pero menos euros que nunca, porque anuncian a bombo e platillo unha chuvia de millóns, en fin... Eu tráiolles aquí o dato porque, por deformación profesional, pois a verdade é que sempre son do dato, fixen a conta e, miren, para que vexan, tanto panfleto, tanto panfleto pero no 2020-23 a Deputación gastou 4 millóns e medio de euros en Ferrol, cun presidente, o presidente que temos aquí, o presidente socialista, e no 2012-2015, con Diego Calvo de presidente, a Deputación investiu en Ferrol 5 millóns de euros. Xa non traio o dato deflactado, xa non perdín o tempo porque, en fin, deflactado tendo en conta a inflación deses dez anos. Pero, aínda así, sen incluír, sen actualizar o dato coa inflación, déronselle menos fondos a Ferrol que no mandato 2012-2015. Así que fagan menos propaganda e manden máis cartos para Ferrol. E, ben, non contentos con iso, como digo, a Deputación foi demorando, con sucesivas desculpas e trámites, máis de nove meses o avance do proxecto. Entón xa só nos queda pensar mal, xa só nos queda pensar mal. Vostedes lidarán coa súa conciencia e coas súas promesas e coa súa maneira de cumprir os compromisos, pero non nos contén, por favor, máis contos, non nos contén máis contos. Cumpran co que prometeron e dean ao Parque Deportivo de Caranza o que se comprometeron.

Sen máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Si, Bernardo.

Sr. Fernández Piñeiro



Ben, a verdade é que neste pastel de incompetencia total e absoluta na tramitación dun expediente nominativo, que os que estamos aquí todos e todas somos alcaldes e alcaldesas, estamos máis que fartos de saber como se fai, non podía faltar a guinda, e a guinda é que ata a propia moción que traen hoxe aquí está mal. Traen unha moción que non insta a Deputación da Coruña, se ven vostedes nos acordos, insta o Concello de Ferrol. Por tanto, eu non teño inconveniente en montar unha moción que inste o Concello de Ferrol, non hai ningún problema. Ata nin sequera a moción son capaces de facela ben. Home, hai que repasar un pouquiño o que un escribe, porque instarnos a nós a instar o Concello de Ferrol a que inste a Deputación ao seu tempo pois ben... Entendo, señor secretario, que haberá que emendar a moción *in voce* porque o acordo é inasumible por parte desta Deputación. Dito o cal, e empezamos pola guinda, empezou polo tellado e agora vou tirar cara os cimentos. O 31 de marzo de 2023 asínase un protocolo, efectivamente, entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para ese investimento. O 17 de xaneiro cambia a corporación municipal e entran vostedes a gobernar. O 30 de outubro –xa empezamos mal– a solicitude de subvención nominativa nesta Deputación é un documento de tres liñas asinado por unha concelleira. Os alcaldes e alcaldesas que están aquí saben perfectamente que as subvencións nominativas teñen que incluír unha petición do Pleno da Corporación, todas e cada unha delas. Todos os que estamos aquí, incluso os do Partido Popular, que presentan solicitudes de subvencións nominativas e que algunhas foron aprobadas en plenos recentemente, saben que teñen que ir cun acordo plenario. Pois o Concello de Ferrol non; presenta un documento de cinco liñas asinado por unha concelleira, ben xa empezamos mal. O 9 do 10 de 2023 requíreselle a presentación da documentación necesaria ao Concello de Ferrol para dotar de crédito e tramitar a subvención. Vostede ensinaba antes unha foto que di que eu non estaba; non, non estou en todas, e voulle ensinar unha máis bonita, que é a súa, que é esta, mire non é tan visual pero isto sabe o que é? Pois mire este é o rexistro do TEDEC da Deputación, que é, por se non o sabe, porque entendo que, tal como está tramitado, non o debe de saber, é como se tramitan as subvencións e os expedientes nesta casa, e aquí queda negro sobre branco que é o que se mete, cando se mete, quen o mete, dende logo non como o mete, porque hai cousas que efectivamente se presentan de forma extemporánea e fóra, e aquí o que vén dicir esta foto tan bonita que lle estou ensinando a vostedes, é que dende o día 9 de outubro de 2023, cando se lle require ao Concello de Ferrol a presentación de documentación necesaria para dotar de crédito e tramitar o expediente, tardan vostedes 452 días e 21 horas en presentar algo. E resulta que a culpa é da Deputación Provincial da Coruña, 452 días –sabe vostede que un ano ten 365–, ou sexa, un ano máis outros 100 días máis e mais 21 horas máis en presentar documentación neste expediente. E, repito, isto non o digo eu, isto dío o rexistro do TEDEC da Deputación. Home, penso que hai que ser un pouquiño máis serios e máis rigorosos, e non imputarlle a esta casa o que é froito única e exclusivamente da incompetencia do seu Goberno. Pero entre medias –porque, claro, xa dixen antes, isto é un pastel de incompetencias– entre medias presentan vostedes nalgún momento do expediente un documento onde din que non van recibir e que non están a recibir ningún tipo doutro investimento ou subvención para financiar esta obra. Consta un escrito asinado polo Concello de Ferrol onde se di que o Concello non vai recibir máis fondos para esta actuación, algo que todos e todas dos que estamos aquí, que somos alcaldes e alcaldesas moitos deles e delas, sabemos que tamén se inclúe nos expedientes de subvencións nominativas. Pois ben, asinan vostedes un convenio coa Xunta de Galicia o 2 de febreiro de 2024 onde, entre outras cuestións –téño aquí–, isto é un documento oficial do seu Concello, do convenio que asinan



vostedes coa Xunta de Galicia en 2024, onde, entre outras obras, sabe vostede cal inclúen?, nese convenio, que non en protocolo, campo de fútbol de Caranza, 893.000 euros. Iso está asinado polo seu alcalde e polo señor Diego Calvo. Polo tanto, piden unha subvención, din que non van recibir outra subvención doutra Administración; resulta que si que aparece, polo menos nun convenio, que iso si que ten validez xurídica, nun protocolo sabemos todos e todas que, ben, neste caso un xuízo de intencións, se se pode dicir así. Ben, pois xa ve vostede, consta un documento firmado e afirmado, como digo, conforme vostedes non reciben subvención, algo que queda acreditado que non é certo. Piden a subvención á Deputación e resulta que despois tamén lla piden á Xunta de Galicia, que, repito, confirma cun convenio. E entre medias, e fóra do expediente, unha vez máis, outro exemplo de incompetencia na súa tramitación, diríxense vostedes a Asistencia Técnica a Municipios para que proceda á supervisión do proxecto, proxecto que non trasladan vostedes á Deputación a través do TEDEC, é dicir, a través da canle oficial e a única pola que se tramitan estes expedientes. E o mellor de todo é que vostedes aproban o proxecto o 17 de febreiro de 2025. A aprobación do proxecto por parte do Concello de Ferrol é do 17 de febreiro de 2025. Sinceramente, señora, que quere que lle diga?, non se poden facer as cousas peor. Hai que ser moi incompetente, hai que facer un mal seguimento dos expedientes e unha pésima tramitación para facer as cousas tan mal. E iso non é o peor, porque todos temos dereito a aprender; o peor é a falta de coherencia e a falta de honestidade, cando un se equivoca e fai as cousas mal, de traer unha moción, poñer nun brete xa non os que estamos aquí, que xa lle digo que non, senón os compañeiros de partido seus que están sentados aí, que son alcaldes e alcaldesas que tramitan, cando se lles conceden esas subvencións nominativas, ben a súa documentación, que a fan conforme está establecido nesta casa e polas canles que hai establecidas, e trae vostede esta moción aquí cun papelón que, ben, xa digo, empezamos mal porque xa non insta esta Deputación, e, como acabamos de observar, con datos obxectivos sacados desta foto tan bonita que lle acabo de ensinar do TEDEC, é un auténtico desastre e unha desfeita de expediente. E, polo tanto, empecen vostedes por asumir o que é froito única e exclusivamente da súa incapacidade para tramitar ben as cousas. Quero pensar que non tratan vostedes de enganar a Deputación dicindo que non se recibe unha subvención cando si se recibía, porque dende que está asinado ese convenio, en ningún momento, se dirixiron á Deputación para dicir: mire, díxenlles a vostedes que non recibía subvencións pero que saiban que si, que agora acabo de asinar un convenio coa Xunta de Galicia e que me van financiar esta obra. Non fixeron absolutamente nada, nada. Polo tanto, iso de “consejos vendo que para mí no tengo” sería bo que o aplicaran vostedes no Concello de Ferrol, xa non só para non vir facer aquí este papelón e, como digo, obrigar os seus compañeiros e compañeiras a facelo, senón sobre todo por un mínimo respecto que penso que se lles debe aos cidadáns desta cidade, sobre todo cando un pretende falar en nome de todos eles e elas e defender os seus intereses, que entendo que aí deberíamos estar todos e todas os aquí presentes, así que nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Esquéceme: é curioso, non?, vostedes fai unha comparativa dos investimentos da Deputación en Ferrol no período 19-23, paréceme, e compárao co do 12-15. Que raro,



non?, a ninguén lle chama a atención que do 15 ao 19 non faga a comparativa, porque nós levamos aquí tres lexislaturas; entramos no 15, despois de vostedes. Entre o ano 15 e o ano 19 Ferrol recibiu desta Deputación 11,5 millóns de euros, dato que vostedes pretendeu ocultar facendo a comparativa coa lexislatura 19-23. Polo tanto, unha vez máis vostede terxiversa ou mente ou modifica a realidade con afirmacións comparativas que son totalmente inxustas. Período 15-19, xusto despois de que vostedes estiveran aquí, con ese 5 millóns de investimentos para Ferrol, duplicamos e aumentamos nun millón máis ese investimento duplicado con respecto ao que investían vostedes en Ferrol. Polo tanto, prégoles que, cando dea vostede datos, polo menos non oculte algúns para intentar vender cousas que pois que quere que lle diga?, non van coar, porque algúns estamos un pouco máis atentos. Grazas, moitas grazas.

Sr. Presidente

Si, Susana.

Sra. Sanjurjo Fraga

Moitas grazas, señor presidente, de novo.

Xa nos estrañaba, señor Fernández, que vostede deixara pasar unha oportunidade de coller o micrófono, xa nos estrañaba. Que barbaridade, canto se gusta vostede, canto se gusta.

En fin, señor presidente, píddollo por favor, píddollo a vostede persoalmente, porque vostede penso que é o que manda sobre o resto ou, ben, así debería de ser, estou segura de que é.

Teñen a pelota no seu campo, nunca mellor dito, e empecen por apoiar esta moción como signo de boa vontade. Nós non nos imos render, imos seguir loitando, porque non estamos mendigando, estamos pedindo o que é noso. E teño aquí o protocolo que asinaron ben, en fin... Señor Fernández é que eu non lle contesto a vostede, contéstolle ao señor Leira un pouco por respecto, porque, en fin... 450 días, 452 días é o que tardaron en facer o informe vostedes denegando o proxecto. No momento en que completamos o expediente, a Deputación cancelouno.

De todos os xeitos, señor Leira, xa lle digo, sígolle falando a vostede por respecto porque foi o que empezou a moción antes de que lle quitaran o micrófono. Modificamos a moción, modificámola agora. Digan exactamente que é o que falta, o papeliño, o trámite, o que sexa; modificámola e poñemos exactamente, eu digo que si, encantada, e todos nos poñemos de acordo, todos felices e contentos e votamos por unanimidade para que este asunto saia por fin adiante. Díganos que papeliño falta. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Eu interveño, señora Susana, como voceiro do Goberno. Non sei se vostede sabe



que tamén o son. O señor Leira intervén como deputado de Deportes. Por tanto, neste caso, falo en nome de todo o Goberno. Os documentos que faltan, repítolle, xa vexo que, loxicamente, non debe de querer vostede atender ou aprender. O que ten que facer é entrar en TEDEC e vexa vostede o requirimento que se lles fixo e aí constan os documentos que teñen que presentar e despois vexa vostede cantos presentaron. E os que non están –isto é sinxelo, Barrio Sésamo total– son os que teñen que presentar. Non ten moita complicación. A min gústame moito o micrófono. É por deformación profesional. Sabe vostede que son músico de profesión. Algo terá que ver con iso. Pero, en todo caso, gustaríame –créame vostede– moito non ter que coller este micrófono para contestarlle a cuestións e deixar en evidencia o que é unha absoluta incompetencia do Goberno do que vostede forma parte e, sobre todo, –repito o que dixen na miña anterior intervención– a pouca honestidade de quen culpa os demais do que é única e exclusivamente froito da súa incapacidade para facer as cousas ben. Repito, o TEDEC non engana, o TEDEC non se modifica, o TEDEC non se truca, o TEDEC non é un funcionario, o TEDEC non é político, o TEDEC non é do PSOE, nin é do BNG, nin de ningún outro. O TEDEC é un instrumento de traballo desta Deputación a través do cal se tramitan todos os expedientes. Entren vostedes nese TEDEC, vexan o que presentaron e o que lles falta por presentar e, a partir de aí, se quere, falaremos cando o consideren oportuno.

Sr. Presidente

Ben, procedemos á votación.

Sr. Ben Otero

No voy a entrar al rescate de mi compañera, que non lo necesita, obviamente, pero ha dicho una cosa el señor Fernández que queda registrada en el acta y yo le pregunto a usted, le interpele directamente, presidente: ¿Los convenios nominativos que se conceden a las ciudades de la provincia de La Coruña han tenido todos aprobación plenaria en estos ayuntamientos? Le pido que me responda esta pregunta, por favor, en este mandato. Si todos los convenios que se conceden a las tres ciudades de la provincia de La Coruña han sido con aprobación plenaria de estas tres ciudades. Nada más, gracias.

Sr. Presidente

Ben, revisaremos o expediente. Procedemos á votación.

Sra. Sanjurjo Fraga

No hablar, quiero ser yo, que la moción es nuestra, la moción es mía.

Sr. Presidente

¿Quieres ser la última?

Sra. Sanjurjo Fraga

Claro; hombre, digo yo, que yo tengo que ser la última en hablar. Él siempre está



acostumbrado a dar la última palabra, pero estamos en la Diputación, é un órgano serio, e a que quere dar a última palabra son eu, que son a que traio a moción. Eu teño aquí, mira, temos todo na plataforma SUBTEL, que é onde se soben todas as axudas. E teño aquí un pantallazo, non sei como é a visión do señor Fernández, non ten gafas, supoño que ve ben. E pon aquí que está todo subido, soamente falta un opcional, unha documentación opcional, que esa si que non está aportada, pero é opcional. Entón, de todas as maneiras, por non estar, en fin..., seguindo discutindo, porque non se pode falar con que non razoa, é simple, é simple. E agora imos votar e imos saber se teñen vontade ou non teñen vontade de sacar este asunto adiante, e non esconderse pois en desculpas, en pretextos ou en cousiñas.

Veña, moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (PP)

Votan en contra: 16 deputados/as (10 do PSOE e 6 do BNG)

Abstéñense: 1 deputado/a (Alternativa dos Veciños)

Decae a moción.

(O Sr. García Seoane abandona o Salón de Plenos.)

Sr. Presidente

Seguinte moción, que presentan os grupos provinciais do Partido Socialista de Galicia e do BNG, relativa á posta en valor das propostas en materia de vivenda e exixir a súa implementación en Galicia.

2. Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG relativa á posta en valor das propostas en materia de vivenda e esixir a súa implementación en Galicia

A vivenda constitúe un dos maiores retos sociais, económicos e xeracionais aos que se enfronta Galicia. O acceso a unha vivenda digna, segura e alcanzable é un dereito constitucional que, porén, leva anos gravemente comprometido pola falta de planificación estratéxica, a inacción institucional e a renuncia da Xunta de Galicia de Alfonso Rueda a exercer unha política pública ambiciosa e sostida no tempo.

Galicia carece dun parque público de vivenda acorde ás necesidades da súa poboación. Mentres países como Austria ou os Países Baixos contan cun parque público ou social que representa entre o 15% e o 25% do total de vivendas, Galicia sitúase moi por debaixo do 5%, á cola de Europa. Este déficit estrutural é especialmente grave no contexto actual de inflación inmobiliaria, onde amplas capas da poboación, especialmente a mocidade, as familias traballadoras e as persoas maiores, ven como o dereito á vivenda se transforma nun privilexio.



A realidade é incontestable: máis de 22.000 familias en Galicia están en lista de agarda para acceder a unha vivenda pública e cada día se suman 18 novas solicitudes. Mentres tanto, os prezos de compra e alugueiro continúan disparados e o mercado expulsa a milleiros de persoas cara á incerteza, á precariedade ou directamente ao risco de exclusión residencial.

En vez de actuar con responsabilidade, a Xunta de Galicia está a optar pola parálise, a confrontación partidaria e a renuncia aos recursos. O caso máis grave produciuse recentemente: o presidente da Xunta rexeitou 380 millóns de euros ofrecidos polo Goberno de España no marco do novo Plan Estatal de Vivenda 2025–2028, aprobado na Conferencia de Presidentes. Un investimento que multiplicaba por 2,5 o do período anterior e que permitiría construír 4.000 vivendas públicas de protección permanente en todo o territorio galego.

A decisión da Xunta non ten outra explicación que a obediencia cega aos intereses do Partido Popular a nivel estatal. Mentres comunidades como Euskadi, Navarra, Canarias ou Asturias aceptaron os fondos e puxeron en marcha os mecanismos para aproveitalos, Galicia quedou fóra dunha oportunidade histórica para garantir o dereito á vivenda.

Cómpre lembrar que a proposta estatal non se limitaba ao investimento: incluía tamén medidas estruturais, como a creación dunha base de datos pública sobre prezos reais de mercado, a blindaxe do parque público de vivenda para evitar a súa desprotección e a implicación directa das comunidades autónomas e entidades locais nun novo modelo de planificación a longo prazo.

Non é admisible que, por motivos ideolóxicos, a Xunta rexeite fondos estatais que pertencen á cidadanía galega. Non se trata dunha disputa entre administracións, senón da obriga ética e política de garantir un dereito básico para milleiros de persoas que viven coa angustia de non poder acceder a un teito digno.

O que está en xogo é a cohesión social, a igualdade de oportunidades, o reequilibrio territorial e o futuro dunha xeración enteira que non pode iniciar proxectos vitais nin arraigar nas súas vilas e cidades. Galicia precisa unha política pública de vivenda valente, responsable e aliñada cos retos do presente.

Por todo o exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG propoñen a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a aceptar os 380 millóns de euros do novo Plan de Vivenda estatal promovido polo Goberno de España, para garantir a construción de, polo menos, 4.000 vivendas públicas protexidas en Galicia.
- 2.- Instar ao Goberno galego a aumentar ata un 40 % o seu financiamento para o vindeiro Plan Estatal de Vivenda e aceptar a proposta de financiamento formulada polo Estado.
- 3.- Trasladar ao Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana do Goberno de España o seu apoio á solicitude para manter a proposta de financiamento dirixida á comunidade galega, facilitando así que os recursos poidan ser activados en canto a Xunta rectifique a súa



negativa.

4.- Apostar por un novo Plan Galego de Vivenda Pública con participación das entidades locais que priorice a construción en réxime de alugueiro e garanta o carácter permanente da protección das vivendas.

5.- Instar ao goberno galego a que non bloquee as propostas en materia de vivenda presentadas polo Goberno do Estado e colabore activamente para a súa implementación, incluíndo a xestión áxil e eficiente dos fondos estatais dirixidos á vivenda.

Sr. Rioboo Castro

Grazas, presidente.

Ben, a vivenda constitúe un dos maiores retos sociais, económicos e xeracionais aos que se enfronta Galicia, e o acceso a unha vivenda digna, segura e alcanzable é un dereito constitucional que leva anos gravemente comprometido por falta de planificación estratéxica. E no caso concreto de Galicia, da Xunta de Galicia e do Goberno de Alfonso Rueda, pois, de exercer unha política ambiciosa sostida no tempo. Galicia, ademais, carece dun parque de vivenda acorde ás necesidades da súa poboación. Países como Austria ou os Países Baixos contan cun parque público e social que representa entre o 15 e o 25% do total de vivendas, mentres que en Galicia estamos por debaixo do 5%, e este déficit estrutural é especialmente grave no contexto actual de inflación inmobiliaria, onde amplas capas de poboación quedan, loxicamente, a mocidade, as familias traballadoras e as persoas maiores quedan sen ese dereito á vivenda e que este dereito se transforma, ás veces, nun privilexio. A realidade cremos dende os dous grupos que é incontestable, son máis de 22.000 familias en Galicia as que están en lista de agarda para acceder a unha vivenda pública e cada día, cada semana, súmanse máis solicitudes e, ben, mentres tanto, os prezos para comprar unha vivenda ou alugala dispáranse e xeran moitísima incerteza entre a cidadanía da nosa provincia e entre a cidadanía de Galicia. E nós cremos, ambos os grupos, que hai que empezar a actuar con responsabilidade e, concretamente consideramos que a Xunta de Galicia non está no momento máis óptimo. Está a apostar por esa parálise en materia de vivenda e, ben, tratando de elevar a esta cota esa confrontación partidaria e a renuncia aos recursos cando estes veñen dende o Goberno de Madrid, dende o Goberno de España.

O caso máis grave produciuse nesa recente conferencia de presidentes onde cremos que a Xunta se equivoca rexeitando eses 380 millóns de euros para a vivenda ofrecida dentro do marco estatal do Plan de vivenda 25-28. Máis de 4.000 vivendas de protección permanente en todo o territorio galego están en perigo. E a decisión da Xunta cremos que non ten outra explicación máis que esa obediencia cega ás directrices que se marcan dende Madrid para esa confrontación que, sen lugar a dúbidas, neste caso pode traer unhas consecuencias históricas para o reto da vivenda na nosa comunidade autónoma e, concretamente, no que nos compete na nosa provincia.

Cómpre lembrar que a proposta estatal non só se limitaba ao investimento, senón tamén que incluía medidas estruturais como esa creación dunha base de datos pública sobre os prezos reais de mercado –dato importante–; a blindaxe do parque público de vivenda para evitar a súa desprotección e a implicación directa das comunidades autónomas, é dicir, o control da Administración pública e das entidades locais como un



novo modelo de planificación a longo prazo e, sinceramente, os motivos ideolóxicos aquí xógannos unha mala pasada, porque que a Xunta de Galicia nestes momentos, con datos reais, rexeite estes fondos estatais que pertencen a todos os cidadáns galegos, a todos os cidadáns da provincia, cremos que vai máis alá dunha disputa entre administracións. É unha obriga, cremos que ética e política, o de garantir ese dereito básico para milleiros de persoas que viven coa angustia de non poder acceder a un teito digno.

Está en xogo, sobre todo, a igualdade, a cohesión social, a igualdade de oportunidades, o reequilibrio territorial tan importante nos nosos concellos e o futuro dunha xeración enteira que non pode iniciar proxectos vitais, o seu plan de vida que depende dunha vivenda e que non os poden arraigar ao mellor nas súas vilas ou nas vilas máis próximas a onde queren establecer ese plan de vida.

Nós cremos, dende o BNG e dende o Partido Socialista, dende o PSdG, que Galicia precisa dunha política pública de vivenda valente, responsable e sempre aliñada cos retos do presente, tendo en conta que todas as iniciativas que poidan vir dende o Goberno de España, dende Europa, dende onde sexa non poden ser rexeitadas. E por iso queremos a todos e todas expoñerlles e propoñerlles a adopción dos seguintes acordos:

- En primeiro lugar, instar a Xunta de Galicia a aceptar os 380 millóns de euros do novo Plan de vivenda estatal promovido polo Goberno de España para garantir a construción de polo menos 4.000 vivendas públicas protexidas en Galicia.
- Instar o Goberno galego a aumentar ata un 40% o seu financiamento para o vindeiro Plan estatal de vivenda e aceptar a proposta de financiamento formulada polo Estado.
- Trasladar ao Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana do Goberno de España o seu apoio á solicitude para manter a proposta de financiamento dirixida á Comunidade galega, facilitando así que os recursos poidan ser activados en canto a Xunta rectifique, como así esperamos que o faga, a súa negativa. Apostar por un novo plan galego de vivenda pública con participación das entidades locais que priorice a construción en réxime de alugueiro e garanta o carácter permanente da protección das vivendas.
- E instar o Goberno galego a que non bloquee as propostas en materia de vivenda presentadas polo Goberno do Estado, colabore activamente para a súa implementación, incluíndo a xestión áxil e eficiente dos fondos estatais dirixidos á vivenda.

Moitas grazas.

Sr. Presidente

Gracias. Si, Avia.

Sra. Veira González

Moitas garzas. Pois, efectivamente, esta moción ten moito sentido, porque hoxe en día un dos principais problemas que detecta a cidadanía é o da vivenda, o de poder



acceder a unha vivenda digna a un prezo asumíbel, e efectivamente estamos nunha Galiza na que cada día sobe o prezo da vivenda, no que somos noticia precisamente por esa suba do prezo da vivenda e porque cada vez, a cada mes, acadamos os máximos históricos de prezos da vivenda. Estamos, ademais, nunha provincia na que temos dúas cidades que son claramente zonas residenciais tensionadas: a Coruña xa acadou ese recoñecemento por parte da Xunta de Galiza; Santiago de Compostela está pelexando por ter tamén esa declaración. Temos unha provincia na que efectivamente hai, ademais, distintas problemáticas, porque logo temos lugares onde o problema é que hai moita vivenda baleira. Temos lugares, especialmente as zonas costeiras, onde o problema que temos é que a xente non pode facer o seu proxecto de vida, non pode alugar porque a vivenda está secuestrada polo alugueiro de temporada e, polo tanto, fóra dos nove meses do curso non se pode alugar un piso. Temos moitos problemas na nosa provincia e o que precisamos é que a Administración con competencias exclusivas, como está recollido no propio Estatuto de autonomía, que é a Xunta de Galiza, ten que tomar decisións e ten que facelo xa, porque o problema está enriba. E está enriba non desde agora, desde ultimamente. Vemos como desde hai anos este é un problema que atinxe diariamente as galegas e os galegos. E que fai a Xunta de Galiza? Que fai o Partido Popular? O primeiro, asumir o mandato do señor Feijóo desde Génova, que é que non se acepten os fondos estatais para implementar políticas de vivenda, iso é o máis recente. Pero, se imos ao histórico desde que o Partido Popular volve á Xunta de Galiza en 2009, que é o que fai? O que fai é recortar radicalmente os fondos da Xunta de Galiza destinados á política de vivenda; é que recortaron 1.800 millóns de euros, que se di pronto, 1.800 millóns de euros en 15 anos. Iso é o que fixeron. Que fixeron? Non darse conta de que había un problema de vivenda, porque o problema de vivenda é consecuencia de toda a súa política. E non se dá conta do problema de vivenda o Partido Popular ata 2023 que Rueda dixo, así como se fose algo inxenuo, que non impulsaran políticas públicas de vivenda e de promoción de vivenda porque non detectaran o problema.

En realidade, si que o detectaran, o que pasa é que vostedes son máis da política de “es el mercado, amigos”, e cada un que se apañe. Esa é a realidade. Iso é o que é o Partido Popular. E a súa política foi exactamente a de recortar. A súa política foi exactamente a de non impulsar a vivenda pública. Esa foi a súa política. Si que tiveron política, que foi a de non facer. A de deixar ao libre albedrío e expulsando a xente do acceso á vivenda. Esa é a realidade. E, mentres tanto, foron sacando unha serie de políticas que foron un absoluto bluf. E póñoilles por exemplo o caso do Rexurbe, que teñen vilas enteiras mercadas e paralizadas coa lona do Rexurbe, pero sen facer absolutamente nada. Pódolles falar do caso da Coruña, que é o que máis coñezo, onde mercaron o total de dous inmóbeis; pero aínda non pediron licenza, e levan anos coa propiedade dos inmóbeis, e do outro teñen pendente de pago a taxa de licenza.

Polo tanto, un auténtico bluf o Rexurbe. Pero temos outro bluf, que é o de Fogar Vivo, que é un auténtico bluf, porque teñen recollidos cinco millóns de euros para toda Galiza, no que se supón que vostedes pretenden que a vivenda baleira saia ao alugueiro, un auténtico bluf co que non conseguiron absolutamente nada. E o que si que están facendo moi activamente é poñerlle paus nas rodas a todos os concellos que queren implementar medidas para solucionar isto, cousa que non é exactamente da súa competencia, senón que é competencia da propia Xunta de Galiza.

E que máis fixo o Partido Popular, á parte de poñerlle paus nas rodas, recortar,



etcétera, etcétera? Bueno, pois o que fixo tamén foi subirlle o prezo á vivenda protexida. Un 40% subíronlle o prezo á vivenda protexida. E agora que fai a xente que, primeiro, non pode alugar porque non se poden asumir os prezos do alugueiro. Que non pode comprar porque non dá aforrado para comprar unha vivenda, e que agora xa tamén está excluído da vivenda protexida. Que fai a xente, entón? Onde vai vivir a xente? Que saída lle están dando á xente para que teña acceso a unha vivenda a un prezo asumíbel? Absolutamente nada. E con todo este contexto vostedes teñen a valentía de rexeitar fondos públicos. Pois a verdade é que é dunha auténtica jeta, jeta máxima. Porque, ademais, despois, nos concellos nos que vostedes están na oposición, andan demandando políticas de vivenda desde os concellos e desde o Estado. Pero cando o Estado pon cartos para que a Administración competente en materia de vivenda desenvolva políticas de vivenda, rexéitanos.

Pois a ver que van facer agora cando posibelmente cheguen fondos europeos tamén, porque hai altas posibilidades de que haxa fondos europeos para políticas de vivenda, porque para iso se creou no Parlamento Europeo unha comisión de vivenda onde, por certo, foi o Bloque Nacionalista Galego quen foi alí explicar cal é o problema de vivenda que vivimos en Galiza. Non a Xunta de Galiza, non está pelexando a Xunta de Galiza por que o Parlamento Europeo saiba o que pasa neste país. É o Bloque Nacionalista Galego quen está deixando ben clara cal é a situación. Ben, pois cando cheguen fondos da Unión Europea, que vai facer o Partido Popular? Rexeitalos tamén para a Xunta de Galiza? É que é indecente, absolutamente indecente cando estamos falando do principal problema que preocupa as galegas e os galegos. Eu creo que se teñen que facer mirar isto e que teñen que rectificar en materia de vivenda porque é urxente e porque é unha necesidade básica.

Sr. Presidente

Grazas.

Sr. Lorenzo Torres

Bo día a todos. Gracias, señor presidente.

Creo que en algo estamos de acordo todos, que el derecho a la vivienda, que es un derecho constitucional –así lo pone la Constitución, hoy, por cierto, tan discutido por esta sentencia, que a partir de ahora ya todo vale–, que dice que todos los españoles tenemos derecho a una vivienda digna y adecuada. Es decir, que también invita a todos los poderes públicos, a todas las administraciones, a que se haga efectivo este derecho, que en el fondo es un derecho aspiracional. Todos debemos aspirar a esa vivienda y hoy podemos unirle también, por supuesto, digna, adecuada y asequible, porque lógicamente, si la vivienda no es asequible, estamos hablando no de un derecho, sino de un privilegio.

Pero no cabe duda de que, cuando hablamos de la vivienda, todas las administraciones tienen que decir algo, porque aquí tienen competencias la Administración estatal, tiene competencia la Administración municipal, tiene competencia la Administración autonómica e incluso también tiene competencia la Administración provincial. Y, cuando todas las instituciones o cuando todos los gobiernos tienen competencias, también tienen responsabilidades. Entonces, cada uno tiene que asumir su responsabilidad.



Yo leí con atención, estuve ahora escuchando todo lo que decían en sus demagogias y sus falsos argumentos y su tergiversar una realidad que está ahí. Una realidad grave, una realidad grave que no hay que olvidar que hace seis años, cuando llegó el Partido Socialista a través de la moción de censura al Gobierno de este país, era el octavo problema que tenían los españoles, los gallegos y los coruñeses. Y hoy, después de seis años de políticas socialistas, es el primer problema que tenemos todos los españoles.

Entonces, yo creo que esto también hay que hacer una reflexión. Incluso en la propia moción, cuando la estaban leyendo, decía que había por parte del Gobierno una inanición, una falta de actuación y, sobre todo, una falta de planificación estratégica. Sin duda, esto viene por parte del Gobierno central.

Pero también hacían ustedes, por supuesto, una crítica a la labor de la Xunta. Entonces, vamos a poner encima de la mesa lo que está haciendo cada uno en materia de vivienda. Como ustedes dicen, la Xunta de Alfonso Rueda, dicen ustedes que no tiene una política ambiciosa y dicen ustedes que no tiene una política sostenible en el tiempo.

Yo le voy a decir lo que está haciendo la Xunta de Alfonso Rueda respecto a la vivienda. En primer lugar, hay un compromiso, un compromiso fuerte, que se evidencia a través del presupuesto que, en estos momentos, Galicia tiene el mayor presupuesto en vivienda de la historia. Estamos hablando de 240 millones de euros que se han fijado para la construcción de vivienda, para mejorar el parque de vivienda pública en Galicia, con un objetivo, que es pasar de 4.000 viviendas a 8.000 viviendas.

Solo decirles que este año, 2025, ya están en proyecto más de 2.000, o se han puesto en marcha más de 2.000 viviendas. Y, como dije antes, así empezaba, aquí hay competencias compartidas. Y es muy importante, cuando hay competencias compartidas entre distintas administraciones, la colaboración. La única manera de sacar adelante proyectos con competencias compartidas es colaborar tanto la Xunta como los concellos. Y aquí yo quiero hacer hincapié en todos los programas que tiene la Xunta, consensuados con los concellos, para que se construyan viviendas. En primer lugar, los proyectos de interés autonómico, los PIA. Los PIA están colaborando con los ayuntamientos. Un ejemplo es La Coruña, en Montemero, donde para desarrollar suelo y que se construyan viviendas. Se pretenden construir 25.000 viviendas a través de esos proyectos de interés autonómico.

Estamos hablando de 20.000 viviendas de protección pública privada y 5.000 libres. También se está colaborando con los concellos con la cesión de suelo. El otro día hemos visto en Coruña como si fuera un convenio para ceder suelo para un barrio social para que la Xunta construya viviendas.

En este momento se firmó en La Coruña la semana pasada. Sé que también se firmó con el Concello de Teo y sé que están a punto de firmarse cesiones de terreno municipal para que construya la Xunta, tanto en Carballo como en Narón. También están desarrollando nuevos programas, como el proyecto de poner en marcha un programa plataforma de oferta de suelo de entidades locales para construcción de vivienda, en colaboración con un convenio con el IGVS.

Esto se aprobó el otro día y, por cierto, el primer concello que se ha adscrito a



este convenio ha sido el Concello de As Pontes, que, si no me equivoco, el alcalde es el presidente de esta Diputación. También se están haciendo colaboraciones con los concellos a través de fondos para financiar la cooperación y construcción de sus propios parques de vivienda protegida. También se está colaborando mucho con la rehabilitación –creo que es importante–, sobre todo de edificaciones de titularidad municipal. Hay una partida de 3,7 millones de euros para este tipo de actuaciones.

Quiero decirles que, con estas actuaciones, el año pasado se pusieron 26 viviendas públicas destinadas al alquiler social. También hay programas para infraviviendas. Uno de los grandes problemas, sobre todo en los ayuntamientos pequeños de menos de 10.000 habitantes, hay ayudas para que puedan rehabilitar esas infraviviendas donde vive mucha gente, y que sea efectivo ese derecho a una vivienda digna y adecuada. Estamos hablando de unas partidas presupuestarias de más de 370.000 euros. También el programa Rexurbe, y ahí también yo admito cierta crítica, que a veces lleva mucho retraso por culpa también de las tramitaciones municipales y por culpa de que muchas veces son edificios históricos y se exige ahí mucha burocracia y se exige mucha documentación.

Pero en estos momentos están para rehabilitarse edificios tanto en Betanzos, en Ferrol y en Coruña. En total se han adquirido 90 inmuebles y supondrán en un futuro 170 viviendas de alquiler accesible. También hay un programa que está de colaboración con los concellos, el programa Fogar Vivo, para movilizar vivienda vacía.

Esto es uno de los grandes problemas que tiene la vivienda, la cantidad de viviendas vacías que existen en Galicia. Estamos hablando de más de 500.000 viviendas vacías que no se ponen en el mercado de alquiler porque, por culpa de la ley de vivienda, hay mucha inseguridad jurídica y los propietarios no las ponen en alquiler. De hecho, hay programas que están ahora dando ayudas, incluso pagando los seguros para los impagos, para que la gente vuelva a poner esas viviendas en alquiler, que esto es uno de los problemas, porque, al haber menos viviendas y al haber menos oferta y la haber más demanda, ha hecho que suban los precios.

También, por supuesto, es necesario, si queremos hacer una política real de vivienda, las subvenciones, o las ayudas, o las deducciones en el RPF, tanto para rehabilitar viviendas o cuando se ponen alquiler de viviendas.

Y también quiero que sepa, señora Veira, que la Xunta ha modificado los límites máximos de ingresos de las familias para que puedan acceder a una vivienda pública y autonómica.

También se ha creado, como todos conocen, se ha puesto en marcha la Sociedad de Vivienda Pública de Galicia-Vipugal y, por supuesto, todo tipo de medidas. Se ha modificado la ley del suelo, se ha modificado la ley de vivienda, se está procurando que haya menos burocracias, menos trabas, que se promocióne la vivienda pública autonómica y, sobre todo, agilizar los tiempos, reducir la burocracia y simplificar la tramitación. Porque uno de los problemas que tenemos para la construcción de vivienda es el tiempo que se tarda en las licencias, en la tramitación de la construcción.

Por eso, digo, yo le puedo poner ejemplos de lo que está haciendo la Xunta, ejemplos reales. Ahora me gustaría..., vamos a hablar también, como ustedes hablaban,



de la inanición por parte del Estado. Pues a mí me gustaría saber qué ha hecho el Estado hasta el día de hoy en política de vivienda, lo que ha hecho este Partido Socialista de los últimos seis años. Anuncios muchos, anuncios muchos. Aún estamos buscando las viviendas del Sareb. ¿Se acuerdan? En plena campaña electoral, no sé cuántas, 180.000 viviendas del Sareb se iban a poner en el mercado. En La Coruña estamos aún esperando por ellas, por cierto. Hay que recordar, ya que ustedes forman parte de este Gobierno socialista, que también gobierna en Madrid, que hay un acuerdo, hay un acuerdo del Parlamento gallego, que fue suscrito por todas las fuerzas políticas, donde se le está pidiendo al Gobierno central que las viviendas del Sareb y el suelo del Sareb se nos entregue de manera gratuita, que no haya que pagarlo. Y esto fue aprobado por todas las fuerzas políticas.

Por eso, ustedes, que tienen vara alta en Madrid y tienen relaciones directas con ese Gobierno que tenemos en Madrid de Pedro Santos, yo les pido que ejerzan su influencia para que se cumpla el acuerdo que ustedes mismos han tomado en el Parlamento. Asimismo, ya si tuviéramos la suerte, como tuvo Cataluña, de fondos directos para la cuestión de vivienda, sería miel sobre hojuelas. También este acuerdo de las ayudas directas fue tomado en el Parlamento de Galicia por unanimidad de todas las fuerzas políticas que están aquí presentes.

Luego, el señor Pedro Sánchez también nos anunció que iba a construir 183.000 viviendas de promoción pública en esta legislatura. Por lo de pronto, no hemos visto la primera, ni siquiera colocar el primer ladrillo.

Y luego tenemos un problema grave con esta ley de vivienda, un problema tremendamente grave. Y los que estamos en los juzgados sabemos todo lo que está pasando y el miedo que hay de los propietarios a alquilar. El tema que hay de los ocupas sin solucionar y, sobre todo, de los inquilocupas, que a veces se dan situaciones de personas de cuatro o cinco años que tienen el piso alquilado, que no están cobrando la renta, que tienen que hacerse cargo de la luz y el agua del arrendatario —el problema social se lo pasamos al propietario— y, cuando van a recuperar el piso, se encuentran el piso destrozado y tienen que hacer una inversión millonaria.

Y esto no es justo. Y esta ley de vivienda, que tantos problemas está causando en estos momentos, hay que reformarla. Ya digo, crea inseguridad jurídica. Por otro lado, asume competencias, pretende quitar competencias a los gobiernos autonómicos para asumirlas el Gobierno central. Por eso me extraña mucho que la señora Veira esté apoyando ahora esta moción.

La declaración de toda zona tensionada. Mire, las intenciones pueden ser buenas, los resultados son tremendamente malos, son tremendamente malos. Ustedes quieren intervenir en el mercado; incluso hay fuerzas políticas que están en el Parlamento, que hoy ya no están ni aquí ni en el Concello de A Coruña, pero sí en el Parlamento, que hablan de expropiar.

Hay que expropiar los pisos vacíos. Vamos a ver, para expropiar hay que pagar el justiprecio —eso no lo cuentan—, porque, más que expropiación, en este paso que estamos dando día a día en estas leyes intervencionistas, están hablando de confiscar los pisos vacíos. Eso lo estamos oyendo y escuchando de fuerzas políticas que están en el Parlamento, que están apoyando al señor Pedro Sánchez para que continúe en el



poder, que no en el Gobierno, porque gobernar no lo está haciendo.

Ya digo, todo esto ha perjudicado mucho el mercado. Y hoy ustedes nos vienen con esta moción que habla de esos 380 millones de euros que Galicia renuncia. ¡O carallo! Aquí nadie renuncia a nada, aquí nadie renuncia a nada. Tienen ustedes que contar la verdad, que es lo que no están contando. De hecho, en estos momentos todos sabemos que están en conversaciones, tanto la Xunta de Galicia como el Gobierno central para esos 380 millones destinados a la vivienda.

Pero vamos a contar la verdad. Primero, en esa conferencia de presidentes, donde nada se votó, donde nada se votó, y aquí llegó el señor presidente, aquí mando yo e impongo esto, porque lo que pidieron las comunidades autónomas es poder votar las propuestas y no les dejaron, se habló de esa financiación para las viviendas. ¿Qué ha dicho la Xunta de Galicia? Oiga, vamos a sentarnos a hablar. Porque hay un plan de vivienda que se está terminando en el 2025, que, por cierto, la Xunta de Galicia ya ha cumplido con el 95% de las dotaciones que hay en el plan, o se están ejecutando. Ese plan de vivienda que termina, viene un nuevo plan de vivienda. Y nosotros lo que le pedimos al Gobierno central, igual que hace la Xunta con los concellos, que lo negocie con las comunidades autónomas, que no nos impongan un plan estatal de vivienda, que no nos impongan las políticas de vivienda desde Madrid.

Y esos 380 millones, que, ya les digo, no son 380 millones, son 399 millones en estos momentos, de los cuales la Xunta de Galicia, en ese plan de vivienda estatal, tiene que poner el 40% de esa cantidad. Estamos hablando de alrededor de 159 millones de euros que pone la Xunta y el resto lo tiene que poner el Estado. Por lo tanto, la Xunta qué está diciendo: oiga, vamos a sentarnos a hablar, que nosotros también ponemos dinero. Y no nos hagan ustedes el chantaje –palabra utilizada por algunos presidentes de las comunidades autónomas– de asumir un plan donde ustedes quieren marcar las políticas de vivienda desde el Estado, quitándole competencias a las comunidades autónomas. Entonces, convoquen ustedes, como les están pidiendo, la Conferencia Sectorial de Vivienda, y vamos allí a discutir y a hablar de políticas de vivienda, que es donde se tiene que hablar. Lo que no puede ser es la imposición, esa imposición que quiere hacer el Gobierno central, ya le digo, de esos 399 millones, no 380, como ustedes ponen, de los cuales 159 millones de euros tiene que poner la Xunta de Galicia.

Por eso, ahora es una oportunidad, porque viene un nuevo plan. Y lo que están diciendo las comunidades autónomas es, por favor, vamos a sentarnos a hablar, porque cada comunidad autónoma es distinta y tiene su propio problema y sus propias políticas de vivienda. Nosotros estamos haciendo inversiones. Lo único que le pedimos es que ese dinero sea para las inversiones que ya se están haciendo, que vemos que están dando resultado, que vemos que se están construyendo viviendas, que es lo primero que hay que hacer, crear oferta ante tanta demanda. No me impongan ustedes una política de vivienda desde Madrid, incluso con nuestro dinero, con esos 159 millones.

Le piden, por otro lado, plazos más largos. Estamos hablando de un plazo de tres años. Las comunidades autónomas están pidiendo un plazo de seis años para llevar a cabo este plan. Se pide que se revise la ley de vivienda, que tantos perjuicios ha traído. Lo de zona tensionada, el gran timo de la estampita, allí donde se ha declarado zona tensionada no han bajado los precios de los pisos, han subido. Téstenlo, miren lo que se está pasando en Cataluña, que tiene un problema de vivienda terrible, porque la gente no



saca la vivienda a alquiler, porque, si la tengo que sacar a menos precio, no la saco y nadie puede obligar a nadie, por mucho que quieran intervenir, al menos por ahora, a que alquile su vivienda.

Y también, por supuesto, el Sareb está aprobado por el Parlamento. Cédannos los pisos. ¿Cuántos años llevamos anunciando que nos iban a ceder esos pisos y a día de hoy no sabemos nada? Cédannos los terrenos para que podamos construir, y, por supuesto, gratuitamente.

Ya le digo, no se puede hacer una política de vivienda sin colaborar, pero bajo ningún concepto nos puede imponer la política de vivienda el Gobierno central de Madrid. Bajo ningún concepto nos pueden quitar competencias a la comunidad autónoma en temas de vivienda. La colaboración, la sana colaboración es que ese dinero que nos van a dar, que se está negociando, que nadie ha renunciado a nada, que se está negociando, que esta semana hubo reuniones entre Madrid y la Xunta de Galicia, que se va a convocar, seguramente, esa Mesa Sectorial, que, por cierto, tanto interés tiene este Gobierno central en la vivienda que lleva desde el 8 de octubre del año pasado sin convocar la Mesa Sectorial de Vivienda, cuando es el primer problema de los españoles.

Ya le digo, hay que trabajar, igual que hace la Xunta, colaborando con los concellos, tiene que trabajar este Gobierno central colaborando con las comunidades autónomas. Porque, como dice el otro, más autonomía y menos centralismo, más facer e menos falar. Muchísimas gracias por su atención.

Sr. Presidente

Moitas grazas. Si, Avia.

Sra. Veira González

Ai, señor Lorenzo, deulle a vostede unha arroutada soberanista marabillosa que é para enmarcar, de verdade, e para, non sei, para que poñan vostedes nas súas formacións internas. Non está ben que o Estado marque a política de vivenda desde Madrid, que cada comunidade autónoma é distinta. Ai, ai, ai. Ai, se aplicasen iso vostedes cando gobernan no Estado, de verdade, de verdade que ben distinto sería. A realidade é que non; a vostedes moléstalles a política do Estado cando non están vostedes, e punto e acabouse. Porque a realidade é que, cando Mariano Rajoy estivo gobernando no Estado ou Aznar estivo gobernando no Estado, o que se fixo ou se deixou de facer en materia de vivenda importoulles ben pouco, as leis de vivenda que se aprobasen no Congreso dos Deputados importáronlles ben pouco e nunca xamais se puxeron tan soberanistas. Pero, ben, en fin...

Nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, levamos propoñendo no Parlamento de Galiza que se asine un pacto galego pola vivenda anos. Vostedes nunca o atenderon, votaron sempre en contra diso, que ía na liña de aumentar precisamente os investimentos en vivenda pública, aumentar o parque de vivenda pública. Bueno, calquera podería buscar en Google e ver de que vai ese pacto galego pola vivenda, e vostedes sempre votaron en contra. E ía tamén na liña de reclamarlle á Sareb os bens que ten en Galiza. En fin, ogallá tivesen votado a favor e houbese un pacto galego pola vivenda e vostedes estivesen executándoo.



A min paréceme moi ben que Galiza non siga o plan estatal de vivenda. A ver como se pode facer iso e a ver se puidese ter un plan galego de vivenda que non dependese do plan estatal de vivenda; ogallá se puidese facer iso, ogallá vostedes tivesen nalgún momento da historia esa iniciativa, esa arroutada soberanista de implementar un plan propio atendendo á realidade concreta que ten Galiza. Pero non o fixeron xamais da vida, nunca xamais da vida reclamaron semellante cousa.

E falou vostede de ocupación. É que, a ver, consulte as súas propias fontes, pero a Xunta de Galiza puxo en marcha un teléfono da ocupación para que a xente chamase por se había casos de ocupación e a realidade é que en 2024 tivo tres chamadas, tres chamadas, señor Lorenzo. É a ocupación o principal problema? Non é o principal problema. O principal problema son os prezos do alugueiro. Ése é o principal problema. E vostedes non queren facer nada para intervir aí. Ou tamén é un problema bastante grande que a xente só poida asinar contratos por cinco anos. É un verdadeiro problema. É que no resto de Europa, no resto de Europa –escoiten ben– os contratos son indefinidos de alugueiro. É que no resto de Europa hai máis vivenda pública. Vostedes que vivenda pública implementaron desde que están na Xunta de Galiza desde 2009? É que é agora cando se están dando conta do problema e cando están facendo algo. Pero seguen defendendo o mesmo dogma de que canto máis se constrúa máis oferta vai haber e máis vai baixar o prezo. E iso é mentira, é unha gran mentira que demostrou a burbulla inmobiliaria, porque nunca na vida subiu tanto o prezo de alugueiro como nos anos da burbulla inmobiliaria. E construíase a Dios, e non baixaba o prezo, non paraba de aumentar. Entón non diga tonterías, de verdade. Non diga cousas que non son. É que hoxe en día na Coruña, que se está construíndo, é que están os prezos que se duplican os da burbulla, que se duplican. Que onde na burbulla había un piso de 270 mil euros hoxe, que tanto se se está construíndo, custa 600 mil. Quen pode pagar 600 mil euros por un piso? Se xa durante a burbulla non che daba unha vida, como che vai dar agora? É que de verdade, señor Lorenzo, hai que apegarse un pouco á realidade.

E di vostedes que a vivenda baleira é un gran problema e que o problema é que a xente ten moito medo para alugar. É que iso non é verdade, é que iso non é verdade. A xente está alugando e está alugando a prezos moi elevados. E o da vivenda baleira é un problema que vén de moi atrás, porque na Coruña levamos con 20.000 vivendas baleiras na cidade moitos anos, moitos, moitos, moitos anos, antes de que entrase en vigor a lei de vivenda última. Polo tanto, non se está atendo vostede á realidade. E cando un non detecta a realidade pois é difícil que lle poña solución.

Pero, ben, benvido a esa reclamación das competencias da Xunta de Galiza e a que o Estado non se meta nas competencias exclusivas das comunidades autónomas, e benvido a todo isto. Ogallá o implementasen vostedes nos momentos en que o Partido Popular gobernaba no Estado. Nada máis.

Sr. Presidente

Moi ben. Si.

Sr. Rioboo Castro

Moitas grazas.



Ben, neste sentido temos que compartir o criterio de Avia e pola súa parte, señor Lorenzo, a verdade é que fixo un argumentario bastante extenso, pero fáltannos datos concretos do que ten pensado facer a Xunta de Galicia coa vivenda nesta comunidade autónoma. Porque a nosa moción tampouco era unha moción para confrontar, nin para tratar de dicir que política ou que outra política pode ser mellor ou peor. Simplemente, o que nós queríamos era poñer enriba da mesa que hai un dato real en Galicia e é que, efectivamente, teñen vostedes moitísimos plans con nome e apelidos, pero que polo de agora non son efectivos, non lle vemos esa efectividade; porque, se a demanda e os datos que nós estamos dando aquí, que non son nin moito menos demagogia, son datos que están perfectamente contrastados, dos que vostede, como calquera, pode discrepar, pero están perfectamente contrastados, hai un que está por riba de todos: é que hai 22.000 galegos –e crescendo cada semana, cada día– que demandan unha vivenda para establecer un plan de vida que vostedes, dende a Xunta de Galicia, non son capaces de compensar. E nós o que lles estamos dicindo é por que outras comunidades autónomas si aceptan os 380 millóns de euros e vostedes, a todo o que chega de Madrid –porque parece que teñen esa confrontación ata límites extremos– lle din que non.

Pero é que os datos aínda son máis escandalosos: é que nos últimos anos apenas se construíu unha vivenda pública en proporción á poboación que ten Galicia na nosa comunidade autónoma; 22.000 demandantes, imos pechar aí a cifra, creo que escasamente 130 vivendas nos últimos anos. Iso non é unha política efectiva de vivenda, e tampouco nos podemos permitir o luxo de que, cando efectivamente vostedes, pois teñen unha planificación de douscentos e pico millóns de euros para construír 8.000 vivendas, que a todas luces vai ser insuficiente, porque aínda segue habendo un déficit de vivenda pública para que as familias dos mozos e das mozas na nosa comunidade autónoma poidan establecer o seu plan de vida serio e seguro. Seguen sendo escasas. Se vostedes aceptan a proposta do Goberno do Estado, do Goberno de Madrid, de incrementar eses 380.000 euros, aínda que lle compre o argumento de que terían que poñer unha parte proporcional, esas 8.000, directamente proporcional, serían 12.000; 8 e mais 4, 12.000. Pero, se lle compro o argumento de que terían que cofinanciar deses 380 millóns unha parte, pois ao mellor a cifra non é tan exacta, quedaríamos en 9.000, en 10.000, pero o que si estaría claro é que o incremento e a aceleración da construción da vivenda na nosa comunidade autónoma sería un feito real.

Vostede fixo un argumentario moi completo e felicítooo. Pero fáltanme datos, datos reais, datas concretas, onde os nosos mozos que hoxe terminan unha carreira ou establecen ou teñen un traballo, cando van poder dispoñer dunha vivenda pública construída pola Xunta de Galicia? Vostede ten ese dato concretamente?, cando cumbran 50, 60 anos? Non nos vale. Hai que acelerar os procedementos. E vostedes sempre están co mesmo, con botarlle a culpa ao Goberno de España, ao Goberno de España. Vostede sabe que o Goberno de España non ten esa competencia tan directa sobre a construción de vivenda, excepto excepcións. Son os concellos, son as comunidades autónomas, son os plans urbanísticos, as leis que hai nas propias comunidades autónomas as que regulan todo iso, salvo excepcións, que poidan ser coa SEPE ou con calquera outro tipo de acción. E poñer en dúbida que o Goberno de España non fai políticas claras de vivenda pública é non recoñecer a realidade. Pero podemos incluso comparala. Vostede di que o Goberno de España non fai políticas claras de vivenda pública. E o Goberno da Xunta de Galicia tampouco as fai, porque absolutamente nos últimos anos os datos son irrisorios e ridículos con respecto á demanda que hai. Entón,



concreten datas, concreten datas e expliquen, que aínda non explicaron de forma concreta, parécenos moi ben que estean negociando, que chamen ao Goberno de Madrid e que lles pidan máis explicacións sobre como investir eses 380 mil euros, paréceme correcto que teñan que ter toda esa información. Pero, home, creo que é un luxo nestes momentos, e dado o ritmo ao que van vostedes na comunidade autónoma galega, no seu Goberno dirixido polo señor Rueda, é ridículo os datos que nos están a dar. É que unha persoa que hoxe termina unha carreira e que establece un plan de vida vai ter que esperar 10-15 anos, ao ritmo que van vostedes, para poder mercar unha vivenda na nosa comunidade autónoma. E eses son os datos reais, e vostedes poden argumentar o que queiran para xustificar que non queren eses cartos. Paréceme un error, parécenos un error. Pero vale, vostedes, a fin de contas, son os que teñen a maioría no Parlamento galego e, ben, se quixeran escoitar mocións destas características, creo que o acordo podería ser entre todas e todos, porque creo que os argumentos van todos no mesmo sentido, e é facilitar o acceso á vivenda dos galegos e das galegas.

Sr. Presidente

Grazas. Si.

Sr. Lorenzo Torres

Sólo para contestar brevemente, porque ya es tarde y el debate está hecho.

Parten ustedes de dos falacias, de dos grandes mentiras. Primero, cuando les oigo hablar del Gobierno de España, del Gobierno de Pedro Sánchez, que es el poder, no es gobernar. En este momento, en este país no gobierna a nadie porque no hay ni mayorías en el Parlamento, no se sacan ni las leyes del Parlamento. Ahí tenemos a un señor que se sostiene en el poder contra viento y marea. Por eso, hablar de Gobierno de España, yo diría que usted hable del Gobierno de Pedro Sánchez. Lo entenderíamos todos mejor.

Pero la segunda falacia y la segunda gran mentira es la propia moción. En ningún momento la Xunta dijo que iba a rechazar ese dinero. Lo único que se está hablando entre la Xunta y el Gobierno central es cómo se gestiona ese dinero. Incluso hay el acuerdo de que, de ese dinero, el 40% lo ponga la Xunta, esos 159 millones. Pero lo que nos vamos a poner de acuerdo, dicen, no vamos a aceptar sus políticas que nos quieren imponer, que no se votaron, que usted bien sabe, como yo, que no se votaron, sino que se impusieron. Eso es lo que está diciendo la Xunta de Galicia.

Vamos a sentarnos a hablar, vamos a hacer políticas conjuntas, pero no nos impongan ustedes su política. Porque nosotros también tenemos nuestra propia política de vivienda y ese dinero lo podemos utilizar dentro de nuestras competencias. Por lo tanto, la mentira ya viene en tergiversar el propio mensaje que tiene esta moción, que está diciendo que la Xunta ha rechazado. Aquí nadie ha rechazado nada a día de hoy. Y las negociaciones están abiertas, y faltan por reunirse comisiones sectoriales para estos temas.

Por supuesto que el problema de la vivienda es muy grave, tremendamente grave, y afecta a toda la sociedad, pero las cosas en su sitio. A mí me estaban hablando del señor Rajoy, del señor Aznar, y en aquel momento no había el problema de vivienda que



hay hoy. Y hay un Gobierno socialista que lleva seis años gobernando en este país. Y el que era el octavo o noveno problema de los españoles, hoy es el primero. Entonces, hay que hacer una reflexión de por qué. Con estas leyes que están ustedes haciendo, que salen del Gobierno central, cada vez el problema, en vez de solucionarse, se agrava.

Hablamos de los inquilinos. ¿Qué tres llamadas? Miren, ¿saben la vergüenza que yo siento? Que cuando van a un despacho de abogados, y tengo uno, ¿saben lo que se le dice al cliente?: que vayan a estas empresas de matones, de matones a echar a la gente. Que ni siquiera acudan al juzgado. Esta es la vergüenza que estamos viviendo en este país. A lo que estamos recurriendo, a desalojar a personas que tienen sus derechos a tener una vivienda, que a lo mejor tienen o viven una situación, que no podemos hacer de ellos, por supuesto, al propietario, al arrendador que se haga cargo, pero sí que hay que dar una respuesta. Y eso, por eso, la gente no llama a esos teléfonos. Porque está recurriendo a otras herramientas. La vergüenza de este país, que estamos defendiendo distintos tipos de familia, y hoy nadie le quiere alquilar en esta ciudad, por ejemplo, y se lo aseguro, a una madre con un hijo o a un padre con un hijo. Nadie le quiere alquilar, salvo que sea un funcionario y que asegure el sueldo. Este es el problema que tenemos con este tipo de viviendas. Este es el problema que tenemos en la sociedad.

El problema que tenemos es que la gente solo le quiere alquilar a estudiantes, porque son nueve meses. Entonces, evito la ley de vivienda. La gente quiere convertir sus pisos en viviendas turísticas, porque así no tiene los problemas que le puede presentar un arrendador.

Entonces, estos temas que están encima de la mesa, que son reales, son los que tenemos que solucionar. Y hay parque de viviendas, hay 500.000 viviendas vacías, hay 30.000 viviendas en La Coruña, que se podían sacar al mercado. No digo las 30.000, pero 10.000 sí, que tienen miedo, tienen miedo a alquilar por esas leyes que ustedes están haciendo, que cada vez nos parecemos más a Venezuela. Cada vez nos parecemos más a Venezuela con este mercado intervencionista que ustedes están haciendo en alquiler, que lo único que está perjudicando es a los ciudadanos.

Entonces, reflexionemos entre todos, busquemos soluciones entre todos a un problema. Y, ya le digo, esta moción es una mentira. Nadie ha rechazado nada, estamos negociando y, por eso, nosotros no la vamos a apoyar, porque no podemos apoyar una mentira. Tampoco nos vamos a oponer, nos vamos a abstener, a esperar, a esperar, que esas negociaciones tan necesarias en un tema tan importante, entre el Gobierno central y la comunidad autónoma fructifiquen y que ese dinero se invierta en Galicia atendiendo a los criterios que marca la comunidad autónoma gallega.

Muchísimas gracias por su atención.

Sr. Presidente

Grazas.

Sr. Rioboo Castro

Simplemente dicirlle que botamos en falta datos. Vostede fala da vivenda que xa está construída. Hai diferentes etapas na vida das persoas, diferentes etapas de crise



neste país, e recórdolle cando se pinchou a burbulla inmobiliaria. Cantas familias tiveron que devolver os seus pisos, cos créditos aínda sen pagar e irse para as casas das súas familias; eran outras épocas.

Do que estamos a falar nesta moción non é dos pisos que están xa construídos, do que estamos a falar nesta moción é de que hai que construír máis vivenda para que os nosos mozos ou as persoas que carecen dela poidan acceder dunha forma fácil a esas vivendas e establecer o seu plan de vida. E, de verdade, eu non lle teño ningunha animadversión a ningún político que fora elixido democraticamente. Creo que vostede no seu argumentario parece que lle ten algún tipo de animadversión ao Goberno de España, polo seu argumentario, e ao mellor iso é o que non lle deixa ver perfectamente o horizonte. Pero eu creo que neste momento aquí non hai ningunha mentira, non hai absolutamente ningunha mentira, hai datos reais. Hai unha moción que vostedes queren desmarcala totalmente do seu contexto e que é precisamente o acordo ao que nós esperamos que vostedes cheguen, e é poder formalizar que eses 380 millóns non cheguen á Comunidade Autónoma de Galicia, cheguen aos galegos e ás galegas, para que vostedes, coa maior celeridade posible, poidan construír unha vivenda digna para que os galegos e as galegas que carecen de vivenda poidan tela no menor tempo posible, no menor tempo posible. E vostedes non son capaces de concretar eses datos.

E, como dicía a súa compañeira de Ferrol, aquí pechamos a moción. Grazas. E, se lle parece ao presidente, votamos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

“Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG relativa á posta en valor das propostas en materia de vivenda e esixir a súa implementación en Galicia

A vivenda constitúe un dos maiores retos sociais, económicos e xeracionais aos que se enfronta Galicia. O acceso a unha vivenda digna, segura e alcanzable é un dereito constitucional que, porén, leva anos gravemente comprometido pola falta de planificación estratéxica, a inacción institucional e a renuncia da Xunta de Galicia de Alfonso Rueda a exercer unha política pública ambiciosa e sostida no tempo.

Galicia carece dun parque público de vivenda acorde ás necesidades da súa poboación. Mentres países como Austria ou os Países Baixos contan cun parque público ou social que representa entre o 15% e o 25% do total de vivendas, Galicia sitúase moi por debaixo do 5%, á cola de Europa. Este déficit estrutural é especialmente grave no contexto actual de inflación inmobiliaria, onde amplas capas da poboación, especialmente a mocidade, as familias traballadoras e as persoas maiores, ven como o dereito á vivenda se transforma nun privilexio.



A realidade é incontestable: máis de 22.000 familias en Galicia están en lista de agarda para acceder a unha vivenda pública e cada día se suman 18 novas solicitudes. Mentres tanto, os prezos de compra e alugueiro continúan disparados e o mercado expulsa a milleiros de persoas cara á incerteza, á precariedade ou directamente ao risco de exclusión residencial.

En vez de actuar con responsabilidade, a Xunta de Galicia está a optar pola parálise, a confrontación partidaria e a renuncia aos recursos. O caso máis grave produciuse recentemente: o presidente da Xunta rexeitou 380 millóns de euros ofrecidos polo Goberno de España no marco do novo Plan Estatal de Vivenda 2025–2028, aprobado na Conferencia de Presidentes. Un investimento que multiplicaba por 2,5 o do período anterior e que permitiría construír 4.000 vivendas públicas de protección permanente en todo o territorio galego.

A decisión da Xunta non ten outra explicación que a obediencia cega aos intereses do Partido Popular a nivel estatal. Mentres comunidades como Euskadi, Navarra, Canarias ou Asturias aceptaron os fondos e puxeron en marcha os mecanismos para aprobeitalos, Galicia quedou fóra dunha oportunidade histórica para garantir o dereito á vivenda.

Cómpre lembrar que a proposta estatal non se limitaba ao investimento: incluía tamén medidas estruturais, como a creación dunha base de datos pública sobre prezos reais de mercado, a blindaxe do parque público de vivenda para evitar a súa desprotección e a implicación directa das comunidades autónomas e entidades locais nun novo modelo de planificación a longo prazo.

Non é admisible que, por motivos ideolóxicos, a Xunta rexeite fondos estatais que pertencen á cidadanía galega. Non se trata dunha disputa entre administracións, senón da obriga ética e política de garantir un dereito básico para milleiros de persoas que viven coa angustia de non poder acceder a un teito digno.

O que está en xogo é a cohesión social, a igualdade de oportunidades, o reequilibrio territorial e o futuro dunha xeración enteira que non pode iniciar proxectos vitais nin arraigar nas súas vilas e cidades. Galicia precisa unha política pública de vivenda valente, responsable e aliñada cos retos do presente.

Por todo o exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG propoñen a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a aceptar os 380 millóns de euros do novo Plan de Vivenda estatal promovido polo Goberno de España, para garantir a construción de, polo menos, 4.000 vivendas públicas protexidas en Galicia.
- 2.- Instar ao Goberno galego a aumentar ata un 40 % o seu financiamento para o vindeiro Plan Estatal de Vivenda e aceptar a proposta de financiamento formulada polo Estado.
- 3.- Trasladar ao Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana do Goberno de España o seu apoio á solicitude para manter a proposta de financiamento dirixida á comunidade galega, facilitando así que os recursos poidan ser activados en canto a Xunta rectifique a súa negativa.



4.- Apostar por un novo Plan Galego de Vivenda Pública con participación das entidades locais que priorice a construción en réxime de alugueiro e garanta o carácter permanente da protección das vivendas.

5.- Instar ao goberno galego a que non bloquee as propostas en materia de vivenda presentadas polo Goberno do Estado e colabore activamente para a súa implementación, incluíndo a xestión áxil e eficiente dos fondos estatais dirixidos á vivenda.”

Sr. Presidente

Seguinte moción, que presenta o Grupo Provincial do Partido Socialista de Galicia-PSOE, relativa á reclamación da finalización das obras de construción da autovía da Costa da Morte.

3. Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa á reclamación da finalización das obras de construción da autovía da Costa da Morte

A autovía da Costa da Morte foi unha das promesas que o daquela presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, fixo a unha das comarcas máis illadas de Galicia, tras o afundimento do petroleiro Prestige a finais de 2002, é dicir, hai agora vinte anos, sendo o reequilibrio territorial o motivo principal da súa construción.

A dita infraestrutura foi licitada por primeira vez en xullo de 2007 polo Goberno bipartito encabezado polo presidente Emilio Pérez Touriño, e adxudicouse a unha UTE formada por Ferrovial e Taboada y Ramos, que se comprometeu a facela por 584 millóns de euros, pero que, pouco despois de iniciar os traballos a finais de 2008, xa lle dicía ao Goberno galego que non sería capaz de finalizala se non se lle pagaba un 30 % máis.

A maiores desta licitación, o goberno de Pérez Touriño deixou elaborado o estudo previo para a redacción do proxecto do tramo de Berdoias a Cee, para así completar a totalidade dunha infraestrutura clave e necesaria para a veciñanza da Costa da Morte.

Coa chegada do PP á Xunta de Galicia, o novo goberno rexeitou as pretensións da empresa, rescindíndolle o contrato e licitándoo novamente, lixeiramente modificado en decembro de 2009 e sendo a oferta mellor valorada a UTE formada, entre outras por FCC e Covsa, que resultou ser a máis cara, con 979 millóns de euros, é dicir, cun sobrecusto de 395 millóns de euros con respecto á licitación do bipartito.

A segunda candidata nesa segunda licitación, unha UTE de Dragados e Puentes, que ofertaba a obra por 200 millóns menos, levou o proceso ao xulgado e en setembro do mesmo ano, tres meses despois da denuncia presentada polos socialistas, a daquela directora xeral de Infraestruturas da Xunta de Galicia, Isabel Vila, deixaba o cargo e era asumido pola que máis adiante se convertería en conselleira, Ethel Vázquez, que volveu licitar a obra por terceira vez en maio de 2011 por 745 millóns, á que só se presentaron dúas ofertas, de ACS e a da UTE que resultou finalmente adxudicataria, formada por Copasa, Taboada y Ramos (presentes na concesionaria do bipartito), Covsa (participante na oferta do suposto sobrecusto) e CRC.



En abril de 2012 o conselleiro Agustín Hernández fixo unha visita á Costa da Morte para, segundo as súas palabras, “trasladarlle aos veciños da Costa da Morte que o Goberno da Xunta é o primeiro que apoia a execución da autovía: estivemos, estamos e estaremos á cabeza desta infraestrutura que é imprescindible e inaprazable; trasladarlle á empresa construtora e á empresa concesionaria e aos traballadores o apoio da Xunta de Galicia na execución da obra e na busca do financiamento necesario para a súa execución e manter unha rigorosa tutela e vixilancia do contrato adxudicado, como non podía ser doutro xeito”.

Ao mesmo tempo que dicía o conselleiro que “quería denunciar a grave irresponsabilidade daqueles que lanzan dúbidas e incertezas sobre a actuación e que o que necesita a comarca é rigor, traballo e certezas, toca apoiar ao Goberno para que a obra remate en prazo”.

En febreiro de 2013, case dous anos despois da terceira adxudicación, a Xunta informaba ao Parlamento de que o grao de execución da obra non tiña superado aínda o 20 %, ante o que o Goberno galego argumentou que a concesionaria non era capaz de atopar o financiamento ao que se tiña comprometido para poder acometer os traballos; e no canto de rescindirle o contrato, como se fixo ante unha situación similar coa primeira adxudicataria dos socialistas, o Goberno de Feijoo optou por incluír un artigo na Lei de medidas fiscais e administrativas, a denominada Lei de acompañamento dos orzamentos autonómicos para 2015, perdoándolle á empresa a execución dos últimos 15 quilómetros da vía, entre Baio e Berdoias, quedando así a autovía recortada dos 45 quilómetros inicialmente previstos a só os 25 km que van de Carballo a Baio, un 35 % menos da lonxitude do proxectado inicialmente e polo que a Xunta aforra só un 17 % do importe total previsto.

O 4 de decembro de 2013 o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, volveu a prometer que a obra estaría lista en 2016 obviando que debería estar no 2013 e reiterou que “o Goberno galego non caerá na postergación, na relegación ou no esquecemento da autovía Carballo-Berdoias” e manifestou que esperaba que “en cuestión de semanas, e co novo ano, se recupere o ritmo das obras”. Tras máis de ano e medio de paralización total das obras, en outubro de 2016 entrou en servizo o tramo Carballo-Berdoias, de 25 quilómetros de autovía e 8 quilómetros de corredor, permitindo á comarca da Costa da Morte reducir en máis de 25 minutos as súas comunicacións coa Coruña.

Na inauguración do tramo en 2016 o daquela presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Feijoo dicía: “Estamos contentos pero non significa que esteamos conformes, contentos pero aínda non conformes, polo que ao mesmo tempo que se pon en funcionamento este tramo Carballo-Zas, a Axencia Galega de Infraestruturas, a Consellería de Infraestruturas, ten enriba da mesa o proxecto construtivo para conectar o final desta autovía co concello de Vimianzo e dende aí entroncar coas vías que conectan Vimianzo coa Costa da morte ata o concello de Camariñas”.

A partires dese ano, vemos como ano tras ano, a Xunta de Galicia incluía nos sucesivos orzamentos autonómicos dotacións plurianuais claramente insuficientes e de distintos importes para levar a cabo a promesa incumplida de rematar a autovía da Costa da Morte, sen que dende entón se tiver avanzado absolutamente nada a pe-sares das



peticións e reivindicacións por parte dos Concellos da Costa da Morte.

A principios deste mes de xuño, o Consello da Xunta deu luz verde ao proxecto de prolongación da autovía da Costa da Morte no tramo comprendido entre Santa Irena, no concello de Vimianzo, e a intersección coa AC-432 en Calo, que enlaza Vimianzo e Camariñas. Esta prolongación terá unha lonxitude de 5,5 quilómetros e parte do trazado xa conta con movementos de terra executados en fases anteriores.

Celebramos esta nova tras as múltiples peticións e demandas levadas a cabo pola alcaldesa de Camariñas, pero tamén queremos volver a reclamar que estamos ante dúas comarcas da nosa provincia, a de Bergantiños e a da Costa Atlántica, que ano tras ano perden poboación a un ritmo demasiado acelerado e sen que por parte da Xunta de Galicia se adopten medidas que teñan un impacto real para frear esta sangría demográfica, sen infraestruturas que vertebran o territorio e sen unha aposta firme polos servizos públicos de calidade nestes concellos.

Por todo o exposto, o grupo provincial do PSdeG-PSOE propón a adopción dos seguintes acordos:

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia

- 1.A que realice todas as actuacións precisas para levar a cabo a construción do tramo da autovía da Costa da Morte que vai de Baio a Berdoias.
2. A que redacte o proxecto necesario para a construción do último tramo Berdoias a Cee.
- 3.A que proceda á supresión da peaxe, que é tamén unha reclamación histórica de toda a comarca.
- 4.A que estableza unha bonificación do 75% na peaxes existentes na AG-55 mentres non se faga efectivo o punto precedente.

Sr. Fernández Piñeiro

Vou dar lectura á exposición de motivos:

A autovía da Costa da Morte foi unha das promesas que o daquela presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, fixo a unha das comarcas máis illadas de Galicia tras o afundimento do petroleiro *Prestige* a finais de 2002, é dicir, hai agora vinte anos, sendo o reequilibrio territorial o motivo principal da súa construción. A dita infraestrutura foi licitada por primeira vez en xullo de 2007 polo Goberno bipartito encabezado polo presidente Emilio Pérez Touriño, e adxudicouse a unha UTE formada por Ferrovial e Taboada y Ramos, que se comprometeu a facela por 584 millóns de euros, pero que, pouco despois de iniciar os traballos a finais de 2008, xa lle dicía ao Goberno galego que non sería capaz de financiarla se non se lle pagaba un 30% máis. A maiores desta licitación, o Goberno de Pérez Touriño deixou elaborado o estudo previo para a redacción do proxecto do tramo de Berdoias a Cee, para así completar a totalidade dunha infraestrutura clave necesaria para veciñanza da Costa da Morte.

Coa chegada do PP á Xunta de Galicia, o novo Goberno rexeitou as pretensións da empresa, rescindíndolle o contrato e licitádoo novamente, lixeiramente modificado en decembro de 2009 e sendo a oferta mellor valorada a UTE formada, entre outras, por



Fomento de Construcciones y Contratas e Copsa, que resultou ser a máis cara, con 979 millóns de euros, é dicir, cun sobrecusto de 395 millóns de euros con respecto á licitación do bipartito. A segunda candidata nesa segunda licitación, unha UTE de Dragados e Puentes que ofertaba a obra por 200 millóns menos, levou o proceso ao xulgado e en setembro do mesmo ano, tres meses despois da denuncia presentada polos socialistas, a daquela directora xeral de Infraestruturas da Xunta de Galicia, Isabel Vila, deixaba o cargo e era asumido pola que máis adiante se convertería en conselleira, Ethel Vázquez, que volveu a licitar a obra por terceira vez en maio de 2011 por 745 millóns, á que só se presentaron dúas ofertas: ACS e a da UTE que resultou finalmente adxudicataria, formada por Copasa Taboada y Ramos, presentes na concesionaria do bipartito, Copsa, participante na oferta do suposto sobrecusto, e CRC.

En abril de 2012, o conselleiro Agustín Hernández fixo unha visita á Costa da Morte para, segundo as súas palabras, “Trasladarlles aos veciños da Costa da Morte que o Goberno da Xunta é o primeiro que apoia a execución da autovía. Estivemos e estamos e estaremos á cabeza desta infraestrutura, que é imprescindible e inaprazable. Trasladarlle á empresa construtora e á empresa concesionaria e aos traballadores o apoio da Xunta de Galicia na execución da obra e na busca do financiamento necesario para a súa execución e manter unha rigorosa tutela e vixilancia do contrato adxudicado, como non podía ser doutro xeito”, ao mesmo tempo que dicía o conselleiro que “quería denunciar a grave irresponsabilidade daqueles que lanzan dúbidas e incerteza sobre a actuación e que o que necesita a comarca é rigor, traballo e certezas, toca apoiar o Goberno para que a obra remate en prazo”. En febreiro de 2013, case dous anos despois da terceira adxudicación, a Xunta informaba o Parlamento de que o grao de execución da obra non tiña superado aínda o 20%, ata que o Goberno galego argumentou que a concesionaria non era capaz de atopar o financiamento ao que se tiña comprometido para poder acometer os traballos e, no canto de rescindirle o contrato, como se fixo ante unha situación similar coa primeira adxudicatura dos socialistas, o Goberno de Feijóo optou por incluír un artigo na Lei de medidas fiscais e administrativas, a denominada Lei de acompañamento dos orzamentos autonómicos para 2015, perdoándolle á empresa a execución dos últimos 15 quilómetros da vía entre Baio e Berdoias, quedando así a autovía recortada dos 45 quilómetros inicialmente previstos a só os 25 que van de Carballo a Baio, un 35% menos de lonxitude de proxecto inicialmente e polo que a Xunta aforra só un 17% do importe total previsto.

O 4 de decembro de 2013, o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, volveu prometer que a obra estaría lista en 2016, obviando que debería estar en 2013, e reiterou que o Goberno galego non caerá na postergación na relegación ou no esquecemento da autovía Carballo-Berdoias, e manifestou que esperaba que, en cuestión de semanas e co novo ano, se recupere o ritmo das obras.

Tras máis dun ano e medio de paralización total das obras, en outubro de 2016 entrou en servizo o tramo Carballo-Berdoias, de 25 quilómetros de autovía e 8 quilómetros de corredor, permitindo á comarca da Costa da Morte reducir en máis de 25 minutos as súas comunicacións coa Coruña.

Na inauguración do tramo en 2016, o daquela presidente da Xunta, o señor Feijóo dicía: “Estamos contentos, pero non significa que esteamos conformes, contentos pero aínda non conformes, polo que, ao mesmo tempo que se pon en funcionamento este



tramo Carballo-Zas, a Axencia Galega de Infraestruturas, a conselleira de Infraestruturas ten enriba da mesa o proxecto construtivo para conectar o final desta autovía co concello de Vimianzo, e dende aí entroncar coas vías que conectan Vimianzo coa Costa da Morte ata o concello de Camariñas”.

A partir dese ano vemos como, ano tras ano, a Xunta de Galicia incluía en sucesivos orzamentos autonómicos dotacións plurianuais claramente insuficientes e de distintos importes para levar a cabo a promesa incumprida de rematar a autovía da Costa da Morte, sen que dende entón se tivera avanzado absolutamente nada, a pesar das peticións e reivindicacións por parte dos concellos da Costa da Morte. A principios deste mes de xuño, o Consello da Xunta deu luz verde ao proxecto de prolongación da autovía da Costa da Morte no tramo comprendido entre Santa Irene, Santa Irena, perdón, no concello de Vimianzo e a intersección coa C-432 en Calo, que enlaza Vimianzo e Camariñas. Esta prolongación terá unha lonxitude de 5,5 quilómetros, e parte do trazado xa conta con movementos de terra executados en fases anteriores.

Celebramos esta nova tras as múltiples peticións e demandas levadas a cabo pola alcaldesa de Camariñas, pero tamén queremos volver a reclamar que estamos ante dúas comarcas da nosa provincia, a de Bergantiños e a da Costa Atlántica, que ano tras ano perden poboación a un ritmo demasiado acelerado e sen que por parte da Xunta de Galicia se adopten medidas que teñan un impacto real para frear esta sangría demográfica, sen infraestruturas que vertebran o territorio e sen unha aposta firme polos servizos públicos de calidade nestes concellos.

Por todo o exposto, propoñemos os seguintes acordos:

- O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a que realice todas as actuacións precisas para levar a cabo a construción do tramo da autovía da Costa da Morte que vai de Baio a Berdoias.
- A que redacte o proxecto necesario para a construción do último tramo Berdoias a Cee.
- A que proceda á supresión da peaxe, que é tamén unha reclamación histórica de toda a comarca.
- E a que estableza unha bonificación do 75% nas peaxes existentes na AG-55, mentres non se faga efectivo o punto procedente.

Penso que na exposición de motivos queda perfectamente clara cal é a motivación –valla a redundancia– que nos fai traer esta moción hoxe a Pleno. É unha demanda histórica da que todos e todas temos coñecemento, que xa tratamos incluso nalgunha outra lexislatura e que, desgraciadamente, ante a falta de avances e como consecuencia do pouco interese ou do nulo interese da Xunta de Galicia ao longo dos últimos anos, temos que vernos obrigados a traer novamente a Pleno en defensa dos intereses e dos dereitos de todos os veciños da Costa da Morte que, en tal caso, pois actualmente non se están a equiparar aos do resto dos galegos e galegas. E voulle dar un dato: eu, dende o meu concello, que está na provincia da Coruña, digamos, non ao norte de todo da provincia, a carón entre Ferrol e a Coruña, lévame o mesmo tempo chegar a Muxía que chegar a Ponferrada. Pois penso que iso é un exemplo que define perfectamente o déficit de infraestruturas ao que están condenados os veciños e as veciñas da Costa da Morte, e que, polo tanto, cómpre que xa, de inmediato, se habiliten as partidas necesarias para rematar con esa inxustiza histórica e para cumprir cunha



promesa feita no ano 2002 polo presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, e mantida anos posteriores polo presidente Feijóo. Desgraciadamente, marchou sen ter cumprida esta promesa, esperemos que o actual Goberno si o faga. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas. Si, Avia.

Sra. Veira González

Si, pois evidentemente desde o BNG imos apoiar esta moción, dado que, ademais, moi recentemente no Parlamento de Galiza fixemos precisamente unha iniciativa que é practicamente igual a esta e que, evidentemente, é unha reclamación absolutamente histórica do BNG, desde hai moitísimos anos, nomeadamente desde 2009 que entra o señor Feijóo, posteriormente Rueda, esta infraestrutura parálizase por múltiples motivos, mais sobre todo pola falta de compromiso do propio Partido Popular con esta comarca. Esta infraestrutura é absolutamente fundamental para asentar poboación, para fixar poboación nestas dúas comarcas, na Costa da Morte e en Bergantiños. É unha reclamación, é un clamor social tanto o remate da infraestrutura como, por suposto, tamén a bonificación, a gratuidade destas infraestruturas. E o que nos chama a atención, e sempre o dixemos, foi como o propio Partido Popular, desde a Xunta de Galiza, acudiu ao rescate de distintas concesións, pero casualmente esqueceu a AG-55, cando é, como digo, unha infraestrutura absolutamente fundamental. Disto xa temos, ademais, falado neste propio salón de plenos, e é o que temos defendido, o que defendemos tamén historicamente desde o Parlamento de Galiza. Polo tanto, a nosa posición é absolutamente clara e cremos que o Partido Popular ten que responder a ese clamor social que hai na Costa da Morte e en Bergantiños. Nada máis pola nosa banda.

Sr. Presidente

Grazas. Si.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Bueno, antes de nada, para que no se tome la molestia a la interpelación que le hice antes, a la pregunta que le planteé: no, no tiene que aprobar el Concello de Ferrol en pleno la solicitud para una nominativa, según regula la ley de bases, en su artículo 10. Lo digo para que a veces decimos cosas aquí y nos equivocamos, y conviene que, cuando una persona hable, se informe o, cuando se equivoca, que corrija su error. Yo me equivoco muchísimas veces y procuro, cuando lo sé, corregir los errores cuando los tengo.

En todo caso, vamos a la Costa da Morte. Un dos obxectivos do Goberno galego é avanzar no artellamento do territorio para acadar unha Galicia cada vez máis comunicada e sostible. Neste obxectivo enmárcanse os investimentos tanto deste ano con esta lexislatura orientados a seguir incorporando progresivamente novos quilómetros de vías de altas prestacións, ao tempo que se destinan orzamentos para o mantemento da rede actual de estradas autonómicas.



No que se refire á AG-55, trátase dunha autovía que se compón de dúas partes: unha primeira que ten as súas peaxes conxeladas; e outra, posta en servizo en 2016, libre de peaxe e executada na súa maior parte. Cómpre indicar que a Xunta de Galicia avanzou ao longo destes anos nunha infraestrutura que, como outras moitas cousas, o bipartito só prometeu, pero foi o primeiro Goberno de Núñez Feijóo o encargado de licitar e poñer en marcha a variante de Sardiñeiro, Cee-Sardiñeiro en 2011 e, posteriormente, levar a cabo, no peor da crise económica, o tramo entre Carballo e Baio e a variante de Baio entre Baio e Santa Irene. Sobre esta cuestión hai que recordar que o señor Touriño puxo as dúas primeiras pedras e a xente da Costa da Morte, cansa da tomadura de pelo que era isto, roubou as pedras, aínda non apareceron. En todo caso, moito anuncio, moita primeira pedra, cero metros de actuación nesta infraestrutura por parte do Goberno bipartito.

Dende 2016, temos en funcionamento a autovía da Costa da Morte, con case 28 quilómetros, que comunica os concellos de Carballo, no que conecta coa AG-55, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e o termo municipal de Vimianzo ata Santa Irene, un vial que supuxo un investimento de case 170,5 millóns de euros e unha mellora substancial en tempo de seguridade para os seus usuarios. O proxecto de construción e prolongación da autovía Costa da Morte, treito Santa Irene AC-432 foi redactado e sometido a información pública o 21 do 2 de 2020 coas seguintes características. O tramo ten unha lonxitude de 5,5 quilómetros, ata a intersección coa AC-432 que comunica Vimianzo e Camariñas, execútase sobre unha traza con parte do movemento de terra xa executado. O orzamento era de 28,3 millóns de euros e actualizouse e actualmente xa en licitación por 36 millóns de euros.

O rescate que fixo a Xunta e Galicia dos contratos de concesión das autoestradas do Salnés, do Barbanza, Ourense-Celanova e Santiago-Brión, todas con peaxes na sombra, non con peaxe na sombra. Convén non distraer a xente, señora Avia, porque a xente non é parva, a xente é máis lista do que un pensa, a xente é bastante máis lista do que moitos de vostedes pensan. Pois, evitando alimentar as peaxes á sombra que se viñan pagando anualmente, supón un aforro de 300 millóns de euros nos orzamentos dos vindeiros anos, axudando a paliar os efectos das amortizacións das concesións. Grazas a esta medida, pode seguir aumentando agora o número de quilómetros de vías de alta capacidade titularidade da Xunta de Galicia e ao mesmo tempo garantir a conservación das estradas coa máxima prioridade.

O novo tramo de prolongación da autovía da Costa da Morte é un bo exemplo diso. En apenas días, someterase a información pública a actualización do proxecto coa idea de licitar a obra antes de que finalice este ano. Por iso, tamén nos chama a atención que, cando este anuncio se fai, veña o Partido Socialista con esta moción, cando están dando os pasos na dirección axeitada e na dirección correcta. A execución deste novo tramo incluírá a construción de dous enlaces e a previsión dun terceiro, tres viadutos, seis pasos superiores, tres pasos inferiores e seis obras de drenaxe. Como estrutura máis singular do proxecto, está o viaduto sobre o río Vimianzo, que permitirá un cruzamento de cerca de 250 metros á altura do quilómetro 7.

O estado actual desta infraestrutura, o Consello da Xunta, o pasado 9 de xuño, deu luz verde a tramitar a súa execución, o proxecto da prolongación da autovía Costa da Morte entre Santa Irene e Vimianzo e a AC-432 que comunica esta localidade con Camariñas. Como dixen antes, serán 5,5 quilómetros, máis que suporán un importante



esfuerzo da Xunta de Galicia polos máis de 36 millóns de euros de investimento o orzamento consignado para o ano 2025 son 8 millóns de euros.

É innegable que hai un compromiso da Xunta do Partido Popular con esta comarca, en concreto con esta infraestrutura. De feito, foi os que fixeron as obras feitas neste momento e o proxecto de ampliación está feita por gobernos do Partido Popular. O demais son un pouco anuncios, como o protocolo do campo de fútbol de Ferrol. Si, exactamente o mesmo. Vostedes propoñen e o campo de fútbol de Ferrol moito me temo, do Galicia de Caranza, que se terá que facer cando nós esteamos gobernando aquí a partir de xullo do ano 2027, porque antes non sei como irá a cousa.

En todo caso, o tema das peaxes, señor Fernández, que veña vostede a falar de peaxes desde o Partido Socialista, manda truco, porque realmente que teñen feito pola transferencia da AP-9 a Galicia? Outra prórroga máis, outro momento que non se transfere a Galicia. As bonificacións empezaron a implementarse este ano. As peaxes da AG-55 levan anos conxeladas e as bonificacións levan en práctica moitísimos anos. E eu poño algúns exemplos para que isto... publicado na prensa, non é cousa miña. Pois, mire, a prensa fai referencia a isto cos seguintes termos: "Entre las bonificaciones que seguirán vigentes destacan los descuentos del 25% y del 50% en trayectos de vuelta para usuarios recurrentes, extendidos hasta 24 horas después del viaje de ida. Esto favorece especialmente a quienes utilizan la autovía con frecuencia para trabajar o acceder a servicios públicos. Además, se mantiene el descuento del 100% en el trayecto de vuelta para familias numerosas y la bonificación del 50% en horario nocturno. Un usuario habitual de la AG-55 podrá ahorrar hasta 368 euros en 2025 gracias a estas bonificaciones, una cifra que asciende a 863 euros en el caso de las familias numerosas".

La Xunta de Galicia es pionera en varias cuestiones. Primera, en congelar los peajes en las autovías de su titularidad. Segundo, en rescatar los peajes en las autovías que estaban pagando los peajes en la sombra, lo cual permitirá una mayor capacidad de invertir y crear más kilómetros de autovía en los próximos años.

Y esta petición que ha hecho de gratuidad de la AG-55, estoy esperando una moción suya en el siguiente Pleno, porque en el Parlamento de Galicia votaban en un sentido, ahora ya no sé cómo va la cosa, y en el Congreso de los Diputados bloquean la transferencia a la Comunidad Autónoma de la AP-9. Ahí es donde nos vamos a ver de verdad, entre tanto, por estas cuestiones, por ser los únicos que hemos apostado en nivel de infraestructuras por la Costa da Morte, por tener un compromiso claro de seguir con esta infraestructura cuando haya recursos para ello, nosotros vamos a votar en contra de esta moción porque no es oportuna justo cuando se acaba de aprobar y se va a licitar la ampliación de esta infraestructura por parte de nuestro Gobierno y, sinceramente, nuestro voto va a ser en contra. Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

Grazas. Si, Bernardo.

Sr. Fernández Piñeiro

Voulle ceder, se me permiten, a palabra ao señor Feijóo. Entendo que non terán problema, é do seu partido. É curtiño, eh?



(Reproducción dunha gravación):

“Hoxe estamos contentos, pero estar contentos non significa que esteamos conformes. Estamos contentos, si, pero aínda non estamos conformes. E por iso, ao mesmo tempo que se pon en servizo esta autovía da Costa da Morte entre Carballo e Zas, a Axencia Galega de Infraestruturas, a conselleira de Infraestruturas ten enriba da mesa o proxecto...”.

Sr. Presidente

Bernardo, non é forma. Replica o que di...

Sr. Fernández Piñeiro

Non entendo por que lle molesta tanto. O que estou sacando é un extracto da TVG onde o señor Feijóo, hai 9 anos se compromete con algo que non está feito. Por que lle molesta? Non estamos falando... Pero eu poderei dicir o que considere oportuno. Vaime coartar vostede, defensor da democracia, o que estou dicindo? Non, o presidente corta en base á súa protesta, porque antes de que vostede saltara non tivo inconveniente. Pero cal é o problema? Non lle gusta escoitar o señor Feijóo prometendo algo que incumpre? Non quere que os demais que estean aquí o escoiten?, cal é o problema? Eu non estou falando de Santos nin de Abalos. Estamos falando da autovía da Costa da Morte. Por que se pica vostede? Por que se pica vostede?, cal é o que lle molesta? Que é o que lle amole... Pero e que? Podo reiteralo, ou vostedes non se reiteran. O señor Lorenzo falou 20 minutos, retirouse moitas veces e respéctoo e fai moi ben, se quere facer fincapé nalgunha cuestión. Cal é o problema? O problema sabe cal é?, que non lle gusta que lle saquen as cores e que lles fagan ver as contradicións do seu partido.

Este señor que xa non é presidente da Xunta, en 2009, en 2009 –e isto é un extracto da TVG, non o saquei eu nin o gravei sen que se dera conta–, en 2009 estaba prometendo algo que agora que pasaron 9 anos, en 2009 non, perdón, en 2016, hai 9 anos, agora que xa non está aquí, quedou sen facer. Hai 9 anos. Por tanto, todo o que dixo vostede, máis que palabrería, non é nada. Nada. O primeiro proxecto de 2008 do bipartito –xa o expliquei antes na moción– vostedes redúceno en 25 quilómetros, con máis custo. Agora anuncian, ademais cunha conexión que di a Camariñas, cando non é Camariñas, é a Calo; non sei, sabe vostede cantos quilómetros hai de Calo a Camariñas? Hai 17 quilómetros. E Calo non está en Camariñas. Sería ben que alguén na Xunta de Galicia e na Consellería polo menos estudara un pouco a xeografía galega, para non facer anuncios que non se corresponden coa realidade xeográfica. Digo eu que iso tampouco lle molestará que o poña sobre a mesa. Ou tamén mo vai discutir?

Vostedes levan desde o 2002 que fixeron unha promesa incumpríndoa. E houbo un pequeno espazo de tempo, entre 2005 e 2009, que veu un Goberno que cumpriu. Porque a autovía que hai actualmente foi licitada, executada, polo Goberno do bipartito, ese Goberno do bipartito que tanto lles desgusta a vostedes, que tanto lles desgusta a vostedes. Ese que tanto lles desgusta a vostedes. Entón, que quere que lle diga? Contésteme, por que non fixeron nada durante estes anos? Que fixeron vostedes entre 2009 e 2025? Que fixeron entre 2016 e 2025. Xa non nos parece ben esta variante, xa o dicimos na moción; 5,5 quilómetros, non creo que sexa moi ambicioso. Explíquelles



vostede aos veciños da Costa da Morte a ver de quen é a culpa, tamén será de Pedro Sánchez seguramente. É que ese é o problema, que son vostedes incapaces de asumir os incumprimentos e, loxicamente, agora mesmo, incluso, se altera vostede porque lle poño o seu xefe de filas, o señor Feijóo, dicindo algo, co argumento de que xa estaba na moción. Bueno, pois non sei cal é o problema, non? A expropiación, ampliación e a explanación e as pontes dese tramo están todas feitas na época do bipartito. Do bipartito, señor Ben.

Repito, poucos argumentos teñen, máis que todo o que nos acaba de falar Meteu vostede as peaxes, di vostede non sei que das peaxes. Home, que quere que lle diga? As peaxes da AP-9 foron ampliadas polo Goberno do seu partido, do PP, do señor Aznar. E este que está, que non lle gusta a vostede nada, é o primeiro Goberno que aplica bonificacións á AP-9, das que se beneficie a vostede cando vén de Santiago a esta Deputación e o resto de cidadáns de Galicia. Porque, se fora por vostedes, nin no Goberno de Aznar nin no Goberno de Rajoy se aplicou ningún tipo de bonificación. Polo tanto, non son os máis indicados para falar de peaxes nas autoestradas galegas. Así que aplíquense o conto. Dean vostedes a AG-55, por que non aplican o mesmo que lles exixen aos demais? Sería importante que o fixeran. E iso non ten nada que ver con que sexa galega ou deixe de ser galega, son cousas moi distintas. Porque seguramente se lla transfiren a Galicia e ten que asumir Galicia o custo de liberar esas peaxes e eliminalas, cousa que eu apoio, xa non estarán vostedes tan de acordo, porque seguramente o que van pedir vostedes ao Estado é que lle transfira esa autovía, pero tamén os cartos para liberala, que vostedes son moi cucos, que xa o sabemos todos. E a min paréceme moi ben, velando polos intereses de Galicia, fan ben vostedes en facelo. Pero neste caso, todo o que dixo vostede aquí non vale absolutamente de nada. Porque hai un dato que é incontestable, e é que os veciños da Costa da Morte están illados por sucesivos gobernos do Partido Popular na Xunta de Galicia en materia de infraestruturas, que incumpre os seus compromisos e as súas promesas, como acabo de amosarlle a través dese vídeo que tiven que cortar porque vostede se enfurecía moito ao ter que escoitar o seu líder. Pero, ben, é o que hai, que quere que lle diga? As cousas son como son e cada un é refén das súas propias palabras, eu tamén, non só o señor Feijóo. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Moi ben. Si, Evaristo.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. En la exposición de motivos está lo que iba... Yo no tengo ningún problema. Yo, igual que el presidente Feijóo, para que quede claro, estoy contento, pero no significa que esté conforme con lo que se ha hecho. Estoy contento, pero no conforme, por lo que al mismo tiempo seguiremos trabajando en esta infraestructura, por lo menos en lo que a mí me dependa. Y estamos contentos de que estos 5,5 kilómetros que vamos a mayores, que se van a construir ahora a mayores. No quiere decir que sean los últimos. Y, según vaya habiendo recursos, seguirá, efectivamente, trabajando en esta zona, que, evidentemente, es una parte fundamental, y tiene que serlo en el futuro, para el desarrollo económico de la provincia de La Coruña, porque nosotros, en el Partido Popular, fuimos los primeros en tener la idea clara de que la locomotora económica, no solo de la provincia de La Coruña, sino de Galicia, es el



área Coruña, Arteixo, Laracha, Carballo, y tenemos que seguir trabajando para llegar al puerto de Brens. Ese es nuestro gran objetivo, como zona transformadora de la economía de la provincia de La Coruña. Y, a día de hoy, la locomotora económica de Galicia es la provincia de La Coruña. Lo digo con claridad y ahí estaremos todos de acuerdo.

Pero, mire, señor Fernández, yo no tengo problema ninguno en que usted aluda a las palabras del presidente Feijóo, pero aluda a ellas, no ponga una grabación. Usted, con las grabaciones, oiga, usted, de verdad, con el tema del espectáculo que hacía referencia antes, tiene un punto de *showman* que yo hasta me puede resultar a veces simpático, pero creo que hay que tomar las cosas con seriedad. Usted aluda al señor Feijóo en lo que quiera, pero no ponga grabaciones del señor Feijóo porque no está aquí, en este hemicycle, para poder interpelarlo directamente.

Pero, mire, hoy ha mentido dos veces en Pleno y le pido que lo reconozca. Miente usted cuando toma por tontos a los compañeros de Ferrol: "Porque cualquier alcalde sabe de aquí, cualquiera de tal que sabe que tiene que presentar un acuerdo plenario para solicitar...". Es mentira en las tres ciudades, es mentira. Tiene que usted informarse y, si no lo sabía, reconocer que estaba equivocado y pedir disculpas. Y pedir disculpas, eso en primer lugar.

Y, en segundo lugar, miente cuando dice usted que esta autovía licitada y ejecutada... Oiga, usted se pasa de frenada, en esta autovía el bipartito no ejecutó nada, nada de nada. Porque bien tuvo que decir usted que hubo que cambiar la licitación *a posteriori*. Oiga, lo que se ha hecho en la autovía de la Costa da Morte lo ha hecho con más o menos acierto, yo creo que con acierto, pero no con todo el acierto necesario; no porque se haya hecho mal, sino porque hay que hacer más, y ahí coincido, según tengamos recursos, lo ha hecho el Partido Popular. Para bien o para mal. Y, mire usted, cada palo que aguante su vela. Nosotros vamos a votar en contra porque es una moción presentada fuera de tiempo, con mala fe y justo después de un anuncio muy importante para la comarca por parte de la Xunta de Galicia.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

A ampliación, a expropiación, a explanación, a ampliación e a construción das pontes do tramo ata a Berdoias fíxose co bipartito. Debía vostede informarse ben, señor Ben, valla a redundancia.

Segundo, eu non teño unha visión do espectáculo neste salón de plenos; o que ten vostede é un problema para asumir as contradicións do seu partido. Que problema hai? É dicir, podo poñelo nun papel e lelo, pero non o podo poñer aí porque non está presente. Pero, de onde saca vostede iso? De que regulamento? De que... Non sei, non entendo cal é o problema. O problema é que vostede non quere que se lle escoite ao señor Feijóo, pois, como mínimo, non sei se mentindo, pero, dende logo, non cumprindo, á vista dos nove anos que pasaron dende que dixo iso, que eu comparto, e a primeira parte da súa última intervención compártoa ao 100%. Nós estamos contentos con esa variante ata Calo, pero o que non estamos é conformes. Parécenos pouco. E parécenos moi pouco, sobre todo tendo en conta que dende 2002, que vostedes prometeron esa



autovía da Costa da Morte, estamos no ano 25, dese período 2002-2025, 19 anos, estiveron vostedes á fronte da Xunta de Galicia sen facer practicamente nada. Sen cumprir esa promesa, porque a día de hoxe é unha realidade que a autovía non chega nin a Fisterra, nin a Camariñas, nin a outros moitos puntos da Costa da Morte. Esa é unha realidade incontestable, gústelle a vostede máis ou menos, dígase a través dun audio, a través dun escrito ou de palabra a oído. Iso é así. Entón, non se escude vostede e intente desviar a atención no audio, porque non ten nada de malo, é un recorte da TVG, e sigo sen entender por que lle molesta a vostede tanto. Pero, ben, en todo caso, que quere que lle diga?, vostedes van votar en contra, porque di que ten mala fe. A mala fe é pedirlle á Xunta de Galicia que cumpra un compromiso e que cumpra coa súa obriga de rematar cunha situación de desleixo e de illamento dos veciños da Costa da Morte. Pois gustaralles aos veciños da Costa da Morte escoitar a vostede esas palabras, dicindo que iso lle parece que é actuar de mala fe. A min paréceme que o que é actuar de mala fe é prometer cousas e non cumprilas. E o que é actuar de mala fe é sacar a colación cuestións que nada teñen que ver cunha moción para ver se así, ante a falta de argumentos que un ten para poder defender a súa postura, pode desviar un pouco o asunto. Pero, ben, a iso eu xa estou moi acostumado. As referencias que me fan vostedes á miña forma de expresarme, de interpelalos e de defender os meus posicionamentos xa estou moi acostumado, non pense vostede que me fai o máis mínimo dano a ese respecto. Pero, ben, en todo caso, despois, na quenda de rogos e preguntas, xa direi o que teña que dicir sobre o que dixó con anterioridade, non se preocupe. Cíngase vostede ás mocións que despois falaremos do que teñamos que falar. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE e 6 do BNG).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

“Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa á reclamación da finalización das obras de construción da autovía da Costa da Morte

A autovía da Costa da Morte foi unha das promesas que o daquela presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, fixo a unha das comarcas máis illadas de Galicia, tras o afundimento do petroleiro Prestige a finais de 2002, é dicir, hai agora vinte anos, sendo o reequilibrio territorial o motivo principal da súa construción.

A dita infraestrutura foi licitada por primeira vez en xullo de 2007 polo Goberno bipartito encabezado polo presidente Emilio Pérez Touriño, e adxudicouse a unha UTE formada por Ferrovial e Taboada y Ramos, que se comprometeu a facela por 584 millóns de euros, pero que, pouco despois de iniciar os traballos a finais de 2008, xa lle dicía ao Goberno galego que non sería capaz de finalizala se non se lle pagaba un 30 % máis.

A maiores desta licitación, o goberno de Pérez Touriño deixou elaborado o estudo previo para a redacción do proxecto do tramo de Berdoias a Cee, para así completar a



totalidade dunha infraestrutura clave e necesaria para a veciñanza da Costa da Morte.

Coa chegada do PP á Xunta de Galicia, o novo goberno rexeitou as pretensións da empresa, rescindíndolle o contrato e licitándoo novamente, lixeiramente modificado en decembro de 2009 e sendo a oferta mellor valorada a UTE formada, entre outras por FCC e Covsa, que resultou ser a máis cara, con 979 millóns de euros, é dicir, cun sobrecusto de 395 millóns de euros con respecto á licitación do bipartito.

A segunda candidata nesa segunda licitación, unha UTE de Dragados e Puentes, que ofertaba a obra por 200 millóns menos, levou o proceso ao xulgado e en setembro do mesmo ano, tres meses despois da denuncia presentada polos socialistas, a daquela directora xeral de Infraestruturas da Xunta de Galicia, Isabel Vila, deixaba o cargo e era asumido pola que máis adiante se convertería en conselleira, Ethel Vázquez, que volveu licitar a obra por terceira vez en maio de 2011 por 745 millóns, á que só se presentaron dúas ofertas, de ACS e a da UTE que resultou finalmente adxudicataria, formada por Copasa, Taboada y Ramos (presentes na concesionaria do bipartito), Covsa (participante na oferta do suposto sobrecusto) e CRC.

En abril de 2012 o conselleiro Agustín Hernández fixo unha visita á Costa da Morte para, segundo as súas palabras, “trasladarlle aos veciños da Costa da Morte que o Goberno da Xunta é o primeiro que apoia a execución da autovía: estivemos, esta-mos e estaremos á cabeza desta infraestrutura que é imprescindible e inaprazable; trasladarlle á empresa construtora e á empresa concesionaria e aos traballadores o apoio da Xunta de Galicia na execución da obra e na busca do financiamento necesario para a súa execución e manter unha rigorosa tutela e vixilancia do contrato adxudicado, como non podía ser doutro xeito”.

Ao mesmo tempo que dicía o conselleiro que “quería denunciar a grave irresponsabilidade daqueles que lanzan dúbidas e incertezas sobre a actuación e que o que necesita a comarca é rigor, traballo e certezas, toca apoiar ao Goberno para que a obra remate en prazo”.

En febreiro de 2013, case dous anos despois da terceira adxudicación, a Xunta informaba ao Parlamento de que o grao de execución da obra non tiña superado aínda o 20 %, ante o que o Goberno galego argumentou que a concesionaria non era capaz de atopar o financiamento ao que se tiña comprometido para poder acometer os traballos; e no canto de rescindirle o contrato, como se fixo ante unha situación similar coa primeira adxudicataria dos socialistas, o Goberno de Feijoo optou por incluír un artigo na Lei de medidas fiscais e administrativas, a denominada Lei de acompañamento dos orzamentos autonómicos para 2015, perdoándolle á empresa a execución dos últimos 15 quilómetros da vía, entre Baio e Berdoias, quedando así a autovía recortada dos 45 quilómetros inicialmente previstos a só os 25 km que van de Carballo a Baio, un 35 % menos da lonxitude do proxectado inicialmente e polo que a Xunta aforra só un 17 % do importe total previsto.

O 4 de decembro de 2013 o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, volveu a prometer que a obra estaría lista en 2016 obviando que debería estar no 2013 e reiterou que “o Goberno galego non caerá na postergación, na relegación ou no esquecemento da autovía Carballo-Berdoias” e manifestou que



esperaba que "en cuestión de semanas, e co novo ano, se recupere o ritmo das obras". Tras máis de ano e medio de paralización total das obras, en outubro de 2016 entrou en servizo o tramo Carballo-Berdoias, de 25 quilómetros de autovía e 8 quilómetros de corredor, permitindo á comarca da Costa da Morte reducir en máis de 25 minutos as súas comunicacións coa Coruña.

Na inauguración do tramo en 2016 o daquela presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Feijoo dicía: "Estamos contentos pero non significa que esteamos conformes, contentos pero aínda non conformes, polo que ao mesmo tempo que se pon en funcionamento este tramo Carballo-Zas, a Axencia Galega de Infraestruturas, a Consellería de Infraestruturas, ten enriba da mesa o proxecto construtivo para conectar o final desta autovía co concello de Vimianzo e dende aí entroncar coas vías que conectan Vimianzo coa Costa da morte ata o concello de Camariñas".

A partires dese ano, vemos como ano tras ano, a Xunta de Galicia incluía nos sucesivos orzamentos autonómicos dotacións plurianuais claramente insuficientes e de distintos importes para levar a cabo a promesa incumplida de rematar a autovía da Costa da Morte, sen que dende entón se tiver avanzado absolutamente nada a pesares das peticións e reivindicacións por parte dos Concellos da Costa da Morte.

A principios deste mes de xuño, o Consello da Xunta deu luz verde ao proxecto de prolongación da autovía da Costa da Morte no tramo comprendido entre Santa Irena, no concello de Vimianzo, e a intersección coa AC-432 en Calo, que enlaza Vimianzo e Camariñas. Esta prolongación terá unha lonxitude de 5,5 quilómetros e parte do trazado xa conta con movementos de terra executados en fases anteriores.

Celebramos esta nova tras as múltiples peticións e demandas levadas a cabo pola alcaldesa de Camariñas, pero tamén queremos volver a reclamar que estamos ante dúas comarcas da nosa provincia, a de Bergantiños e a da Costa Atlántica, que ano tras ano perden poboación a un ritmo demasiado acelerado e sen que por parte da Xunta de Galicia se adopten medidas que teñan un impacto real para frear esta sangría demográfica, sen infraestruturas que vertebran o territorio e sen unha aposta firme polos servizos públicos de calidade nestes concellos.

Por todo o exposto, o grupo provincial do PSdeG-PSOE propón a adopción dos seguintes acordos:

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia

- 1.A que realice todas as actuacións precisas para levar a cabo a construción do tramo da autovía da Costa da Morte que vai de Baio a Berdoias.
2. A que redacte o proxecto necesario para a construción do último tramo Berdoias a Cee.
- 3.A que proceda á supresión da peaxe, que é tamén unha reclamación histórica de toda a comarca.
- 4.A que estableza unha bonificación do 75% na peaxes existentes na AG-55 mentres non se faga efectivo o punto precedente."



Sr. Presidente

Hai unha última moción do Partido Popular en repulsa da corrupción que afecta ao presidente do Goberno, Pedro Sánchez.

4. Moción do PP en repulsa da corrupción que afecta ao Presidente do Goberno, Pedro Sánchez

Vivimos unha das etapas máis escuras en termos de deterioro institucional e de casos de corrupción. As investigacións xudiciais acurralan, por primeira vez en Democracia, á contorna persoal e política máis próximo do Presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez.

A súa muller; o seu irmán; os dous últimos responsables da Secretaría de Organización do PSOE, e polo tanto, os número dous do seu partido; e a persoa que nomeou como Fiscal Xeral do Estado, están inmersos en diferentes dilixencias xudiciais relacionadas con presuntos delitos de corrupción.

Ademais do dano reputacional gravísimo que repercute na máis alta institución executiva do Estado, afóndase nunha situación de crise de confianza nas institucións e na neutralidade institucional sen precedentes na nosa Democracia.

Con todo, lonxe de colaborar coa Xustiza e co esclarecemento dos feitos obxecto de investigación, desde moi diversos ámbitos do Goberno de España, os seus membros e autoridades profiren descualificacións constantes á actividade dos xuíces e tribunais, nun comportamento impropio dun Estado de dereito, democrático e avanzado.

A isto hai que engadir a actitude indulxente de formacións políticas como o BNG, socios de investidura de Pedro Sánchez que, en palabras da súa voceira, Ana Pontón, acusan á Xustiza de incorrer en lawfare na súa loita contra a corrupción en alusión aos casos que están afectando ao PSOE.

Neste contexto, a Presidenta do Consello Xeral do Poder Xudicial, fixo recentemente un chamamento a autoridades e particulares para recuperar o respecto que merecen os tribunais de xustiza e quen os serve, e reclamou o cesamento de calquera presión ou interferencia no labor xudicial.

Máis aló do contexto nacional xeneralizado de vergoña e despropósito, a situación está provocando unha perda de lexitimidade institucional gravísima, a degradación do marco democrático e a ruptura da confianza cidadá no Executivo e nos representantes que o sustentan, feitos que só poden superarse coa inmediata convocatoria de eleccións xerais. Con todo, as recentes declaracións de Pedro Sánchez, ademais dun tufo ditatorial, ofrecen unha mensaxe desoladora: admite que non adianta as eleccións porque o pobo non está con el. Dun xeito implícito recoñece que ten secuestrada a vontade cidadá co único obxectivo de impedir a alternativa de goberno. Nunca antes un presidente afirmou algo parecido, consciente de que se trata dunha actitude de extrema gravidade nun país democrático como o noso.

Esta Corporación, facéndose eco da vontade e opinión da inmensa maioría da cidadanía



que representa, non pode permanecer en silencio ante esta situación que esixe un pronunciamento firme en contra da corrupción, das acusacións e presións realizadas fronte á Xustiza e os xornalistas e en apoio da súa independencia.

É polo que, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporación provincial acorda:

1º- Amosar o seu rexeitamento expreso á corrupción instalada no seno do PSOE, no Goberno de España e na contorna persoal e política máis próximo ao presidente Pedro Sánchez.

2º- Condenar as acusacións realizadas polos membros do Goberno de España e os seus socios atacando á Xustiza e xornalistas que están destapando as tramas de corrupción que rodean a Pedro Sánchez.

3º- Esixir ao Goberno de España a inmediata depuración de responsabilidades políticas derivadas dos casos de corrupción coñecidos nas últimas datas e solicitar dos seus socios nas distintas institucións a revisión dos acordos de goberno ou apoio político.

4º- Requerir ao Goberno de España que, de xeito urgente, adopte as medidas necesarias para garantir a colaboración activa con todas as instancias xudiciais, parlamentarias e administrativas que investigan posibles irregularidades na súa xestión.

5º- Solicitar ao presidente do Goberno de España a disolución das Cortes e a inmediata convocatoria das eleccións xerais para permitir que os españois, a través do seu voto, abran un novo tempo político.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Hay diversas teorías sobre la etimología del término obsceno. Hay quien señala que obsceno es lo que queda fuera de escena. Ciertamente, fuera de escena, entre las bambalinas del escenario público del Gobierno de la nación, se ha desarrollado una corrupción impúdica y, sobre todo, una corrupción miserable. Casos graves de corrupción han salpicado a gobiernos de distinto color a lo largo de la etapa democrática, no voy a ser yo quien lo niegue. Pero nunca, como hasta la fecha, la corrupción se había hecho acreedora de unos adjetivos como los que califican las prácticas descubiertas. Una corrupción que causa vergüenza ajena y no sabemos si vergüenza propia, la exigible vergüenza propia de quienes invistieron de un enorme poder público a los más miserables corruptos. El propósito principal de esta iniciativa es saber si todos los miembros de esta Corporación provincial compartimos el sentimiento de vergüenza y la disposición de reaccionar democráticamente unos desde la distancia con el Partido Socialista Obrero Español y otros desde el interior o desde los aledaños nacionalistas del propio PSOE.



Como las prácticas de corrupción ya no indiciarias, sino manifiestamente evidentes, son obscenas, por natural pudor nos resultaría muy desagradable tener que recordar aquí en este salón de plenos pasajes literales del pornográfico guion escrito e interpretado por la Secretaría de Organización del PSOE, por no referirnos ya a las evidencias de corrupción en el entorno personal del presidente del Gobierno.

No queremos incomodarles a ustedes, a los diputados y diputadas pertenecientes a las organizaciones que dan respaldo a un Gobierno cuyas entretelas están manchadas de corrupción económica y de miseria moral. Les imaginamos avergonzados y avergonzadas sin distinción de género o incluso con prevalencia de género, porque, en los hechos descubiertos, el género tiene mucho que ver.

El género, ¿recuerdan?, esa construcción social e intelectual que advierte de la tendencia de algunos hombres a cosificar y humillar a las mujeres. Les imaginamos avergonzados y avergonzadas porque entendemos que ser socialista o ser de izquierdas no implica ser un corrupto, ni mucho menos un miserable corrupto. Precisamente por ello, les sugerimos, amablemente, que sean coherentes y prudentes en la respuesta que den a esta moción.

Deberían ser coherentes, ustedes presentaron o apoyaron una moción de censura contra un Gobierno basándose en la corrupción de algunos miembros del Partido Popular. Si hoy no aplican un criterio semejante, no solo serán incoherentes, también habrán acabado de decepcionar a los propios y de estafar al conjunto de los ciudadanos.

Y deberían ser prudentes, particularmente usted, don Bernardo. Hoy me dirijo a usted esa expresión, hoy no me dirijo a usted esa expresión que tanto repite como argumento comodín para refutar nuestras propuestas o críticas. Esto es, hoy no me dirija la expresión aquella de “le dijo la sartén al cazo”. Hoy no es el día como para que se identifiquen ustedes con el cazo. Hoy no, no se identifica usted con el cazo ni compare cazos y sartenes. Hoy no nos hablen del PP, no se escuden hoy en el PP. Cada tiempo tiene su afán y del de estos días es tiempo para hablar de las responsabilidades y de las explicaciones del Partido Socialista y de sus socios.

Hoy no nos hablen del PP, no se escuden en el PP. Lo que ustedes piensan del PP ya lo sabemos y lo saben los ciudadanos. Lo que no sabemos ni saben los ciudadanos es qué piensan en A Coruña los diputados provinciales del PSOE y del BNG sobre la salvaje corrupción instalada en el núcleo del Partido Socialista y en el Gobierno de España.

Tienen con la sociedad gallega y española una deuda de rendición de cuentas y de asunción de responsabilidades. Si no la saldan ya, asumirán, aún, más deuda. Háganme caso, no acumulen más deuda, liquiden la deuda que tienen, aceptando las cinco medidas de higiene democrática que proponemos en esta moción.

Si no les preocupa la imagen de España, la desafección de los ciudadanos, el respeto a la función jurisdiccional y a la función de la prensa, en definitiva, si no les importan los perfiles básicos del Estado democrático y de derecho, al menos preocúpense por la historia del Partido Socialista, un partido que nació para vertebrar, junto al Partido Popular, la democracia española. No acaben destruyendo su propio partido, no prolonguen la agonía ni intenten desviar la atención sobre lo que está



sucediendo. Ya, ni sus equipos mediáticos de opinión sincronizada, se atreven a dar la cara por el PSOE y por el Gobierno.

Lo advertía hace unos días un prestigioso catedrático: se puede acabar desvelando una trama criminal mayor de la que ya conocemos con una implicación de otros miembros del Gobierno a título de coautoría o de encubrimiento.

Sean coherentes con lo que predicaron, sean prudentes antes de predicar nuevas excusas; en definitiva, sean humildes.

Les ofrecemos una vacuna, los cinco puntos de esta moción constituyen una buena vacuna. Creo sinceramente que el único punto que podría resultarles menos digerible es el quinto, la disolución de las Cortes y la convocatoria de elecciones, pero si quieren negarse a este punto no lo hagan con el argumento de que gobernaría la derecha. Ese argumento tiene un tufo chavista, un tufo, si me permiten, casi golpista, porque los ciudadanos podríamos llegar a interpretar que, llegado el año 2027, tampoco convoquen elecciones por el temor a que las encuestas digan que va a haber un Gobierno de derechas. En definitiva, denle la palabra a los ciudadanos, denle la palabra al pueblo. Vacúnense contra lo que se puede acabar de descubrir, acepten esta moción. En fin, hemos preferido ser muy respetuosos en nuestra exposición y evitar que suenen en este Salón de plenos las psicofonías de Ábalos, Cerdán, Koldo, Pardo de Vera... o del otro entorno más personal del presidente. Ahora les toca a ustedes ser coherentes, ser prudentes y yo le pediría hasta ser humildes. Nada más en esta primera intervención y muchas gracias.

Sr. Presidente

Moi ben. Si, Avia.

Sra. Veira González

Grazas, señor presidente.

Pois, para comezar, en primeiro lugar, nós repudiamos absolutamente toda a corrupción, toda, señor Ben, toda, a do Partido Popular, a do Partido Socialista, a de quen veña, a de onde veña, dános igual de onde veña. Nós repudiamola. E temos... creo que a nosa carta está ben clara, os nosos antecedentes están ben claros. E os nosos antecedentes din que levamos 40 anos en postos de responsabilidade, de responsabilidade política, de responsabilidade de goberno, sen ningún só caso, sen ningunha soa condena, nin un só cargo condenado por beneficiarse persoalmente, nin a súa contorna, da súa actividade política. E con esa carta de presentación e con eses antecedentes, temos unha autoridade moral moi distinta á do Partido Popular para falar de corrupción. Témosta. E a verdade é que lamento bastante o trazo groso co que vostede fixo a súa intervención.

Mire, vostede dicía que non se lle podía enganar á xente, que a xente era moito máis lista do que nós pensabamos. Home, a súa intención desde logo non vai en coherencia con iso, porque parece vostede que cre que a xente non ten memoria, que a xente é idiota e que non ten absolutamente ningún coñecemento do que pasou nos últimos 10 anos no Estado español, 10-15 anos no Estado español. Vostedes non teñen



autoridade ética nin moral para falar de corrupción, porque podemos falar da Gürtel, por exemplo, das ramificacións da Gürtel, da Operación Z. Podemos falar de tantas cousas! É que, ademais, vostedes naquel momento utilizaron exactamente o mesmo manual de cuestionar a xustiza, de cuestionar os xornalistas e de cuestionar todo o mundo que estaba sacando esas tramas á luz. Por non falar de cousas máis graves que pasaron naquel contexto. Por non falar da Policía patriótica, por non falar de M. Rajoy. Como se lle ocorre a vostede comparar nada con que un presidente do Goberno apareza co seu nome escrito, apareza entre as persoas que percibiron sobresoldos? Como poden falar vostedes coa mínima autoridade moral e ética despois de romper e de destruír discos duros a martelazos? Como poden intentar vostedes facernos crer que falan cun mínimo de autoridade moral ou ética despois do que o Partido Popular fose condenado como organización política, como organización política, que foi condenada efectivamente, e que hai... Si, si que a xustiza dixo que o Partido Popular, como organización política, participaba de todo isto. Si, iso é así, señor Ben, e sábeo absolutamente todo o mundo.

Pero é que, ademais, vostedes exíxenlle, efectivamente, ao Goberno de España a inmediata depuración das responsabilidades políticas derivadas dos casos de corrupción coñecidos nas últimas datas. A min faime graza vostedes que pidan isto agora, cando desde o Bloque Nacionalista Galego pedimos exactamente o mesmo no seu día e vostedes alegaban a presunción de inocencia, alegaban que non había ningún tipo de sentenza, alegaban unha serie de cousas, cando nós do que lles falabamos naquel momento era precisamente dunha cuestión ética, de non actuar desde un punto de vista ético na Administración pública e no goberno das administracións públicas. E vostedes alegaban unha e outra vez a presunción de inocencia. Que eu saiba, todos os casos dos que fixo vostede mención aínda non están xulgados. Non están xulgados, polo tanto, vostedes queren que se depuren responsabilidades antes de ser xulgados os feitos e, cando isto pasaba con vostedes, desde logo demandaban outra cuestión moi distinta. E vostedes reclaman isto porque saben que lles beneficiaría. Entón, aí está o quid da cuestión de todo, non?

Pero a nós dános igual, como dixeran ao comezo, quen cometa os actos de corrupción. Nós estamos pedindo nas últimas semanas tamén que se depuren responsabilidades; quen a faga que a pague. E tamén que se tomen decisións, que aí está a cuestión e o quid de todo, que se tomen decisións reais e efectivas para rematar coa corrupción; reais e efectivas na contratación pública, na lexislación de contratación pública, por exemplo. O que pasa é que vostedes non queren iso, como tampouco queren que haxa outras eleccións. É mentira que o queiran. Vostedes non queren outras eleccións, vostedes o que queren é que as eleccións teñan un resultado concreto que é o único que a vostedes lles vale. A realidade é que vostedes queren unhas eleccións nas que vostedes saian gañadores, gañadores sen que o resto do arco parlamentario poida chegar a un acordo para chegar ao Goberno. Porque vostedes levan, desde que Pedro Sánchez entrou na Moncloa, cuestionando o parlamentarismo e cuestionando a democracia parlamentaria. E levan, desde que entrou Pedro Sánchez na Moncloa, cuestionando o Estado de dereito e o Estado democrático, ese que tanto din defender. Esa é a realidade, señoras e señores do Partido Popular. Non teñen autoridade moral e ética para falar de corrupción, ningunha. Esa é a realidade, nada máis.

Sr. Presidente

Grazas.



Sr. Fernández Piñeiro

Aínda a risco de que lle pareza mal ao señor Ben –non vou poñer ningún audio, pode estar tranquilo–, pero si lles propoño a vostedes que fagan un exercicio, que o fixen eu pola mañá, e meten en Google “O maior caso de corrupción da historia de España”, e Google, a intelixencia artificial, o que responde é que o maior caso de corrupción da historia de España e de Europa, e un dos maiores casos de corrupción de Europa, é a Gürtel. E isto non vou falar de cazos, nin de tixolas, nin moito menos. Iso é incidindo no que acaba de dicir a miña compañeira: non son vostedes os máis indicados para traer esta moción. Esta moción a min pareceríame ben que a trouxera vostede se fora unha moción na que se aludise a todos os casos de corrupción. Non hai que citalos. Todos os casos de corrupción. E houbera o mesmo nivel de exixencia en todos os casos de corrupción, incluso aqueles que afectan a ámbitos familiares, como vostede dixo, non é o único do presidente do Goberno, e outros moitos, pero non, só se circunscribe a un caso concreto de corrupción, un caso concreto, porque só hai un caso concreto de corrupción; o que hai nestes últimos días é un novo actor nese caso, non hai 27 casos que ten o Partido Popular a día de hoxe aínda abertos nos xulgados por corrupción, 27, ademais dese da Gürtel, ademais dese da Gürtel, que é o maior caso, un dos maiores casos de corrupción de Europa, da historia de Europa, pero ben...

Por iso digo eu que, ao final, o problema desta situación, e aí entoo o *mea culpa* como político, os políticos temos o costume de botarnos a corrupción á cara uns aos outros e falar de partidos políticos corruptos e demais, non? E a corrupción, ao final, é das persoas, non é dos partidos. Hai xente moi honrada e moi honesta no Partido Popular, non teño ningunha dúbida diso, tamén no meu partido, no Bloque Nacionalista Galego, e noutras moitas formacións políticas. Igual que hai xente moi deshonesto tamén noutros sectores e que tamén corrompen e son corruptos, e non están dedicándose á política. Loxicamente, cando alguén interfere, por exemplo, na adxudicación dun contrato ou na aprobación dun modificado, hai un corrupto que é un político, hai un corruptor que é unha empresa, pero hai alguén polo medio que está nesas mesas que non é político nin é empresa e que tamén está involucrado neses actos de corrupción. Polo tanto, a corrupción vai coas persoas, non cos partidos.

Pero, dito isto, que é unha reflexión que deixo sobre o aire, é importante tamén que un sexa coherente co que di. E eu condeno a corrupción en todos os casos, eu pido que actúe a xustiza con todo o peso da lei sobre estas persoas se ao final se demostra que cometeron algún tipo de delito. É verdade que na súa moción a palabra presunción non existe en ningún momento, vostedes xa condenan. Fai vostede unha referencia á moción de censura, e lémbrolle que a moción de censura prodúcese despois de que haxa unha condena, condena, ao Partido Popular, ao Partido Popular, por un caso de corrupción da Gürtel; ao Partido Popular, non a unha persoa, ao propio Partido Popular é ao que se condena a título lucrativo como consecuencia da Gürtel. Polo tanto, isto non é para botarllo á cara a ninguén, é un dato obxectivo. A moción de censura instrumentalízase unha vez que hai unha condena ao Partido Popular, que despois, creo que foi no ano 2020, foi ratificada novamente pola Audiencia Nacional. Polo tanto, a min encantaríame que vostedes falaran de corrupción nestes termos, e que esta moción, que eu a votaría sen ningún tipo de problema, pois estivera dirixida a todos os casos de corrupción en xeral. E que achegase medidas xa non só desde o punto de vista que vostedes expoñen aquí, senón que incluso se aceptaran emendas do tipo de investir máis en educación, porque, ao final, a única forma de contrarrestar parte da corrupción é



educando a sociedade. Esa é a clave para gran parte das cousas. Pero, claro, cando vostedes só falan dunha corrupción concreta, cando vostede utiliza palabras grandilocuentes para dicir a corrupción na que está sumida o partido, o Goberno do Estado, todo, este é o peor caso de corrupción da historia, claro, é que iso non é verdade. E iso –e é un consello que dou– réstalle a vostede credibilidade, porque efectivamente hai un presunto caso de corrupción. Pois dígaos vostede con toda claridade, pode citar esas persoas, pode falar dos audios, pódemos botar en cara, a min non me parece mal ningún, incluso pode poñelos a través do micrófono, tampouco me molesta. Pero caer na exaxeración o que fai é deixar en evidencia as ganas que teñen vostedes por presentar un Goberno como algo que non é. E, sobre todo, ese rancor que amosan despois de toda esa fase que tiveron vostedes de corruptelas. É dicir, hai un Goberno, que é o Goberno máis corrupto da historia, que ten 12, 12 exministros procesados xudicialmente, que é o do señor Aznar. Ese señor que se manifestaba o domingo, hai un par de semanas, en Madrid contra a corrupción. Ao lado de M. Rajoy. É dicir, é tal desfachatez de traer unha moción destas características, sinceramente, eu só podo definilo como un papelón para vostedes, porque non pode ser cómodo, non pode ser cómodo con toda a mochila que levan detrás traer unha moción destas características.

E, repito, se fora vostede máis comedido nas acusacións, se fora vostede en plan, oe, unha moción na que solicitamos que actúe a xustiza con todo o seu peso sobre as persoas que pertencían ao Partido Socialista –que pertencían, por certo, que logo farei unha aclaración sobre iso–, que pertencían ao Partido Socialista, pero que naquel momento, cando supostamente e presuntamente cometeron eses delitos, pertencían, tiñan cargos de alta responsabilidade no meu partido, pois que actúe contra eles, efectivamente, eu votaría esa moción sen ningún tipo de problema. E, se engadira vostede un segundo punto no que dixerá que actúe contra todos os casos de corrupción e que todos os presidentes, sexa cal sexa, presenten a súa dimisión e convoquen eleccións porque hai unha persoa da súa familia ou do seu círculo íntimo imputado, estaríamos todos de acordo. Pero como non lle vou dicir o da tixola ao cazo? Se vostede ten unha presidenta autonómica que está nunha situación que todos sabemos cal é, vivindo cun señor que confesou –aínda que agora queira darlle a volta– que tiña delinquido. E por que non lle aplica o mesmo criterio e o mesmo baremo que ao señor Sánchez? Por que o que vale para unha persoa que está imputada, que é a muller do presidente do Goberno, e para outro señor que tamén o está e, ademais, recoñeceu ter cometido o delito, por que non é igual para os dous? Por que non é igual para a vicepresidenta da Asemblea de Madrid, que ten tres imputacións por cohecho, prevaricación, asociación indebida, por que non vale tamén para ela? E eu o que pido é que se actúe coa mesma contundencia dende o punto de vista xurídico, aí penso que non hai grandes dúbidas, pero tamén dende o punto de vista político con toda a corrupción.

E despois hai unha cuestión, señor Ben, a forma na que os partidos se enfrontan aos casos de corrupción –do que ningún está exento, ningún, porque iso é condición humana, ningún– é o que marca a diferenza. E pódolle poñer incluso co meu propio partido. Eu lembro, cando salta todo o da Gürtel, hai unha comparecencia do presidente daquel momento, do señor Rajoy, que di: “esto no es una causa del PP, es una causa contra el PP”. Ese foi o que dixo el, ante a Gürtel, con todas as condenas que houbo despois, co de “Sé fuerte, Luís”, con M. Rajoy, etc. Iso foi o que dixo.

Anos antes, eu tamén lembro, noutros casos de corrupción, o expresidente do meu Goberno, ou do meu partido, o señor González, despedindo nas portas do cárcere a



Vera e a Barrionuevo. Ben, pois tampouco me gusta esa forma de afrontar a corrupción. E agora vexo o presidente do Goberno saíndo pedíndolles desculpas aos cidadáns, bloqueando un ordenador para que non se poidan borrar os datos, e loxicamente, imaxino que non sei se retirarían os martelos que podía haber nos almacéns de mantemento de Ferraz para que ninguén tivera a tentación de desfacelo a martelazos, pois esa é a diferenza entre uns e outros.

Unha vez que se destapa o caso de corrupción, pouco máis se pode facer que poñerse á disposición da xustiza, entendo eu. Non sei se hai algo máis. Ben, si que hai algo máis: expulsar esa persoa e exixirlle que dimita. Hai moitos, 37 cargos nesas 27 causas que están abertas, xudiciais, de corrupción de xente que está no Partido Popular –como dixeran antes, outra é moi honrada e poño a man no lume por eles, pero outros non– que seguen militando no Partido popular. Hai uns días, falando de audios, escoitamos a señora de Cospedal dicir que a un fiscal había que matalo. Segue militando no Partido Popular a señora Cospedal? Alguén lle pediu que dimitise, que marchase do partido? Alguén a expulsou do partido? Expulsouse os moitos condenados ou encausados do Partido Popular? Pregunto, non o sei. Pregúntolle a vostede. Igual, non sei, igual tampouco o sabe. Pero, ben, se non o contesta hoxe, pode contestalo noutro momento. Pois esa é a diferenza.

Entón, se somos honestos, modifiquemos esta moción, fagamos unha causa *belli* contra toda a corrupción de todas as formacións políticas e en todas as súas clases, e entón aí empezaremos a falar. Pero non veña vostede aquí a tirarnos a corrupción á cara aos que estamos desta bancada, porque, home, non é o máis indicado. E non lle vou recordar nada de Pablo Crespo, que quere que lle diga? Claro, é que... de que imos a falar? Por iso que, para evitar ese espectáculo que non é nada gratificante para todos e todas, partamos da base de que a corrupción se combate con leis. E se combate tamén con educación. E a corrupción está nas persoas, é un compoñente –o negativo, digamos– do factor humano. E ninguén pode responder polo 100% das persoas que o rodean. De feito, póñolle un exemplo, poñíao o outro día, hai xente que casa pola Igrexa e promete ante o representante de Deus na Terra que é para toda a vida, e moitas veces todos sabemos o que pasa. Polo tanto, se nin sequera nese caso, que inflúe na eternidade, somos capaces de cumprir aquilo que dicimos e de responder por todos aqueles que nos rodean, moito menos neste tipo de actividades que son moito máis complexas e, desde logo, dende o meu punto de vista, como digo, é unha cuestión que depende de persoas, non de partidos. Polo tanto, se somos un pouco máis coherentes, faremoslle un gran favor a esta sociedade e a este país, non teño ningunha dúbida. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Evaristo.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Bueno, antes de responder, como ya intuyo un poco por dónde iba a ir su respuesta, ya tenía la réplica un poco adelantada, no he de mentirle, pero solo hay un matiz: usted habla de la educación, invertir en educación para que la gente no sea



corrupta. Yo creo que es una cuestión de educar, educación en casa. Hay ciertos valores y principios que se educan y se enseñan en casa. En los colegios se forma a la gente y se la prepara para tener conocimientos y afrontar la vida a nivel profesional, etc. Pero educar hay que educar en casa. Solamente es una apreciación. Desde luego va desde mi punto de vista.

Pero, en todo caso, es que me lo pone muy fácil. Tengo aquí escrito: Bernardo, papelón. ¿Recuerda cuando me decía usted papelón? No, pero me lo ha vuelto a decir ahora. Cuando, para cuestionar nuestra exposición, la de este grupo, parecían indefendibles, dice usted lo de papelón. Pues aplíquese hoy usted, don Bernardo; papelón, pero papelón. Pero, en su caso, es un papelón vinculado al encubrimiento de la corrupción, el peor de los papeles o papelones. Porque, cuando hablamos de un partido, yo creo firmemente que tenemos que salvar al Partido Socialista de sí mismo, porque el Partido Socialista es importante para la alternancia política en España. Pero el Partido Socialista hace tiempo que no existe. Se le ha ido lo del "OE" y se ha quedado en el "PS", Partido Sanchista, es así. Sálvense ustedes de su final anunciado. Por favor, vuelvan a ser un partido confiable, un partido al que los ciudadanos se puedan girar y confiar en él, no solo en el concepto mesiánico y adanista del líder. Más allá del líder ¿qué hay? Pues más allá del líder ya vimos lo que había, ya vimos lo que había. Y no quiero, ya lo dije, que no iba a hacer mención a esas personas ni lo quiero hacer. Pero, por favor, háganse un favor a sí mismos y hagan un favor al conjunto de los españoles y vuelvan a ser un partido confiable. Es importante, es fundamental, y se lo digo desde el Partido Popular. Nosotros queremos que la alternancia política y la alternativa al Partido Popular sea el Partido Socialista, pero se lo pedimos de verdad.

Yo en mi primera intervención le he ofrecido la posibilidad de apartarse del escenario de corrupción, pero ha preferido embarcarse en él, no distanciarse. Ha preferido, en cierta manera, el encubrimiento. Se ha referido a causas de hace muchos años que a mí me producen también cierta repulsión. Yo también podía hablarle aquí de Filesa, Malesa, Time Sport, pero no lo voy a hacer, es que no tiene sentido. Hoy estamos en el momento actual y en las circunstancias actuales y tenemos que afrontarnos a la situación política que existe en España hoy, junio, casi julio del año 2025. Lo demás, pues, mire usted...

Miren ustedes, están revolviéndose dialécticamente en una charca infecta. Háganme caso, dejen de revolverse y salgan discretamente de la charca. Con Sánchez no están ustedes en tierra firme, están en una ciénaga y, cuanto más se revuelvan y se remuevan en esa ciénaga, más se van a hundir. De verdad, ¿están dispuestos a poner la mano en el fuego por el señor Sánchez, como hizo previamente varios ministros del Gobierno de España, poniendo la mano en el fuego por el señor Cerdán? Y yo se lo digo, y lo siento, lo hago sin mala intención, pero lo hago, señora Capelán, señor Rioboo, señor Almeida, señor Lage, señora García, señora García, señor Leira, señora Rodríguez, señor Fernández, ¿ponen ustedes la mano en el fuego por el presidente que iba en el Peugeot?, ¿ponen hoy aquí públicamente, afirman y ponen la mano en el fuego por presidente Sánchez? Y yo le digo...

Si te tranquilizas, amigo, y si no, en la siguiente vienes para aquí de diputado y aquí hablas lo que quieras. Si no, si no te importa, bueno, pues calma, amigo.

Digo, don Valentín, ¿pone usted la mano en el fuego por el presidente que iba en



el Peugeot?, ¿la pone? Por cierto, presidente, usted en su momento concedió una carta blanca, irresponsable y desleal con Galicia, al señor Sánchez cuando en Oroso dijo aquello: “Pedro, haz lo que tengas que hacer”. Aún retumba. Tiene hoy la posibilidad de enmendarse y de cambiar el subjuntivo por el presente de indicativo y decirle “Pedro, haz lo que tienes que hacer, vete y convoca elecciones”.

Respecto a usted, señora doña Avia, pues, mire, papelón también. Porque, claro, el otro día por la mañana, previo a que salieran todos estos audios que realmente yo... es que empecé a escuchar uno y lo corté. Parece tan chusco, tan repugnante y tan asqueroso que no merece la pena ni escucharlo, porque es de verdad lamentable, lamentable a niveles elevados a *n*. Pero ese día, antes de cuando fue el gran brote, escuchamos por la mañana a la señora Pontón referirse a lo que estaba pasando en España con *lawfare*. Podemos estar ante un caso *lawfare* de acoso xudicial a tal..., oiga, sale todo esto y por la tarde sale desmintiendo todo. Bueno, realmente hay que pedir explicaciones. Oiga, por favor, los políticos, hagamos política y dejemos a los jueces hacer justicia. Es que se trata, es tan claro como eso, la separación de poderes. No es nada nuevo. ¿A quién le molesta que haya separación de poderes?

Por favor, y mire, el problema de todo esto es que su jefe, el que manda en el BNG de verdad, el señor Rego, allá lo tienen en Madrid, desde allí dirige. Usted dice que los dirigen desde Madrid al PP. A ustedes sí les dirigen desde Madrid el presidente de la UPG, el señor Rego es el que manda, de verdad, y es el que manda en Pontón y Pontón dirige, desfila directita por donde manda el señor Rego. Y eso lo sabemos todos los gallegos. No hay que ser muy listo para saberlo. Pero dijo que antes de un gobierno del PP, de la derecha y la ultraderecha, cualquier cosa. Pues esas son las cosas que ustedes van a tener que explicar a los ciudadanos en Galicia. Antes que gobierne o que los ciudadanos elijan libremente en las urnas. Nosotros no pedimos que pongan a ustedes al PP en el Gobierno. Nosotros lo que pedimos es que los ciudadanos elijan libremente a aquellos que les quieren representar, ni más ni menos, y que los ciudadanos elijan libremente. Ustedes no quieren eso. Cualquier cosa antes de un gobierno de la derecha y la ultraderecha. Eso lo ha dicho su jefe y, mientras su jefe diga eso, pues ustedes desfilan todos, *manu militari*, como pasa en el BNG históricamente, eso es así.

Yo repito, hay muchísimos socialistas, en general yo considero que la gente que milita en el Partido Socialista es gente honrada, gente decente, que a mi juicio, políticamente, están equivocados, permítanme la chanza, pero gente que efectivamente hace lo mejor o intenta hacer lo mejor por su pueblo, por la gente a la que representa, pero el camino en el que están metidos es un camino incorrecto y yo le pido que enmienden, cambien y corrijan lo antes posible. Nada más y muchas gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Mire, en primeiro lugar, non se preocupe vostede polo presente e futuro do meu partido. Levamos case 150 anos neste país e pasamos por momentos moi difíciles. Incluso momentos nos que ser deste partido che custaba a vida. E, aínda así, non desaparecemos, señor Ben. Incluso moitas das persoas que deron a súa vida seguen a día de hoxe aquí en Galicia enterrados nas cunetas porque o seu partido se nega, por exemplo, a dedicar recursos para poder levantalos e entregalos ás súas familias.

Polo tanto, a preocupación sobre o meu partido e a súa pervivencia no tempo, non



se preocupe vostede, porque, afortunadamente, polo menos os que estamos deste lado, temos firmes conviccións e valores que son os que nos fan estar aquí. Outros teñen outras noutros sitios, dende logo non son coincidentes coas nosas.

E despois eu lamento -e dígo en serio- profundamente que siga vostede deslizando pola hipérbole, e pola exaxeración, e polo ataque e por poñer este caso, este caso, singular, que é noxento e aberrante de corrupción, como o único caso de corrupción deste país. E lamento moito que o faga, honestamente llo digo. Porque non queren entrarlle ao trapo, e é verdade, fala vostede de Fíles, de habla, di vostede “los casos del pasado”, non, pero non só hai casos do pasado, tamén hai casos do presente. Xa lle dixen, 27 causas por corrupción de xente do Partido Popular que a día de hoxe non foi expulsada do seu partido. Nin sequera dada de baixa temporalmente; 27 casos con 36, se mal non recordo, ou 33 persoas, militantes do Partido Popular, cargos do Partido Popular, algúns deles altos cargos. Actualidade, non falo do pasado, señor Ben. Claro, que vostede sempre pon a venda antes da ferida. Xa empezou a intervención, que curioso, eu hoxe non podo poñer vídeos, non podo falar da corrupción do PP, non podo citar o PP. Vostede chega aquí e dinos o que podemos facer. O vídeo, como non lle gusta escoitar a Feijóo, protesta e fai espaventos aí para que non o poida poñer.

Empeza a súa intervención dicindo que no hable del PP, que no hable de la corrupción del PP. Home, eu falarei do que me dea a gana a min, non do que diga vostede. O que pasa é que vostede por que non quere nada diso? Porque sabe o que vai escoitar, e o que vai escoitar non é o que lle diga eu, o que vai escoitar é un golpe de realidade que é tan grande como un tren. Entón non están vostedes para dar ningún tipo de lección, porque a día de hoxe, a día de hoxe, no presente, seguen inmersos no seu partido en moitas causas de corrupción. E expliquei antes: está vostede a emendar a moción, disposto a emendala e quitar as referencias, porque di vostede... á parte, ás veces as palabras son importantes, como traicionan o subconsciente. Dixo vostede cinco medidas de hixiene democrática nesta moción; non, será de hixiene socialista, porque vostede só fala dun partido concreto e dun caso concreto de corrupción, neste caso dunha persoa na que mete tamén as cuestións familiares do presidente do Goberno, que está por ver como acaba todo iso.

Hixiene democrática non é iso. Hixiene democrática será que todos aqueles que delincan, que comentan presuntos delitos de corrupción, estean metidos tamén na moción. Cando vostede só mete a moción nun lado e por iso que quere. E despois fala vostede da alternancia, que me encanta moito escoitalos a vostedes falar diso, dos valores democráticos que teñen, pero todos sabemos que iso é unha trapallada. Que vostedes, se puideran, terían gobernado neste país por séculos, de forma ininterrompida, ademais. Só hai que velo co que levan dicindo deste Goberno desde o primeiro día, que era un goberno ilexítimo, un Goberno saído do Parlamento. Cuestionaban vostedes o noso marco constitucional en base ao que se decide e se elixe a ese Goberno. E seguen vostedes facéndoo a día de hoxe. Polo tanto, non sei, é que, claro, teñen vostedes presidentes autonómicos, algúns deles, agora xa non están, como o señor de Murcia, tamén, acusados, teñen presidentes autonómicos que están inmersos en situacións similares e non teñen o mesmo nivel de exixencia. Por iso, non son cribles, nin para nós, nin para ninguén fóra. Se vostede pensa que con isto van ganar algo, e xa non vou falar do cuestionamento que fan vostedes constantemente das institucións sempre que non gobernan, lévano facendo moitos anos, teñen vostedes un pequeno déficit democrático, señor Ben, que outros non temos. Nós non cuestionamos durante anos cando



governaban vostedes moitas institucións deste país, cousa que vostedes si fan. Agora, onte mesmo, o señor Feijóo: “La amnistía es corrupción”. Dá igual o que diga o Tribunal Constitucional, porque está trufado –dixo– de cargos políticos. Pero, a ver, o Tribunal Constitucional lévase elixindo da mesma maneira dende que hai democracia. Por certo, está establecido nesa Constitución tan bonita que vostedes só lles gusta dependendo do día. Se son tan constitucionalistas, terán que aceptar cal é o mecanismo de elección deses xuíces e cal é o funcionamento. Vostede pon en cuestión –ben, vostede, o seu partido– as deliberacións dese xuíz, incluso, ben, pois, polo feito de, por quen están escollidos, cal é o resultado desas sentenzas. Polo tanto, entendo, aplicando a mesma norma, que os que están elixidos por vostedes pois tamén terán un criterio político.

Polo tanto, é tal o absurdo da súa intervención hoxe e o absurdo do posicionamento do seu partido que é, a primeira vez, nesta Deputación que se trae algo como isto a Pleno. A primeira vez, nunca, nunca! Nin cando a Policía Nacional, recórdolle, entrou nesta Deputación, se trouxo unha moción a Pleno destas características. Nin naquela época, nunca. E mire que houbo casos de corrupción ao longo e ancho, desgraciadamente, da historia do noso país e de Galicia. O que pasa é que vostedes están desexosos de que haxa esa convocatoria electoral porque pensan que van chegar ao poder, que é o único que lles interesa. Non lles interesa nin a corrupción, non lles interesa nada diso. O único que lles interesa é chegar ao Goberno porque non asumen, como non asumiron cando ganou o señor Zapatero as eleccións e mantiveron aquela falacia absurda e miserable moralmente falando do tema dos atentados, do 11M, e de ETA, etc., e sempre fan o mesmo, sempre cuestionan a lexitimidade do noso sistema democrático, dos partidos, etc., e agora xa desliza nos últimos días, con moi pouca vergonza, ese tema del pucherazo en las elecciones por un comentario absurdo, absurdo, dun audio que, xa sabemos todos que non andaba o señor Koldo por toda España metendo sobres nas urnas nunhas primarias. Pero tamén están vostedes para falar diso. Dicía moi ben o outro día alguén que lles recordaba que había un sitio onde votaban os mortos. Ou no meu propio concello, onde carretan a xente que está nunha situación psicolóxica e mental que non é apta, non sabe o que está facendo. E iso eu denuncieino, no ano 2015. Igual por iso tamén perderon as eleccións do meu concello naquela época, por como se carretaban anciáns dunha residencia de anciáns por parte de interventores do seu partido que non sabían nin onde estaban. Polo tanto, leccións de democracia, de respecto ás institucións e a todo o que nos rodea do seu grupo, ningunha. Eu admítolle a vostede as reflexións que fai sobre a corrupción naqueles puntos nos que coincido, e coincido nalgúns dos que vostede dixo. Agora vir aquí a ese tú, más tú, e presentar isto como es que esto es el único caso que merece adoptar una serie de medidas, cuando hay otros que no lo merecen, pois que quere que lle diga? A min, fronte a min, non lle resta ningunha credibilidade porque xa non a ten, pero fronte aos que nos escoitan, máis alá deste Pleno e desta Deputación, xa lle digo a vostede que moita. E este país merece un Goberno bo e seguramente mellor que o que temos, pero tamén merece unha oposición boa e moitísimo, tremendamente mellor que a que temos na actualidade. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Ya para finalizar, solo dos cuestiones en las que yo creo que usted está equivocado. No sé si fuera sabiendas habría mentido. Si no, se ha equivocado, simplemente podemos corregir. Y ahora hay la tercera, no hay dos sin tres. Google, inteligencia artificial: el caso de corrupción más grande de España por importe económico



es el caso ERE de Andalucía, con un desvío de más de 679 millones de euros de fondos públicos. Este caso involucró el uso indebido de fondos de la Junta de Andalucía para beneficiar a empresas, trabajadores y sindicatos afines al PSOE. La cantidad defraudada, el número de implicados, la alta responsabilidad política y la cantidad de juicios que generó lo convierten en el mayor caso de corrupción política de España por su impacto económico.

Esto, simplemente, mirando aquí, me lo ha pasado un compañero, porque yo estas cosas no creo mucho en ellas. Yo lo único que digo es, si vuelve a hablar usted, volveré a hablar yo, porque la moción la he presentado yo y voy a cerrarla yo, como han hecho los casos precedentes. Entonces, simplemente digo, no me ha contestado a lo de si pone la mano en el fuego, tampoco se lo voy a decir más, porque creo que no me gusta, no me gusta tampoco ahondar en estas cuestiones. Yo creo que esto va a traer más cola, todo hace indicar que sí, y ojalá acabe lo antes posible por el bien de España y de los españoles. Es lo único que digo. Nada más. Gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 diputados/as (PP)

Votan en contra: 16 diputados/as (10 do PSOE e 6 do BNG)

Abstéñense: ningún/ha diputado/a

Decae a moción.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Algún rogo?

Sr. Ben Otero

Una pregunta y es un ruego también, a su vez. La pregunta es cuándo se van a empezar a desbrozar las carreteras provinciales. Por lo que sabemos, no se ha empezado el desbroce de las mismas. Ya el año pasado había un problema con esta cuestión, que había quedado el contrato, bueno, en las circunstancias en que había quedado, finalmente a final de año salió el asunto para adelante, ya no vamos a incidir en aquello, pero es que a día de hoy las carreteras provinciales están en un estado bastante preocupante, sin desbrozar, por no decir lamentable, que en muchos casos también, pero creo que es importante iniciar el desbroce, ya creo que vamos tarde, va a empezar el mes de julio y, oiga, esto llama la atención, los alcaldes se han referido a nosotros en este tema y los portavoces, pidiendo que, por favor, la pregunta es cuándo y el ruego es que se haga lo antes posible y con la mayor diligencia, porque creo que ya es tiempo de hacerlo. Gracias.



Sr. Presidente

Si, Mónica.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Moi bo día a todos e a todas. E vou responder a este rogo e a esta petición. Por un lado, informar que xa se firmou o contrato e que xa se iniciou a limpeza. É certo que empezaron esta semana, dada a tramitación necesaria, pero teño constancia de que nalgunha estrada xa se empezou estes días. E, loxicamente, vaise facer á maior brevidade posible. Creo que o comentei no Pleno anterior, pero volvo dicilo: foi algo que creo que tanto desde Vías e Obras como desde Contratación se fixo á maior brevidade posible, pero houbo o inconveniente que coñecemos con este recurso que se presentou no Tasgal e, ben, os trámites e os procesos e os tempos son os que son. Entón, ben, pois iso, a verdade é que non foi de agrado, pero tivemos que respectalo, acatalo e esperar a que houbera esa sentenza para poder así continuar coa tramitación administrativa. Reitero, seguirase o proceso dos desbroces para facer á maior brevidade posible, de acordo? Moitas grazas. Pido desculpas a todos os concellos que estamos sufrindo esta demora, pero si que nos comprometemos a que se vaia facendo o máis áxil posible. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Antes que me dixo o señor Ben de ter mentido, eu non mentín en ningún momento. Pódome ter equivocado, pero mire, neste caso, para as grandes cidades as peticións, é verdade, autocorríxome ou autoeméndome, ten que ser por Xunta de Goberno. O 3 de outubro de 2023, o que chega a esta Deputación –téño aquí, se quere pódollo ensinar– foi unha petición asinada por unha concelleira. Un escrito sen máis, dirixido á Deputación asinado por unha concelleira. O 5 de novembro de 2024 entra unha solicitude feita por decreto da Alcaldía. O 10 de xaneiro de 2025, ante a inacción por parte do Concello de Ferrol de toda a documentación que se lle solicitaba, péchase o expediente. E o 17 de febreiro, é dicir, un mes e pico despois, o Concello de Ferrol, por fin, manda a aprobación do proxecto por parte da Xunta de Goberno Local. Cando un non ten maiores argumentos para defender algo que é indefendible, quedamos coa anécdota. Vale, non era o Pleno, era Xunta de Goberno, moi ben, pido desculpas. Pero non se presentou nada, porque o que hai presentado, ao que se aludía na intervención da representante do seu grupo, foi todo con posterioridade ao 10 de xaneiro de 2025, cando xa se pechara o expediente, 452 días e 21 horas sen presentar nada; non é responsabilidade desta Deputación. E eu considero, neste caso, non minto a sabendas.

Sobre a última referencia que fai vostede á mentira de Google, é vostede o que está manipulando o que eu dixen. Dixen: “busque vostede en Google el maior caso de corrupción de la historia de España”. Iso non foi o que buscou vostede; vostede o que buscou é: El mayor caso de la corrupción de la historia de España en base base al acuerdo económico... Non, non, non. O maior caso da corrupción da historia de España, se vostede o pregunta así, que foi o que dixen eu, non o que di vostede, o que pasa é que vostede buscou un matiz para ver se podía desmontarme, é o que eu dixen, e dío aquí claramente: “el caso Gürtel, también conocido como operación Gürtel o trama Gürtel, es el nombre con el que se conoce una investigación iniciada en el 2027 por corrupción, tal, que se considera el mayor caso de corrupción de la historia de España y



uno de los mayores de Europa”.

Polo tanto, cando vostede busque cousas en Google ou llas pase algún compañeiro, que faga o favor de buscar o que eu digo que busquen, non o que a vostedes lles interesa, porque eu fixen, loxicamente, unha afirmación que manteño e que me respalda. Polo tanto, pediríalle que, cando dea argumentos, non manipule o que din os demais ou terxiverse, porque iso deixa a vostede en evidencia e non llo aconsello. Nada máis. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Bueno, muchas gracias.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 15:13 horas.